



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X leislatura
Serie Pleno
Número 50

Sesión Plenaria
22 de novembro de 2017

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.114121 (10/PNP-001164)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula, e trece deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para trasladar ao Goberno do Estado a necesidade de modificación da Lei xeral da Seguridade Social para mellorar a situación das persoas afectadas pola xubilación anticipada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 165, do 30.08.2017

4.2 17218 (10/PNP-001298)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María de la Concepción e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a posta en marcha polo Goberno galego dos medios necesarios para posibilitar o acceso gratuíto da cidadanía a todas as catedrais que recibiron nalgún momento achegas económicas de carácter público

Publicación da iniciativa, BOPG nº 182, do 27.09.2017

4.3 17688 (10/PNP-001320)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e catro deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa aplicación das medidas reflectidas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 187, do 05.10.2017

4.4 19444 (10/PNP-001438)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e seis deputados/as máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do impulso das medidas necesarias para a celebración o 6 de decembro de 2018 do cuadrexésimo aniversario da Constitución española de 1978, así como a posición do Parlamento de Galicia en relación cos actos conmemorativos que están a promover e coordinar as Cortes Xerais para a súa celebración

Publicación da iniciativa, BOPG nº 203, do 31.10.2017

4.5 19565 (10/PNP-001447)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e cinco deputados/as máis

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da xestión que se está a levar a cabo en relación coa situación política en Cataluña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 207, do 08.11.2017

4.6 19594 (10/PNP-001452)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia, en cumprimento do artigo 14 da Lei 11/2007 e en colaboración coas universidades públicas galegas, das actuacións necesarias para garantir a incorporación dunha materia específica para a formación en prevención e atención á violencia de xénero no ámbito do máster universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 207, do 08.11.2017

4.7 19622 (10/PNP-001454)**Grupo Parlamentario de En Marea****Santos Queiruga, Carmen e Villares Naveira, Luis**

Sobre a creación pola Xunta de Galicia dunha oficina anticorrupción onde se poidan denunciar, de xeito anónimo, posibles casos de corrupción no sector público galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 207, do 08.11.2017

4.8 19744 (10/PNP-001465)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****García Míguez, María Ángeles e catorce deputados/as máis**

Sobre a intensificación pola Xunta de Galicia da colaboración coas entidades locais integrantes da Rede de concellos en contra da violencia de xénero, para acadar unha maior efectividade dos recursos e desenvolver de xeito conxunto actuacións nos ámbitos da sensibilización e prevención, información, formación e asistencia ás vítimas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 207, do 08.11.2017

Punto 5. Interpelacións**5.1 18979 (10/INT-000617)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa situación do persoal sanitario do Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 199, do 24.10.2017

5.2 19022 (10/INT-000620)**Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón e catro deputados/as máis**

Sobre o sector conserveiro e o emprego nel

Publicación da iniciativa, BOPG nº 199, do 24.10.2017

5.3 19254 (10/INT-000637)**Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre a política do Goberno galego en materia de atención ás emerxencias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 204, do 02.11.2017

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 20180 (10/POPX-000058)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre o cumprimento da normativa vixente na loita contra o terrorismo machista

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211, do 15.11.2017

6.2 20196 (10/POPX-000059)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a avaliación da política desenvolvida polo Goberno galego en materia de reforma de estruturas forestais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211, do 15.11.2017

6.3 20202 (10/POPX-000060)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre as razóns da incapacidade das políticas da Xunta de Galicia para trasladar o incremento nominal do PIB galego á diminución da desigualdade social e a precariedade ou a mellora dos servizos públicos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211, do 15.11.2017

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 18046 (10/POP-002196)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e tres deputados/as máis

Sobre as medidas que está a pór en marcha o Goberno galego para previr e erradicar os asasinatos de mulleres a consecuencia da violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 191, do 11.10.2017

7.2 19304 (10/POP-002304)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e dous deputados/as máis

Sobre o exercicio das funcións de xefe de redacción dos informativos da Radio pública galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 204, do 02.11.2017

7.3 20200 (10/PUP-000120)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e sete deputados/as máis

Sobre a colaboración que está a ofrecer a Xunta de Galicia as entidades locais para a celebración o 25 de novembro do Día Internacional Contra a Violencia de Xénero, co fin de acadar unha maior efectividade dos recursos nos ámbitos da sensibilización, da prevención e da asistencia ás vítimas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211, do 15.11.2017

7.4 20201 (10/PUP-000121)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e trece deputados/as máis**

Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a retirada da campaña publicitaria titulada *O máis grande de Galicia non se maltrata*

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211, do 15.11.2017

7.5 18668 (10/POP-002250)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Barreira, María Julia e seis deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da redacción do proxecto e avaliación ambiental do alongamento do acceso ao porto seco de Monforte ata a N-120

Publicación da iniciativa, BOPG nº 195, do 18.10.2017

7.6 19527 (10/POP-002329)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Vilán Lorenzo, Patricia e tres deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da consignación, para o ano 2018, dunha partida orzamentaria específica para a reforma do Hospital Provincial de Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 207, do 08.11.2017

7.7 17351 (10/POP-002149)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as medidas específicas que vai adoptar o Goberno galego en relación coa situación extrema de seca que padece o sector primario de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 187, do 05.10.2017

7.8 20177 (10/PUP-000118)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación coa contratación dos helicópteros para a loita contra incendios das campañas de 2011, 2012 e 2013

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211, do 15.11.2017

7.9 20199 (10/PUP-000119)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da garantía dunha protección suficiente das costas de Galicia fronte a unha situación similar á catástrofe do *Prestige* coas actuacións levadas a cabo desde hai quince anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 211, do 15.11.2017

SUMARIO

Retómase a sesión ás dez da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o cumprimento da normativa vixente na loita contra o terrorismo machista. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 12.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 13.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 14.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 15.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a avaliación da política desenvolvida polo Goberno galego en materia de reforma de estruturas forestais. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 17.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 18.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 20.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 21.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre as razóns da incapacidade das políticas da Xunta de Galicia para trasladar o incremento nominal do PIB galego á diminución da desigualdade social e a precariedade ou á mellora dos servizos públicos. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 22.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 24.)

Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM)*. (Páx. 25.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 27.)

A señora Pontón Mondelo (BNG) solicita a observancia do Regulamento con base no artigo 76, que ten que ver con inexactitudes ou co decoro e dignidade do seu grupo, e pide a palabra para poder explicarse. (Páx. 29.)

O señor presidente non lle concede a palabra por considerar que non hai motivo de discusión. (Páx. 29.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Ángeles García Míguez e catorce deputados/as máis, sobre a intensificación pola Xunta de Galicia da colaboración coas entidades locais integrantes da Rede de concellos en contra da violencia de xénero, para acadar unha maior efectividade dos recursos e desenvolver de xeito conxunto actuacións nos ámbitos da sensibilización e prevención, información, formación e asistencia ás vítimas. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 30.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. García Míguez (P). (Páx. 32.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 35.), Sra. Pierres López (S) (Páx. 35.) e Sra. Quinteiro Araújo (EM). (Páx. 38.)

A señora García Míguez (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 40.)

A señora Presas Bergantiños (BNG) solicita, de acordo co artigo 77.2 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a lectura da parte final do protocolo de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Secretaria Xeral de Igualdade, e a Fegamp asinado o pasado 15 de novembro de 2017. (Páx. 40.)

O señor presidente non lle concede a palabra pois considera que a cuestión quedou clara no debate da señora García Míguez. (Páx. 41.)

Votacións das proposicións non de lei

O señor presidente le o texto transaccionado sobre a proposición non de lei presentada pola señora Vázquez Verao, do G. P. de En Marea. (Páx. 41.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para trasladar ao Goberno do Estado a necesidade de modificación da Lei xeral da Seguridade Social para mellorar a situación das persoas afectadas pola xubilación anticipada: aprobada por 67 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención. (Páx. 42.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María de la Concepción Burgo López e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre a posta en marcha polo Goberno galego dos medios necesarios para posibilitar o acceso gratuíto da cidadanía a todas as catedrais que recibiron nalgún momento achegas económicas de carácter público: rexeitada por 29 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención. (Páx. 42.)

A señora Pierres López le o texto transaccionado sobre a proposición non de lei presentada polo seu grupo e informa que se aceptou a solicitude de votación por puntos. (Páx. 43.)

Votación do punto 3 bis do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López e catro deputados/as

máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa aplicación das medidas reflectidas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero: *rexeitada por 29 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 43.)

Votación dos puntos 1, 2, 3 e 4 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López e catro deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa aplicación das medidas reflectidas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero: *aprobada por 67 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 43.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e seis deputados/as máis, sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central do impulso das medidas necesarias para a celebración, o 6 de decembro de 2018, do cuadraxésimo aniversario da Constitución española de 1978, así como a posición do Parlamento de Galicia en relación cos actos conmemorativos que están a promover e coordinar as Cortes Xerais para a súa celebración: *aprobada por 51 votos a favor, 16 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 44.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da xestión que se está a levar a cabo en relación coa situación política en Cataluña: *rexeitada por 6 votos a favor, 51 votos en contra e 10 abstencións.* (Páx. 44.)

A señora Presas Bergantiños le o texto transaccionado sobre a proposición non de lei presentada polo seu grupo. (Páx. 44.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia, en cumprimento do artigo 14 da Lei 11/2007 e en colaboración coas universidades públicas galegas, das actuacións necesarias para garantir a incorporación dunha materia específica para a formación en prevención e atención á violencia de xénero no ámbito do máster universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas: *aprobada por 67 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 45.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Carmen Santos Queiruga e D. Luis Villares Naveira, sobre a creación pola Xunta de Galicia dunha oficina anticorrupción onde se poidan denunciar, de xeito anónimo, posibles casos de corrupción no sector público galego: *rexeitada por 29 votos a favor, 38 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 45.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Ángeles García Míguez e catorce deputados/as máis, sobre a intensificación pola Xunta de Galicia da colaboración coas entidades locais integrantes da Rede de concellos en contra da violencia de xénero para acadar unha maior efectividade dos recursos e desenvolver de xeito conxunto actuacións nos ámbitos da sensibilización e prevención, información, formación e asistencia ás vítimas: *aprobada por 38 votos a favor, ningún voto en contra e 29 abstencións.* (Páx. 46.)

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa situación do persoal sanitario do Sergas. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 46.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 49.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 52.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 54.)

Interpelación de D. Antón Sánchez García e catro deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre o sector conserveiro e o emprego nel. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Lago Peñas (EM)*. (Páx. 55.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 58.)

Réplica do autor: *Sr. Lago Peñas (EM)*. (Páx. 60.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 62.)

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica unha alteración da orde do día, de maneira que a interpelación 5.3 e as preguntas da 7.1 á 7.4, que responderá o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, serán debatidas en último lugar. (Páx. 63.)

Pregunta de D^a María Julia Rodríguez Barreira e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da redacción do proxecto e avaliación ambiental do alongamento do acceso ao porto seco de Monforte ata a N-120. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Barreira (P)*. (Páx. 64.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 65.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Barreira (P)*. (Páx. 66.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 67.)

Pregunta de D^a Patricia Vilán Lorenzo e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da consignación, para o ano 2018, dunha partida orzamentaria específica para a reforma do Hospital Provincial de Pontevedra. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 68.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 69.)

Réplica da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 70.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 71.)

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas específicas que vai adoptar o Goberno galego en relación coa situación extrema de seca que padece o sector primario de Ourense. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 72.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 73.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 75.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 76.)

Pregunta de D. José Antonio Quiroga Díaz e D. José Manuel Pérez Seco, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación coa contratación dos helicópteros para a loita contra incendios das campañas de 2011, 2012 e 2013. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Quiroga Díaz (S)*. (Páx. 77.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 78.)

Réplica do autor: *Sr. Quiroga Díaz (S)*. (Páx. 79.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto)*. (Páx. 80.)

Pregunta de D^a María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a opinión do Goberno galego respecto da garantía dunha protección suficiente das costas de Galicia fronte a unha situación similar á catástrofe do *Prestige* coas actuacións levadas a cabo desde hai quince anos. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 81.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 82.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 83.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo)*. (Páx. 84.)

Interpelación de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en materia de atención ás emerxencias. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 86.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 89.)

Réplica da autora: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 91.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 93.)

Pregunta de D^a Paula Quinteiro Araújo e tres deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as medidas que está a pór en marcha o Goberno galego para previr e erradicar os asasinatos de mulleres a consecuencia da violencia de xénero. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Cal Ogando (EM)*. (Páx. 96.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 97.)

Réplica do autor: *Sr. Cal Ogando (EM)*. (Páx. 98.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 99.)

Pregunta de D. Antón Sánchez García e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre o exercicio das funcións de xefe de redacción dos informativos da Radio pública galega. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Cuña Bóveda (EM)*. (Páx. 101.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 103.)

Réplica da autora: *Sra. Cuña Bóveda (EM)*. (Páx. 104.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 106.)

Pregunta de D^a Paula Prado del Río e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a colaboración que está a ofrecer a Xunta de Galicia ás entidades locais para a celebración o 25 de novembro do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, co fin de acadar unha maior efectividade dos recursos nos ámbitos da sensibilización, da prevención e da asistencia ás vítimas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 107.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 108.)

Réplica da autora: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 109.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 111.)

Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a retirada da campaña publicitaria titulada *O máis grande de Galicia non se maltrata*. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Quinteiro Araújo (EM)*. (Páx. 112.)

Resposta da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 114.)

Réplica da autora: *Sra. Quinteiro Araújo (EM)*. (Páx. 115.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 116.)

Remata a sesión ás tres e doce minutos da tarde.

Retómase a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día.

Reiniciamos a sesión.

Punto 6 da orde do día, que se corresponde co de preguntas para resposta oral do presidente da Xunta.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o cumprimento da normativa vixente na loita contra o terrorismo machista

O señor PRESIDENTE: Comezamos coa pregunta de dona Ana Belén Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Cando queira.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día, señorías.

Eu quero empezar a miña intervención cun recoñecemento ao feminismo, ás feministas, porque sen elas, sen a súa coraxe, valentía e rebeldía, seguramente moitas non estaríamos neste Parlamento nin habería leis contra a violencia de xénero. (*Aplausos.*) Pero queda moito que facer para gañarlle a batalla á violencia machista, esa que golpea, que humilla, que agride, que viola e mesmo que mata as mulleres polo simple feito de selo.

Desde os micromachismos aos asasinatos, vemos como a violencia machista afecta a todos os ámbitos, e o máis grave é que se manifesta cunha normalidade social que mesmo chega a culpabilizar as vítimas.

A violencia machista ten provocado que cada ano máis de 5.000 mulleres acudan aos xulgados a facer denuncias contra a violencia machista. A violencia de xénero ten provocado máis asasinatos que o terrorismo, pero a resposta social e institucional non é a mesma. No que levamos de mes de novembro, producíronse 3 intentos de feminicidio e 4 asasinatos de mulleres a mans dos seus compañeiros. Pregúntome —igual que moitas mulleres— que pasaría se en dez días asasinasen a 4 deputados e intentasen matar a outros 3. ¿Cal sería a reacción social? E, sobre todo, ¿como reaccionaría a Xunta e o poder do Estado?

Eu sei que a resposta a esta pregunta é incómoda, pero a pregunta é absolutamente necesaria. E neste contexto, señor Feijóo, queremos preguntarlle se vostede pensa honestamente que o seu Goberno está facendo todo o que pode para loitar contra a violencia de xénero. Desde o BNG —xa llo dicimos— pensamos que non.

Para empezar, o seu Goberno incumpre a Lei galega contra a violencia machista; e, en segundo lugar, os recursos que se destinan parécennos realmente insuficientes para facerlle fronte a un problema que afecta á metade da sociedade. Nese sentido, nós hoxe queremos facerlle dúas propostas moi concretas que só precisan de vontade política para materializarse.

En primeiro lugar, destinar o 1 % do orzamento da Xunta de Galiza a loitar contra a violencia de xénero; 90 millóns de euros, 1 euro de cada 100. Non parece nada extraordinario para facerlle fronte a un problema que afecta ao 52 % das mulleres.

E, en segundo lugar, que cree no ámbito da Dirección Xeral de Xustiza unha unidade encargada de aplicar a Lei galega contra a violencia de xénero. Unha unidade que teña obxectivos moi concretos: poñer en marcha xulgados específicos de violencia de xénero en todas as cidades; garantir a formación en violencia de xénero a todos os profesionais que interveñen no proceso xudicial; que evitemos a violencia institucional que se produce, por exemplo, gravando as declaracións das mulleres e dos seus fillos e fillas para que non teñan que ir unha e outra vez declarar, porque está demostrado que iso fai que moitas acaben retirando a denuncia. Ou que garantamos que nunca unha muller teña que estar nun xulgado do noso país agardando na mesma sala que o seu agresor.

Evidentemente, hai moitas cousas que se poden facer para loitar contra a violencia machista, e esa é unha loita que implica a toda a sociedade. Pero os gobernos, señor Feijóo, teñen que dar exemplo e teñen que pasar das palabras aos feitos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, fala vostede na súa pregunta da loita contra o terrorismo machista. As accións de asasinios e maltratadores de mulleres ¿poden considerarse como actos asimilados a actos de terrorismo? Na miña opinión si. En consecuencia, diante de calquera tema de terrorismo, os políticos sempre reaccionamos do mesmo xeito, que é facer unha condena unánime, manter a unión inquebrantable e facer de forma continuada unha toma de posición de unanimidade de repulsa.

Considerando que estamos de acordo na cualificación dun home que produce agresións simplemente por ser muller, que incluso chega a resultados de morte, e que isto debería de considerarse como un asunto de terrorismo, sen dúbida, os asuntos de terrorismo sempre son asuntos de Estado, e por iso no debate do estado da Autonomía plantexamos facer un pacto na Cámara contra a violencia machista. Fixemos ese pacto da Cámara e trasladamos as nosas conclusións ás Cortes Xerais para conseguir un pacto de Estado. Ese pacto de Estado está suscrito e, polo tanto, señora Pontón, dado que temos un pacto, o primeiro é que temos que cumprilo. Eu xa lle digo que o Goberno da Xunta vai cumprir ese pacto, e en ningún caso imos rachar a unidade contra a violencia machista.

En consecuencia, non conte comigo para unha pelexa partidista en relación con este asunto porque creo que non merece a pena, nin as mulleres o merecen nin Galicia o merece.

Imos seguir aplicando a lei, por suposto que si, todos e cada un dos seus parágrafos. Imos seguir incentivando novas medidas para favorecer a unión e o esforzo entre todos. E imos dedicar máis cartos que nunca. Esas son as tres medidas.

Señoría, Galicia é unha das comunidades autónomas con máis medidas en beneficio da muller. Somos a única comunidade autónoma que establece medidas periódicas para axudar as vítimas —digo única—. Somos unha comunidade autónoma que temos proxectos de inserción laboral, atención psicolóxica permanente, atención ás vítimas de trata, atención xurídica 24 horas. Somos unha das poucas comunidades autónomas que nos personamos en todos os casos de violencia de xénero con resultado de morte. Creamos no ano 2014 o primeiro Observatorio Galego da Violencia de Xénero. E está dentro do inicio do compromiso social contra a violencia de xénero incluír no sector educativo estas ensinanzas, para que ningún deputado ou deputada dentro de dez ou quince anos teña que debater no Parlamento o que vostede e eu estamos debatendo. Polo tanto, seguimos avanzando e imos proseguir avanzando.

O que si creo que non é moi razoable, señora Pontón, é intentar confundir e intentar distraer a xente. Fala vostede de adicar un 1 % ao presuposto da violencia de xénero, e ponlle datos: 90 millóns de euros. Señoría, é sorprendente como no ano 2008, cando vostedes levaban este asunto, adicaban menos de 4 millóns. Se no ano 2008 vostedes adicaban menos de 4 millóns, con 1.500 millóns máis de presuposto, supoño que terá que dar aquí unha explicación. Nós adicamos máis diñeiro que nunca con 1.500 menos de presuposto. Por iso, señora Pontón, todos os incrementos de presuposto son insuficientes, pero dende que herdei o Goberno da Xunta de Galicia porque os galegos así o decidiron, o incremento do presuposto da loita contra a violencia de xénero incrementouse un 91,3 %. Señora Pontón, falemos en serio da violencia de xénero.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Moitas grazas.

Señor Feijóo, eu estou convencida de que, se para vostede a violencia machista fora terrorismo, cada vez que vemos un crime ou un asasinato, ou falamos da gravidade dese problema, a resposta sería moito máis que un lazo e un minuto de silencio. Estou absolutamente convencida. *(Aplausos.)*

E, desde logo, non nos vai dar leccións ao Bloque Nacionalista Galego en materia de unidade na loita contra a violencia de xénero. Entre outras cousas, señor Feijóo, porque sempre estivemos en todos e cada un dos acordos —parecéranos insuficientes, pequenos ou que era pouco— a favor de loitar contra a violencia contra as mulleres. E se hoxe neste país existe unha axuda periódica que é un dereito das mulleres cando sofren violencia de xénero, é porque houbo un Goberno no que estaba o BNG que impulsou esa lei. *(Aplausos.)* Por certo, unha lei pioneira que xa lles estaba dicindo que algunhas das medidas e o camiño que estaba tomando o Estado na loita contra a violencia de xénero eran un erro, como ligar as axudas sociais ao feito de poñer unha denuncia. Máis de dez anos despois, o Estado reconece o erro e segue un camiño que xa abrimos aquí no ano 2007 coa Lei galega contra a violencia de xénero.

E, mire, para non facer partidismo segue vostede na oposición ao Bipartito. Realmente é terrorífico velo a vostede, unha e outra vez, facéndolle oposición a un goberno que non existe. E eu creo que iso si que non o merecen as mulleres, e moito menos as mulleres que sofren violencia de xénero, que viron como ese goberno foi o que máis fixo na historia de Galiza para loitar contra este grave problema social que é a violencia de xénero. *(Aplausos.)*

Nós facémoslle unha proposta, que é máis recursos, porque da mesma maneira que o seu partido dicía que non facía falta unha lei galega contra a violencia de xénero e agora reconece que si, agora, cando estamos dicindo que se necesitan máis recursos, a vostede parécelle que con 5 millóns solucionamos o problema. E, desde logo, como non se soluciona o problema, señor Feijóo, é con campañas que atentan contra a dignidade das mulleres *(Aplausos.)* como esa vergoñenta campaña que puxo en marcha o seu goberno. E quero dicirlle que as mulleres non somos nin unha catedral, nin unha ponte, nin unha muralla, as mulleres non somos patrimonio, as mulleres somos humanas que non necesitamos que nos protexan; o que necesitamos son dereitos e que a sociedade responda cando nos están agredindo. *(Aplausos.)*

Nós, señor Feijóo, sabemos —e vostede sabe igual ca min— que a Lei galega de violencia contra as mulleres se incumpre. E este Parlamento, señor Feijóo, recordoullo a principios deste ano a primeira vez que falamos dun pacto galego contra a violencia de xénero. Por certo, unha iniciativa impulsada polo noso grupo. E aí estanlle sinalando que hai incumprimentos en materia de xustiza, en materia de atención psicolóxica, en materia de formación dos profesionais. E vostede vén aquí dicirnos que como hai 5 millóns...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...que logo veremos se se executan todos ou non, como hai 5 millóns, non hai nada que falar. Creo que esa é unha mensaxe moi negativa para a sociedade.

Hai problemas evidentes en como está funcionando a xustiza. ¿Está vostede disposto a crear esta unidade na área de xustiza?, ¿si ou non? Son cuestións concretas, señor Feijóo...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

A señora PONTÓN MONDELO: ...que só precisan de vontade política. Porque se a violencia é terrorismo, respondamos realmente como responden ante o terrorismo de Estado, señor Feijóo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Peche desta pregunta, señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas.

Señora Pontón, eu non fago ningunha oposición a ningún, o que non podemos admitir na Cámara é que nos tome vostede como parvos. Se vostede vén aquí e di *urbi et orbi* que se necesitan 90 millóns de euros para este capítulo, e acaban de dicir que vostedes facían máis

que ningún outro goberno na comunidade autónoma, pero resulta que dedicaban menos de 4 millóns de euros, supoño que ou vostede ou o seu partido nos queren tomar en broma ao Parlamento e ás mulleres de Galicia. E como eu represento á maioría das mulleres de Galicia nas urnas, evidentemente non vou calar, nin elas nin nós. (*Aplausos.*) Non vou calar ante esa forma de tomarlle o pelo á xente.

Mire, señoría, todo é discutible. O que non é discutible é que os presupostos para a violencia de xénero se incrementaron un 91 % con relación a cando vostedes gobernaban.

A vostede non lle gusta a campaña da Xunta de Galicia. É unha forma interesante de apoiar as campañas contra a violencia de xénero, criticalas. Este ano o 8 de marzo fixemos unha campaña polo Día da muller traballadora e o título da campaña era «As mulleres: o máis grande de Galicia». Ninguén criticou esa campaña, está aquí á súa disposición; ninguén. Agora volvemos facer outra campaña, continuada da anterior, e dicimos: «Non hai nada máis grande que unha muller que loita contra o maltrato, e nada máis baixo que un maltratador. (*Murmurios.*) O máis grande de Galicia non se maltrata». A vostede non lle gustan as campañas, ¿sabe por que? Simplemente porque non as fan vostedes. Pero esa é a súa responsabilidade.

Eu non vou discutir polas campañas nin polo seu plantexamento, o que si lle digo, señoría, é que antes de existir o BNG e antes de existir o seu goberno, xa no ano 2002 aprobou un goberno o primeiro plan de acción contra a violencia de xénero de Galicia, ano 2002 ao ano 2005.

A primeira lei de igualdade aprobámola un goberno no ano 2004, e constituímos a primeira rede de entidades locais contra a violencia de xénero por primeira vez no ano 2012.

O único goberno que se persoa contra os maltratadores asasinos é este goberno, dende o ano 2013, en todos os xulgados. O primeiro centro de recuperación das vítimas púxose á disposición por parte deste goberno.

E podemos seguir, somos a única comunidade autónoma con axudas periódicas. Podemos seguir, señoría, ¡claro que podemos seguir!, pero non se trata de seguir falando disto.

Contra a violencia de xénero, para min non hai siglas, hai dous bandos: os asasinos e os maltratadores, e as mulleres. Vostede dígame en que bando está, pero estar nun bando simplemente contra un goberno do Partido Popular non me parece un plantexamento axeitado. (*Murmurios.*)

Por iso, señoría, nós imos seguir traballando ao seu lado, mal que lle pese, aínda que non lle guste. Imos seguir traballando diante de todos os que queren loitar contra estes actos de terrorismo machista, aínda que non lle guste, señora Pontón. Non ten vostede o monopolio da defensa das mulleres, iso é un insulto aos 700.000 votantes do Partido Popular de Galicia, a maioría deles mulleres.

E como creo que aquí non estamos para insultar a ninguén, eu vou seguir traballando. Despois desta sesión irei, efectivamente, cos directivos dos clubs de fútbol de primeira división, de segunda A e de segunda B para plantexar unha campaña esta fin de semana en todos os

estadios de Galicia e traballar dende o deporte contra a violencia machista. (*Aplausos.*) ¿Sabe por que, señoría? Porque ese é o noso traballo e ese é o noso compromiso.

Polo tanto, señora Pontón, por moito que me mire dese xeito, eu vou seguir traballando co BNG na violencia machista. Por moito que nos critique, imos ser implacables contra os terroristas que seguen asasinando mulleres. E por moito que a vostede lle pareza mal, o patrimonio do sentimento e o patrimonio do compromiso social non é un patrimonio que vostede lle pode negar a ninguén, e moito menos ao presidente da Xunta.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a avaliación da política desenvolvida polo Goberno galego en materia de reforma de estruturas forestais

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bos días.

Señor Núñez Feijóo, vostede presume de que esta vai ser a lexislatura do rural. Non o está sendo. E se facemos un balance desde o ano 2008, ese tempo debería ser proclamado o tempo da regresión do rural.

Debe saber que existe unha sensación clara de abandono; a xente que vive fóra das cidades considera que importa menos; as parellas con fillos teñen dificultades para chegar aos institutos; hai cada vez máis aldeas sen xente; hai moitos servizos públicos que desaparecen; hai dificultades para acceder ás entidades financeiras; as pensións acaban converténdose na principal fonte de renda en moitas zonas de Galicia porque perdemos oportunidades.

Fíxese, de cada 5 persoas que estaban ocupadas na agricultura en sentido amplo cando vostede chegou á Presidencia, só están traballando agora 3. Perdemos 70.000 hectáreas de superficie agraria útil desde que vostede é presidente. Temos en Galicia só un 20 % de superficie dedicada á agricultura, pero temos outro 20 % da superficie abandonada. Abandónase a terra, e ao tempo, as explotacións que quedan —cada vez menos— carecen do terreo que precisarían. Galicia ten un grave problema de abandono pero ten tamén un grave problema de estruturas agrarias e forestais, con consecuencias dramáticas, como vimos neste mes de outubro coa vaga de lumes.

Fíxese, temos menos de 70.000 explotacións, pero temos aproximadamente 1,6 millóns de propietarios rurais e aproximadamente 11 millóns de parcelas. Temos 600.000 propietarios forestais, pero temos 6 millóns de parcelas no monte.

Coa caída do número de produtores agrarios, cada vez hai máis terra dispoñible. Hai sitio para facer de todo no noso territorio, non debería haber conflitos, e, ao mesmo tempo, as

explotacións son demasiado pequenas, teñen que crecer en tamaño, teñen que extensificar as súas características, reducindo a dependencia exterior en forraxes, por exemplo. Hai terra dispoñible, hai necesidades de terra en moitas explotacións, pero o que predomina é o abandono e a dificultade de casar ambas cousas.

Vostede comezou mal. Na campaña electoral do 2009 ameazaba os cidadáns de Galicia con que, se non gañaba, ían ser expropiadas as súas terras por medio dun instrumento que era o Bantegal. Vostede seguiu mal, eliminou o Banco de Terras, deixou a carcasa pero quitoulle o motor, e, por tanto, non tivo efectos reais sobre a reorganización das estruturas agrarias. Consideráboo intervencionista, e vostede pensaba que debía ser o mercado o que regulase a reorganización das estruturas agrarias.

Eliminou tamén as Uxfor, substituíndoas polas Sofor, pero estas non funcionaron. De novo eliminou as Uxfor porque as consideraba demasiado intervencionistas e quería que houbera un instrumento onde o sector público tivera menos papel.

Os resultados das súas políticas non son para presumir, son para rectificar. Entre o ano 2013 e o 2017 as superficies declaradas a efectos das primas da PAC baixaron en Galicia 150.000 hectáreas, un 25 %. E o número de beneficiarios desas primas pasaron de 36.000 a 30.000 en só catro anos. Estes son os últimos resultados que coñecemos.

Por tanto, señor Feijóo, ¿está vostede disposto a rectificar unha política fracasada en materia de estruturas agrarias e forestais?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, esta vai ser, e segue a ser, a legislatura do rural. Dígollo con absoluta convicción, porque ese é o compromiso do Goberno.

O primeiro que fixo o Goberno foi manter o nivel dos fondos da PAC, 2.000 millóns de euros, entre o ano 2014 e o ano 2020. Non era fácil.

O segundo que fixemos no Goberno foi facer un marco legislativo con tres leis importantísimas para tomar decisións no rural. Di vostede que eliminamos o Banco de Terras. Non, fixemos un banco de terras distinto. A Lei de mobilidade de terras é unha lei que aprobamos no ano 2011.

Fixemos a primeira Lei de montes de Galicia no ano 2012, e aprobamos a Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia no ano 2015.

Fixemos algo que non fixo ningún goberno, que é establecer impostos cero no rural. Vostede non quere falar diso, pero hai 26.000 galegos que no primeiro ano desa exención non paga-

ron un patacón por transmitir, vender, enaxenar ou permutar as súas fincas. Polo tanto, señoría, o que estamos a facer é o maior impulso de reestruturación parcelaria que nunca se fixo, como terceira consideración. É dicir, ao final desta lexislatura imos entregar máis hectáreas concentradas que nunca en ningunha outra lexislatura de ningún outro goberno. Nada máis e nada menos que imos entregar 116.000 hectáreas a 92.000 propietarios beneficiados. Non está mal, considerando que é o maior impulso á ordenación territorial que nunca se fixo na comunidade autónoma.

E como consecuencia de todo isto, señoría, como consecuencia de que pagamos menos impostos que no resto de España e como consecuencia de que hai un apoio á modernización, está habendo a maior incorporación de mozos ao sector agrario e ao sector forestal, por iso me sorprende ese diagnóstico.

Tamén me sorprende que me estea falando vostede de infraestruturas cando o 80 % da poboación galega está a menos de dez minutos dunha vía de alta capacidade. E estamos investindo en infraestruturas viarias, no marco dos camiños rurais, máis de 36 millóns de euros.

Cando cheguei ao goberno, a maioría da zona rural non tiña unha infraestrutura básica, señor Leiceaga, chámase internet. A maioría non tiña cobertura de internet. E agora a cobertura de internet en Galicia está no 98 %.

Tamén me sorprende que vostede non fale do éxito do sector do viño en Galicia, onde estamos incrementando a produción vitivinícola case un 9 % e estamos exportando un 69 % máis.

Sorpréndeme que fale vostede con tanta frivolidade do sector lácteo, cando resulta que temos un incremento de produción do sector lácteo do 16,4 %. Nunca Galicia produciu tanto leite como agora, a pesar da liberalización das cotas.

Sorpréndeme que non lle dea vostede importancia á agricultura ecolóxica porque triplicamos por tres a produción da agricultura ecolóxica. E sorpréndeme, señoría, que subestime vostede a capacidade da madeira de Galicia porque temos o 50 % do total das cortas de madeira, por exemplo, no ano 2015, e a facturación da madeira na comunidade autónoma incrementouse nun 11 %.

Señor Leiceaga, vostede, que é economista, sorpréndeme que non vexa que o peso do sector primario no produto interior bruto de Galicia está subindo máis que nunca. E sorpréndeme que vostede non colla a EPA e o paro para acreditar que na EPA o peso do emprego do sector primario aumentou un 12 % no ano 2016; e o paro reduciuse, por exemplo, en agricultura e silvicultura un 8 % no ano 2016.

Polo tanto, señor Leiceaga, ¿que queda moito por facer? Non teña vostede ningunha dúbida. ¿Que me gustaría contar con vostede e co seu grupo para seguir traballando? Tampouco teña vostede ningunha dúbida. Pero non subestime o rural galego, señoría. A xente do rural galego merece unha oportunidade, e eu, dende logo, estou aquí para facelo.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: A min o que me sorprende é que vostede non cuestione ningún dos datos que eu lle dou, que son datos todos sacados de fontes oficiais da Xunta de Galicia. En concreto na EPA, no ano 2008, había 117.000 persoas ocupadas na agricultura, o último dato é que había 70.000. De 117 a 70 hai unha pequena caída, que é xusto o que pasou durante o seu período de Goberno. Iso é o que pasou, señor Feijóo.

Vostede decidiu en 2009 confiar nas forzas de mercado para que reestruturan o sector agrario. Eliminou medidas timidamente intervencionistas, non eran gran cousa. Seguramente foi por ideoloxía, por cálculo político, non o sei, e esa política fracasou. O mercado non tivo capacidade para facer o que había que facer, que era unha política de estruturas moito máis serias.

No Banco de Terras, do que vostede non me falou nada, en maio de 2016 só había apenas 970 hectáreas cedidas voluntariamente, e estaban arrendadas unicamente un 8 % das fincas que estaban no Banco de Terras. O curioso é que é un instrumento que podería funcionar, cos datos que hai hoxe.

¿Por que non funciona? Non funciona, primeiro, porque vostede o desmantelou, deixouno sen persoal; porque non fixo as medidas de presión complementarias para que houbera cesión efectiva de fincas boas ao Banco de Terras; porque deixou de aplicar medidas de estímulo e porque, con eses datos, se producen retrasos que desestimulan o comportamento das persoas que poderían acudir a el.

Fíxese o que di un informe da súa consellería, e vouno citar textualmente: «O baixo prezo dos arrendamentos non compensa os problemas que supoñen estas demoras, e están a levar ás persoas interesadas a buscar outros medios de mellorar a súa estrutura territorial.» Iso dío a conselleira nun informe que teño aquí.

E as Sofor, só hai cinco constituídas, ¡que lle imos facer! Despois de seis anos, cinco, cun número de hectáreas mobilizadas baixísimo.

Vostede citou a política de impostos cero. Si, pero, ao mesmo tempo, os seus servizos —e ten que sabelo— están colaborando co señor Montoro para que tributen as cesións de dereito [...] como incremento patrimonial, poñendo en graves problemas a moitas explotacións agrarias que teñen esta situación. O Foga estase desmantelando progresivamente, como ben sabe a conselleira de Agricultura, e en moitas das axudas proclamadas ao final chega calderilla a aqueles que máis o necesitan. Esa é a situación do medio rural, e vostede ten que estar disposto a rectificar.

Fíxese, nós propoñémoslle reforzar o Bantegal, poñer máis persoal, máis medios. É imprescindible para que faga as funcións que ten hoxe, pero moito máis para que faga as funcións que ten que facer no futuro. Queremos que sirva de intermediario para a compravenda de explotacións enteiras, que poida actuar para a mobilización produtiva dos montes veciñais

en man común abandonados, apoiando especificamente tamén aqueles proxectos solventes que necesitan terras e non as teñen, e xestionando as fincas privadas abandonadas. E non lle pedimos que elimine as Sofor, só lle pedimos que rectifique aquilo que non funciona e que poña en marcha instrumentos complementarios moito máis flexibles para que poida haber unha explotación forestal de coutos redondos bastante máis sólida e bastante máis intensa do que hai agora.

Remato xa. Apúntese ao pragmatismo, señor Feijóo, porque o que está en xogo é o futuro do medio rural. Hai que darlle un futuro á actividade agrogandeira. Hai que darlle un futuro a aquela xente que vive no medio rural. E hai que facer que o territorio vivo sexa a mellor protección que teñamos contra os incendios forestais.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Peche desta pregunta, señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Leiceaga, apúntome ao pragmatismo, non se preocupe.

Como me apuntei ao pragmatismo, tivemos que regular as Uxfor doutra forma. ¿Sabe por que, señoría? Porque non había unha soa petición que cumprira os requisitos do decreto. Xa sei, señoría, que a algúns deputados que non son do seu grupo non lle gusta, pero ¿que lle imos facer? Se fan un marco onde non cumpre ninguén os requisitos, ou o modificamos ou non nos apuntamos ao pragmatismo, señor Leiceaga. E como vostede e máis eu nos queremos apuntar ao pragmatismo, pois imos seguir apuntándonos ao pragmatismo.

¿Por que tivemos que modificar o Banco de Terras do Bipartito? Entre outras cousas, porque só estaba previsto para uso agrícola, non para uso forestal. ¿Que lle parece o disparate? ¿Verdade que iso non é pragmático, señor Leiceaga? Con once millóns de parcelas no catastro, e resulta que o BNG impide que no Banco de Terras haxa parcelas de uso forestal. ¿Non lle parece un disparate? Por iso houbo que cambialo, señor Leiceaga. E hai que apuntarse o pragmatismo: cambialo.

Di vostede que só hai cinco Sofor. Por iso as estamos modificando. Espero que vostede apoie a proposta da lei de medidas para modificar as Sofor. Non pode ser que dous ou tres propietarios que non queren arrendar, nin queren explotar, nin queren vender impidan que outros propietarios que queren explotar un monte o fagan. Estamos de acordo. Entón, seguimos apuntándonos ao pragmatismo. Xa ve como cando nos apuntamos ao pragmatismo estamos a favor.

En Folgoso e no Courel estamos facendo soutos tradicionais de castaña grazas a esas medidas, mobilizando as terras, as grandes áreas; terras de pastoreo abandonadas nos Ancares; produción de pasto en Sober; a maior concentración feita en Cualedro e Oímbra de forma voluntaria. ¿Por que? Porque modificamos os impostos e agora pódense agrupar parcelas de

forma voluntaria. Iso é pragmatismo puro. Pragmatismo puro é simplificar a corta dos eucaliptos e dos piñeiros cunha notificación previa, e non establecer unha serie de medidas que imposibilitan a industria forestal.

Señoría, por iso me sorprende que, apuntado vostede ao pragmatismo, votara en contra de todas as propostas pragmáticas que plantexamos durante os últimos dez anos en materia forestal e en materia agrícola. As leis en contra. Pero, señor Leiceaga, agora temos unha oportunidade, que é a propia comisión que estamos a crear. ¿Está vostede de acordo con revisar o Plan forestal? Nós si. ¿Está vostede de acordo con establecer plans de ordenación para os 19 distritos forestais? Nós si. ¿Estamos a favor de mellorar as zonas de pastoreo?, ¿estamos a favor, señoría, efectivamente, de incorporar ao Banco de Terras de forma cautelar as parcelas de dono descoñecido? Nós si. ¿Estamos a favor de incorporar ao Banco de Terras a parte dos montes veciñais en man común que non se poñen a explotación? Nós si. Vostede, que é un home pragmático, tamén. E como de pragmatismo se trata, do que se trata aquí é de colaborar.

Señor Leiceaga, vostede que agora é un alto cargo do Partido Socialista en Galicia procure que os alcaldes do Partido Socialista estean polo labor de cumprir todas e cada unha das obrigas, do mesmo xeito que nós temos que facer que os alcaldes que apoian a este partido estean tamén por aprobar esas medidas. Vémonos, señor Leiceaga, con pragmatismo na Comisión.

Por certo, señor Leiceaga, eu espero que sexa moito máis fácil pactar con vostede que con outros socialistas. Por exemplo, a primeira semana de decembro ímonos ver o presidente de Castela-León e o presidente do Principado de Asturias. Gustaríame que, se somos capaces de pactar co Partido Socialista en Asturias, sexamos capaces de pactar co Partido Socialista en Galicia.

Eu confío en vostede, señor Leiceaga, é un home pragmático.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre as razóns da incapacidade das políticas da Xunta de Galicia para trasladar o incremento nominal do PIB galego á diminución da desigualdade social e a precariedade ou á mellora dos servizos públicos

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Luis Villares Naveira, portavoz do Grupo Parlamentario de En Marea.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Núñez, espero que nesa reunión que vai ter co presidente do Principado de Asturias e co de Castela-León teña máis sorte que con relación á última xuntanza, onde creo que acordaron pedirlle ao Goberno español, a Fomento, unha saída do tren de mercadorías diferente á plantexada de forma central e centralista polo Goberno de España; un corredor que fose funcional aos intereses do noso país para sacar as mercadorías a Europa e que fixese a eco-

nomía máis competitiva, e non volvan recibir a mesma resposta que recibiron de Fomento, que nada de nada ata 2027. ¡A ver se ten algo de máis sorte para a próxima vez!

Indo coa pregunta que nos ocupa, un goberno anticompetente é aquel que tendo recursos non é capaz de xestionalos ben. A nosa pregunta é evidente, e levámola facendo xa moito tempo sen recibir unha resposta: ¿por que, se temos a mesma riqueza en Galicia que no ano 2009, temos que vivir peor, temos que vivir con menos dereitos e temos que vivir con máis desigualdade?

Vostedes recoñeceron no debate esta semana que os orzamentos do 2018 se farán tendo en conta unha riqueza que é igual ou xa superior á que tiñamos en Galicia no ano 2009. Sen embargo, a pesar de ter saído da crise da recesión, a xente non saíu da crise social, e ¿sabe por que? Porque vostedes non saben repartir a riqueza dispoñible. Galicia vai ter a maior riqueza da súa historia pero a xente non vai ser mais rica que nunca, e isto é porque o Goberno non sabe repartir a riqueza.

Hai un exemplo claro, e é que durante este ano se están pagando 2.000 millóns de euros menos en salarios que antes da crise; 2.000 millóns de euros menos coa mesma riqueza dispoñible, e isto por dúas circunstancias concretas. En primeiro lugar, porque temos un emprego de peor calidade que antes da crise. Os salarios son máis baixos. De media, un 8 % máis baixos. E aqueles que son máis precarios, un 25 % máis baixos. E ademais hai moita xente que cobra o mesmo que no ano 2009 pero cun IPC que subiu un 12 %, de tal maneira que son un 12 % máis pobres. Hai ademais 300.000 persoas que cobran por baixo do salario mínimo interprofesional, sobre todo a xente nova; e hai un 89 % do emprego creado desde o ano 2014 que ten carácter temporal. Con estes salarios, moita xente non dá chegado a final de mes.

Págase menos en salarios, pero págase menos porque hai menos emprego que cando vostede chegou ao Goberno. Concretamente, temos a mesma riqueza que no 2009 pero con 2.000 millóns de euros menos pagados en salarios e 143.000 empregos menos.

Isto que vén denunciando En Marea constantemente onte foi portada en todos os medios de comunicación por un informe emitido pola Fundación BBVA. Galicia ten aínda 143.000 empregos menos que antes da crise. Isto é o que nós denominamos no seu momento xa unha anomalía laboral galega.

Entre o 2009 e o 2013, durante a recesión, foron vostedes os responsables de que Galicia fose a quinta comunidade autónoma onde máis emprego se destruíse. E dende 2014 en adiante, cando saímos da recesión pero non da crise económica, non da crise social, fomos a segunda comunidade autónoma onde menos medrou o emprego.

O resultado global é que somos a comunidade autónoma de todo o Estado español con peor evolución do emprego. ¿E isto por que? Porque entre 2009 e 2013 vostedes recortaron de forma brutal os orzamentos, e a partir de 2014, xa coa economía medrando, vostedes fan que os seus orzamentos medren menos. Hai un recorte encuberto. Para que o entenda todo o mundo —entenderase moi ben—: os pensionistas tiveron un aumento das pensións do 0,25 %, pero o IPC medrou un 2 %. Polo tanto, son un 0,75 % máis pobres. ¿Médralles a pensión? Aparentemente si, pero realmente non.

Iso foi o que pasou aquí cos seus orzamentos. Antes da crise, os orzamentos de Galicia eran un 20 % da riqueza de Galicia, e hoxe os orzamentos de Galicia son menos do 15 % da riqueza de Galicia.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: E remato.

Canto máis se achican os orzamentos, menos medra a economía, e polo tanto, menos emprego crean. O único que aumenta é a desigualdade. Riqueza hai, pero está mal repartida.

E a pregunta é clara. ¿Por que, habendo a mesma riqueza que había antes da crise, temos que vivir peor? ¿Por que aumenta a desigualdade, señor Feijóo? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas.

Observo que vostedes van evolucionando a mellor. Dígoo porque primeiro estiveron vostedes durante moitísimo tempo negando que estabamos saíndo da recesión e da crise económica, e agora vostede enuncia unha pregunta dicindo que Galicia está saíndo da recesión e da crise económica. Non sería por vostedes, evidentemente. Pero como imos mellorando, efectivamente, vostedes xa empezan a aceptalo porque non lles queda máis remedio.

Primeiro falaban de que non, isto de que empezaba a crecer o PIB era como consecuencia da baixada do petróleo. Despois dicían que todos os cadros macroeconómicos da Xunta eran falsos. E agora resulta que, cando estamos crescendo o 3 % nos últimos anos, empezan a recoñecer que xa non se pode tapar a mellora da economía e, polo tanto, apúntanse a outros plantexamentos: por exemplo, negar os efectos positivos que está a ter a recuperación económica nos servizos públicos.

Señoría, hai máis sanidade, máis educación, máis servizos sociais e máis xustiza agora que en época de bonanza económica.

Por darlle datos, en sanidade estamos investindo por cidadán 1.433 euros; un 15,5 % máis que no inicio da recuperación, no terceiro trimestre do ano 2013. Hoxe hai case 1.500 profesionais sanitarios máis que ao inicio da recuperación do ano 2013. E por se fora pouco, o ano 2018 é o ano con maior presuposto sanitario da historia da comunidade autónoma. *(Aplausos.)*

Para que repase as cifras o que lle dá as cifras, o presuposto son 3.858 millóns de euros, 92 máis que no ano 2009. Dígalle que lle pasen as cifras, señor Villares.

¿Hai máis educación? Si, e de feito somos a comunidade autónoma con maior ratio de profesores por alumno de España, incluídas aquelas onde cogobernan as Mareas de Podemos.

¿Temos máis servizos sociais? Si, e temos máis servizos sociais porque temos un 32 % máis de gasto social per cápita do que tiñamos no inicio da recuperación. E temos máis xustiza porque temos un 41 % máis de gasto per cápita do que tiñamos no inicio da recuperación, no segundo trimestre do ano 2013.

En definitiva, hoxe temos investidos 1.800 millóns de euros máis cun presuposto de 1.500 millóns de euros menos do que tiñamos no ano 2009. ¿A que estes datos vostede non os coñecía? Pois, para min, dende logo, non son datos menores. Se os ocupados creceron en Galicia en 90.000, de acordo coa EPA, non é un dato menor. Se o paro baixou en 82.000 persoas, un 31 %, non é un dato menor. Se a taxa de paro segue por debaixo da de España e temos 7 puntos por debaixo da taxa de paro de cando empezou o inicio da recuperación económica, non é un tema menor. E temos menos paro nos fogares galegos, nada máis e nada menos que baixaron un 33 % os membros en paro completos en fogares galegos, 29.800 fogares menos. E se temos maior confianza nos fogares, que subiu un 21 % a confianza dos fogares, e se temos menos fogares con dificultades para chegar á fin de mes, é que, señoría, estamos repartindo, na medida das posibilidades da política económica da Xunta, os nosos recursos.

Señoría, hoxe temos máis servizos públicos que en época de bonanza económica. E creo que esa é a gran responsabilidade deste Goberno. Se quere falar das pensións, teríamos que ir ao Congreso dos Deputados. Se quere falar da sanidade galega, da sanidade na Mariña ou da sanidade no Salnés, falemos aquí. Se quere falar vostede dos fogares galegos, falemos aquí. Se quere falar vostede da taxa de pobreza, ten vostede a posibilidade de recoñecer, no cadro, que hoxe a taxa de pobreza —de acordo co INE— é inferior á que tiñamos no ano 2008. Somos unha das cinco comunidades autónomas en que a taxa de pobreza hoxe é inferior á que tiñamos nos momentos de bonanza económica. Por iso me sorprende, señor Villares, que non lea de forma correcta.

Pero, en todo caso, neste turno igual vostede me di cal é a súa política industrial, sería fundamental. E incluso vostede seguro que vai presumir da súa política social nos concellos onde goberna. Tamén sería fundamental.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica do señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Esta ben que me faga vostede as preguntas a min para saber como ten que facer para gobernar. (*Aplausos.*) Pero non se preocupe, que terá oportunidade de estar na oposición, xa lle chegará o momento. (*Murmurios.*) ¡Oian!, a democracia é así, ás veces dun lado e ás veces do outro. (*Aplausos.*) Xa sabemos que ás veces o da democracia non o levan ben, ¡pero que lle imos facer!

Miren, cando vostede falaba dos prezos do petróleo, estabamos falando dun informe do Banco de España —que non está feito polas Mareas—, que se refire aos ventos de cola, que son aos que atribúen parte da subida do produto interior bruto, o aumento da riqueza. Atri-

búen un 70 % dese aumento da riqueza precisamente a eses denominados ventos de cola, entre eles a baixada do petróleo e os tipos de xuro do Banco Central Europeo. Iso, por se non llo puxeron nos papeis, tamén para que llo poñan.

Igual tampouco lle puxeron nos papeis unha idea, ou un concepto, que na economía se chama «o velo monetario», e que fai que, para poder comparar unhas magnitudes e outras dos orzamentos dos anos, como di vostede, 2009 ou do 2008 cos anos 2017 ou, como nos papeis que lle fixeron aí, 2018, sexa necesario ter en conta, entre outras, a evolución da inflación para non facer unha comparación non medible entre uns datos e outros. Se o fixese, se levantase o velo monetario, ou se sacase o velo dos ollos, tal vez vería que esas cifras que está dando vostede non son reais, e que, polo tanto, os orzamentos en termos reais son, para o caso concreto da sanidade —xa que é o que vostede comenta—, case 400 millóns de euros inferiores. Polo tanto, un recorte encuberto, e ademais, neste caso, descuberto. *(Murmurios.)*

Pero é que, á parte, no ámbito da sanidade e na prestación concreta de servizos de sanidade, por exemplo, os que somos de Lugo temos que padecer aínda non ter un servizo de hemodinámica 24 horas, de tal maneira que se a xente infarta fóra de horario de oficina, ten un 34 % de posibilidades menos de sobrevivir que se fose en horario laboral. E iso, desde logo, cremos que xera unhas condicións de desigualdade que non son aceptables dentro da poboación de Galicia.

Fala vostede tamén de fogares. Pois mire, dentro dos fogares de Galicia, hoxe en día, en relación co ano 2009, son un 20 % máis pobres, porque teñen de media as familias galegas un 20 % menos de poder adquisitivo que cando vostede se sentou aí por primeira vez. E ademais hai 62.000 fogares galegos con todos os seus membros en paro. E ademais hai 700.000 persoas en risco de pobreza ou exclusión social, máis dun 25 % da poboación de Galicia neste momento, pero é que ademais o índice de Gini, que mide as desigualdades sociais, aumentou no último ano —non xa desde o 2008, no último ano— un punto, do 27 % ao 28 %. Polo tanto, ¿de que nos está falando?

Estamos coa mesma riqueza que antes da crise económica, pero seguimos coa crise social. Porque para nós a crise non pasará en tanto en canto non teñamos recuperados todos os dereitos que tiñamos antes e en tanto en canto non poidamos seguir aumentando dereitos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Silencio, por favor. ¡Silencio!

Resposta do presidente no turno de peche.

Señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Despois desta maxistral lección de economía, proseguimos o turno de intervencións.

Mire, señoría, no suposto imaxinario de que vostedes gobernarán algunha vez en Galicia, nese suposto imaxinario, gustaríanos saber como galegos se esa proposta que teñen vostedes a favor da autodeterminación, é dicir, do independentismo de Galicia... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Señor Lago, silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Se ten moito que ver o independentismo coa economía, que llo pregunten á señora Colau e a Cataluña. Empresas fuxidas do plantexamento catalán: 3.500; menos creación de empresas en Cataluña, baixada do 27 %; incremento do paro; diminución do turismo... É dicir, xustamente as súas políticas, señor Villares. Máis desigualdade e máis pobreza.

Xa sei que vostede non quere que fale disto, pero é que é o seu modelo político. E os modelos políticos teñen, evidentemente, repercusións económicas. Pero, ademais, xa sei que non quere vostede falar disto porque o deputado que ten ao seu carón di que o dereito á autodeterminación é irrenunciable, e a deputada que ten ao lado do deputado que ten ao seu carón di que o modelo territorial é absolutamente distinto ao modelo de Anova —a señora de Podemos—.

Señor Villares, non é que nos interese moito cal é o seu modelo, porque probablemente non o ten, pero, dado que hai un ano que vostede quixo ser presidente de todos os galegos, debería concretarnos cal é o seu modelo político, porque, a partir de aí, hai un modelo económico. Señor Villares, deixen de defender unha cousa e a súa contraria, e a ver se toman en serio o país. Ese é o seu problema.

Mire, señoría, nós non somos gobernos que nos dediquemos a pedir referendos de independencia, incluso dende os concellos galegos. Nós somos un goberno que está centrado na recuperación económica, e esa é a gran diferenza entre ese goberno e as súas patrañas políticas, ideolóxicas e económicas. *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Leiceaga, a EPA do terceiro trimestre... *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Perdón, perdoe un momento, presidente.

Silencio, onte vostedes queixábanse de que se interrompía. ¿Quen está interrompendo aquí? ¿Quen está interrompendo? Por favor, silencio. O mesmo que queren para vostedes, para os demais. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Silencio! Non, non, vostede non está no debate. ¡Silencio!

Prosiga, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, este tipo de discusións é bo que as manteñan a porta cerrada. *(Aplausos.)* Comprendo que teñan discusións internas, pero é bo que as manteñan a porta cerrada, porque, se non... *(Aplausos.)* Señora deputada, xa sabemos que vostede non está de acordo cos de Anova, os de Anova non están de acordo con vostede, e o señor portavoz non sabe se facerlles caso aos de Anova ou aos de Podemos. *(Murmurios.)* Pero os galegos temos dereito a saber cal é o seu modelo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!, non, non. Perdón, está no tema, está. *(Protestas.)* ¡Si, si, perfectamente, perfectamente! Non, non, perdón, señor Cal... *(Protestas.)* ¡Non, non, descúlpeme! Estiven atento á pregunta e estou atento á resposta. *(Fortes murmurios.)* Si, si, perfectamente. Estase no tema.

¡Silencio, silencio!

Remata xa o señor presidente cando corresponda.

Prosiga.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Só falei de Anova e de Podemos. Menos mal que non falei de Esquerda Unida, porque, se non, habería un terceiro elemento de discordancia. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Mire, ¿non se dá conta, señor Villares, de que estamos nunha democracia? ¿Non se dá conta de que vir á Cámara con cuestións de modificacións dos datos é unha falta de respecto á Cámara? Sete de cada dez asalariados en Galicia teñen un contrato indefinido, o 70 %. Cando chegamos ao Goberno era o 68,5 %. Ocupados en xornada completa: o 87 % dos ocupados en Galicia están en xornada completa. Na media da Unión Europea son o 80 %, é dicir, hai 7 puntos máis de ocupados en xornada completa en Galicia que na media da Unión Europea. Contratación indefinida: tres anos de crecemento da contratación indefinida; en outubro deste ano subiu un 20 %. A contratación a tempo completo leva crecendo o ano 2013, o ano 2014, o ano 2015, o ano 2016 e o ano 2017.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿Non se dá conta, señoría, que manipular os datos da pobreza é un insulto á desigualdade en Galicia?

Reitérolo: 3,3 puntos menos que a media de España. Hoxe temos unha taxa de pobreza inferior á que tiñamos no ano 2008. Señoría, créame, interésalle máis que fale dos seus problemas internos que de economía.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

(A señora Pontón Mondelo pide a palabra.)

Si, ¿para que quere a palabra, señora Pontón?

A señora PONTÓN MONDELO: Segundo o Regulamento, no seu artigo 77, en calquera momento do debate, calquera grupo ou calquera deputado pode pedir a observancia do Regulamento. E eu quero pedir a observancia do Regulamento en relación co artigo 76, que ten que ver con inexactitudes ou co decoro e dignidade do noso grupo, e permítame explicarllo.

O señor PRESIDENTE: Perdoe, dígame exactamente cal é a inexactitude, que, como ben sabe, segundo o artigo 76, é valorada pola Presidencia.

A señora PONTÓN MONDELO: Si, si, cando se vertan declaracións que teñen que ver coa dignidade do noso grupo, ou inexactitudes. Entón, se me permite...

O señor PRESIDENTE: Entón, ¿cal foi esa?

A señora PONTÓN MONDELO: Se me permite, e con tranquilidade... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Non!, ¡silencio! Vostede non está no asunto, que eu saiba.

A señora PONTÓN MONDELO: Hoxe o presidente da Xunta de Galiza, na resposta que fixo ao noso grupo, deslizou unhas acusacións que creo que son moi graves. Preguntábanos se estabamos do lado do agresor ou das vítimas cando estabamos facendo unha crítica...

O señor PRESIDENTE: Non, xa está, señora Pontón. Perdoe, señora Pontón, xa lle respondo eu a iso. Mire, sei de que lado está ese grupo, perfectamente.

A señora PONTÓN MONDELO: Non, non, pero eu pídlle, señor presidente... *(Fortes murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Non, non, non é valorable. Seino perfectamente, e entendín perfectamente o que dixo o presidente. E en ningún momento iso o considerei ofensivo porque sei de que lado está ese grupo.

A señora PONTÓN MONDELO: Eu quero pedirlle ao presidente que retire esa afirmación.

O señor PRESIDENTE: Non, non ten, señora Pontón...

A señora PONTÓN MONDELO: Se non, xa lle anuncio que imos presentar unha queixa formal, porque ante unha crítica política o que non vale...

O señor PRESIDENTE: Non, señora Pontón, non ten a palabra.

(Aplausos.)

Non ten a palabra, señora Pontón. Non, non, non. ¡Silencio! Non ten a palabra.

Grazas, señora Pontón, non lle corresponde... (A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.) Non, pero está claro. A min quedoume claro. Grazas.

Non é motivo de discusión. Non, eu téño claro. (Fortes murmurios.) (Pausa.)

Por favor, se poden saír canto antes os que teñan que saír, mellor, para que poidamos seguir co pleno. Porque, se non, hai que darlle ao pleno un pouco máis de dinamismo. Claro, isto de saír así... tamén... Podíase saír un pouco máis en escalóns, e non todos así, ¡digo eu! (Murmurios.)

Continuamos coa orde do día, coas proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Ángeles García Míguez e catorce deputados/as máis, sobre a intensificación pola Xunta de Galicia da colaboración coas entidades locais integrantes da Rede de concellos en contra da violencia de xénero, para acadar unha maior efectividade dos recursos e desenvolver de xeito conxunto actuacións nos ámbitos da sensibilización e prevención, información, formación e asistencia ás vítimas

O señor PRESIDENTE: Formuláronse emendas do Grupo Parlamentario Socialista, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do de En Marea.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada María Luisa Pierres López, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición

Débase engadir un novo punto 4 bis na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

<<4 bis. Co fin de garantir o cumprimento e posta en marcha das catro medidas anteriores, dotarase ás mesmas do respaldo orzamentario preciso, comprometéndose o goberno a un incremento porcentual do orzamento das políticas de igualdade, en concreto do capítulo 460.0 do programa 313B de 'accións de promoción da igualdade e prevención da violencia a desenvolver polas entidades locais', ata conquistar duplicalo no horizonte do ano 2020.>>

Emenda de adición

Débase engadir un novo punto 4 ter na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

<<4 ter. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España, o cumprimento do compromiso económico acordado no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, ao obxecto de destinar vía transferencia as partidas correspondentes ás comunidades autónomas, para o desenrolo das medidas correspondentes contempladas en dito pacto.>>

Emenda de adición

Débase engadir un novo punto 4 quater na parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactado co seguinte contido:

«4 quater. O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a demandar do Goberno de España, a que inicie os trámites para as modificacións lexislativas necesarias, ao obxecto de devolución das competencias ás entidades locais no exercicio das políticas de igualdade e contra a violencia de xénero, tal como figura no Acordo do Pacto.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento Galego acorda instar a Xunta de Galiza a:

1- Retirar a campaña institucional do 25 de novembro por ser paternalista, cousificante e reforzar valores contrarios aos obxectivos fixados na lei 11/2017 para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

2. Avanzar na concreción do Pacto galego contra a violencia machista acordado por unanimidade polo Pleno do Parlamento Galego o 25 de xaneiro de 2017 e levar a cabo, para tal efecto, a destinar o 1% do Orzamentos para 2018 á prevención e loita contra todas as formas de violencia exercidas contra as mulleres con especial atención a aumentar os recursos destinados á asistencia e protección delas e as súas crianzas; a mellora dos medios e recursos xudiciais garantindo a existencia de espazos diferenciados para vítimas e agresores en dependencias xudiciais, o acompañamento das mulleres en situación de violencia machista durante todo o proceso e a súa atención por parte de persoal con formación especializada.

2. Cumprir, desenvolver e avaliar o grao de cumprimento da normativa recollida ao abeiro do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, con especial atención ao desenvolvemento e cumprimento do recollido na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.»)

(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Paula Quinteiro Araújo e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación

Débase substituír a parte resolutiva pola seguinte:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

«1.- Intensificar a colaboración cas entidades locais do conxunto do país para loitar contra as violencias machistas, de cara a conseguir unha maior efectividade dos recursos e procurar desenvolver conxuntamente accións no ámbito da:

a) *Sensibilización e prevención: Ao obxecto de contribuír á transmisión de valores igualitarios e á ruptura de estereotipos de xénero, fundamentalmente entre a mocidade e en idades máis temperás, desenvolveranse accións de carácter pedagóxico, educativo, social e lúdico que contribúan a espertar a análise crítica, solidaria e comprometida na poboación, e a previr comportamentos violentos. Para este fin, a Xunta de Galicia colaborará durante todo o ano cos concellos para por en marcha campañas que sexan o máis efectivas e se planifiquen de maneira colaborativa.*

b) *Información: Favoreceranse todas as vías de información sobre os recursos e servizos existentes para a atención ás vítimas da violencia de xénero e realízase, a través de todos os medios dispoñibles, a máxima difusión dos mesmos entre a poboación e entre os concellos.*

c) *Formación: Ao obxecto de sensibilizar e capacitar, tanto a profesionais como a persoal político municipal que dun xeito directo ou indirecto traballan na prevención e no tratamento da violencia de xénero e na atención ás vítimas desa violencia, deseñárase e poranse en marcha accións formativas especificamente dirixidas ao tratamento e erradicación da violencia de xénero.*

d) *Asistencia ás vítimas: poranse a disposición das mulleres vítimas desta violencia, que así o precisen, máis programas e recursos de asistencia e apoio, atención social, xurídica e psicolóxica, ferramentas para autoprotección e apoio aos menores expostos a situacións de violencia de xénero, entre outras.*
2.- *Incorporar de xeito transversal a perspectiva de xénero en todo o orzamento da Xunta de Galicia, prestando especial atención ao orzamento dedicado á colaboración cos concellos; dedicando, cando menos, todos os anos, o 1% dos orzamentos a políticas específicas destinadas á loita contra as violencias machistas ata que mude a realidade.*

3. *Elaborar os Plans Estratéxicos e protocolos de coordinación cunha metodoloxía máis participativa, incorporando como axente fundamental para este diálogo ao movemento feminista galego. Todas as medidas contempladas nestes terán que ir acompañadas dunha orzamentación, temporalización e indicadores claros de avaliación e seguimento.*

4. *Facilitar a contratación progresiva de axentes de igualdade nos concellos.»)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición, ten a palabra a señora García Míguez.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: Bos días.

A nosa proposta neste eido é clara: o traballo conxunto como pulso contra a violencia de xénero. De aquí a nosa iniciativa o día de hoxe, intensificar a colaboración coas entidades locais que integran a Rede de concellos contra a violencia machista. Temos unha base lexislativa que nos ampara, temos o noso Estatuto de autonomía do ano 1981, a nosa Lei orgánica de protección integral contra a violencia machista, contra a violencia de xénero, do ano 2004, e temos a nosa Lei galega, do ano 2007, de prevención e tratamento integral contra a violencia de xénero, que abrangue as inxerencias que xorden no propio Convenio de Istambul,

referente en materia de igualdade dende o ámbito europeo. Na súa disposición adicional segunda, a nosa lei galega relata, así, acordos interinstitucionais e instrumentos de colaboración que especificamente lemos: «O Goberno da Xunta de Galicia impulsará a formalización e a actualización de acordos interinstitucionais e de coordinación entre as diversas instancias e administracións públicas con competencias na materia obxecto desta lei, que serven de canle de actuación e colaboración para conseguir, nos ámbitos policial, sanitario, educativo, xudicial, laboral e de investigación, unha atención e unha asistencia integral e coordinada ás mulleres que sofren violencia de xénero. A Xunta de Galicia habilitará os instrumentos de colaboración necesarios para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero». Todo isto relata a nosa lei galega do ano 2007.

Pero é no ano 2012 cando a Secretaría Xeral de Igualdade, xunto coa Federación Galega de Municipios e Provincias, asinan un convenio con dous fins moi concretos. O primeiro deles é promover a constitución ou a activación das mesas locais de coordinación institucional contra a violencia de xénero. E outro deses puntos é impulsar a Rede de entidades locais contra a violencia machista. As mesas locais de coordinación son instrumentos operativos onde están representados todos os ámbitos municipais implicados directa ou indirectamente na loita contra a violencia de xénero. O alcalde ou un concelleiro preside a mesa e pode ampliar esta representación cos representantes do centro de información á muller, da policía local, dos servizos sanitarios e dos centros educativos, entre outros.

As mesas locais de coordinación teñen obxectivos moi concretos: a detección precoz dos casos, a optimización e coordinación dos axentes implicados, ofrecerlles unha atención e unha resposta áxil ás vítimas, mellorar a protección nos casos que presenten alto risco, e encargarse de informar e sensibilizar tanto a profesionais como a sociedade en xeral.

As mesas locais de coordinación seguen dúas liñas de actuación básicas, que son a prevención e a intervención. A prevención é encamiñada a evitar novas condutas, novas situacións de violencia, a través da formación de profesionais con estratexias de sensibilización. E a intervención determinará os procedementos comúns de actuación en cada caso, segundo os recursos dispoñibles, sendo estes recursos na nosa comunidade autónoma moi amplos. Temos 81 centros de información á muller en toda Galicia, cinco casas de acollida —en Culleredo, A Coruña, Lugo, Ourense e Ferrol—, o Centro de Emerxencia de Vigo —o Cemvi, de Vigo— e o Centro de Recuperación Integral de Santiago de Compostela.

No ano 2016 iniciouse unha segunda fase da activación das mesas locais de coordinación, que se articulou a través da Rede de entidades locais contra a violencia de xénero. Nese ano eran 163 concellos adheridos, e 58 deles tiñan constituída esa mesa local de coordinación. No ano 2017 continuouse con este impulso para mellorar a eficacia, a coordinación e a optimización das mesas locais de coordinación con catro encontros —un por provincia— dirixidos a responsables políticos e ao persoal técnico municipal, profesionais e colectivos sociais interesados para activar as mesas locais contra a violencia de xénero. Os encontros fixéronse un por provincia: na Coruña, participaron 39 concellos da provincia e a Mancomunidade de Ordes; en Pontevedra, participaron 26 concellos da provincia xunto coa Mancomunidade do Salnés; en Viveiro, Lugo, 15 concellos da provincia; en Verín, 16 concellos e 5 mancomunidades de Ourense.

Os obxectivos son moi claros: facer visibles as mesas locais de coordinación como un instrumento operativo, eficaz e estable na loita contra a violencia de xénero; dotar as mesas dunha planificación que permita cumprir cos obxectivos para os que foron definidas; reforzar unha dinámica de traballo conxunto e colaborativo que facilite o intercambio de coñecementos e experiencias entre as xentes e a propia Administración; incrementar o grao e a efectividade da coordinación institucional que contribúa a mellorar a prevención e a atención ás mulleres vítimas desta violencia; acadar unha maior implicación, participación e colaboración de todos os axentes e instancias na detección precoz nos casos de violencia.

Grazas a estes encontros, nas catro provincias galegas constituíronse, dende o mes de abril, oito mesas locais máis: en Cuntis, na Lama, na Mancomunidade de Santa Águeda, en Louzame, en Santiago de Compostela, en Tomiño, Mondoñedo e Chantada; e onte tamén se sumou o Concello de Sanxenxo.

Outro dos puntos importantes que nos trae hoxe aquí é o impulso da Rede de entidades locais contra a violencia de xénero. Así consta no propio convenio asinado coa Fegamp e a Vicepresidencia no ano 2012, como xa lles comentaba. O fin é conquistar unha maior efectividade dos recursos utilizados desenvolvendo accións de sensibilización e prevención, de información, de formación e de asistencia ás vítimas. A Secretaría Xeral de Igualdade porá en marcha un espazo virtual de intercambio de información, experiencias e boas prácticas entre as integrantes da rede que sirva como rede e como fonte de intercambio de experiencias e de información. Tamén se dará puntuación suplementaria a aqueles concellos que integren a Rede contra a violencia ou que formen parte dunha mesa local de coordinación.

Todas as actuacións que se ofrecen ás entidades que forman parte desta rede non comportan custo económico para ningún concello. As actividades son: obradoiros educativos para nenos e nenas, centrados na prevención e nas novas formas de violencia no contexto dixital; a prevención de situacións de violencia de xénero cun curso de defensa persoal e de autocapacidades, impartido por monitores da Federación Galega de Loita; un espectáculo lúdico-musical e pedagóxico que analiza os roles de xénero; diferentes exposicións, programas de asesoramento en terapia familiar para nenos e nenas que sufriron directa ou indirectamente violencia machista; charlas informativas sobre a violencia de xénero impartidas polo persoal do Centro de Recuperación Integral de Santiago de Compostela; e charlas informativas sobre a trata de seres humanos con fins de explotación sexual.

Na actualidade, o número de entidades locais adheridas á Rede de violencia de xénero, por provincias, son 67 concellos na Coruña, 35 en Lugo, 35 en Ourense e 41 na provincia de Pontevedra; un total de 178 concellos que forman esta rede de traballo conxunto contra a violencia machista. Esperamos que todos os grupos apoiem esta iniciativa contra a violencia de xénero nesta semana do 25 de novembro, que, como ben dicíamos onte, cumpre este ano a súa maioría de idade.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora García Míguez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día.

Lamento de verdade que hoxe teñamos que cambiar o ton e teñamos que dicir o que vou dicir hoxe nesta tribuna. Onte trouxemos unha proposta relativa a unha cuestión relacionada coa violencia machista e puidemos acadar un consenso. Pero é que hoxe, entre o que acabamos de escoitar do señor Feijóo e a proposta que trae o Partido Popular, de verdade que non teño case palabras.

Señora Míguez e todos e cada un dos quince deputados e deputadas que asinan esta iniciativa, de verdade que, por respecto a esta Cámara e a todas as mulleres deste país, deberían retirala. Deberían retirala e voulles explicar por que. Miren, eu levo un ano nesta Cámara —apenas un ano— pero pódolles asegurar que, desde que existe o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, poucas veces vimos semellante exercicio de cinismo e de senvergonzonería política. Porque, miren, o que traen —porque igual non o leron, pero voulles explicar o que é—, a proposta de resolución que ten a súa PNL, é literalmente —¡literalmente, agás unha liña!— un acordo coa Fegamp que xa existe. Non só o acordo ao que fixo referencia a señora Míguez —e que presenta practicamente e con literalidade o de 2012—, é que se asinou o novo convenio o 15 de novembro. ¡Isto é unha tomadura de pelo! (Aplausos.) ¿Que nos están traendo aquí? Un convenio que teoricamente xa teñen que estar aplicando. Ou sexa, ¿traen un texto legal que teoricamente vostedes xa tiñan que estar cumprindo, algo que xa se aprobou? Pero ¡que clase de tomadura de pelo é esta á Cámara galega! Pero, ¡de verdade!, se non teñen propostas díganllo á oposición, que lles traemos propostas en positivo para melloralo. Pero, desde logo, isto non é de recibo. (Aplausos.)

Non é de recibo cando temos que vir aquí a escoitar que se nos diga se estamos do lado do agresor ou do lado das vítimas. Non é de recibo cando constantemente, e superando con moito a liña desa mandíbula de ferro —ou de cristal ou do que sexa, que di sempre o señor Santalices que debemos de ter—, superando con moito iso, vostedes ultrapasan moitísimas veces os límites do respecto, como vén de facer o señor Feijóo. Vostedes din que as propostas de emendas —aínda o dicían antonte— eran irresponsables, que eran covardes. Constantemente infantilizan e desprezan as nosas propostas, constantemente. E logo ¿pretenden vir con isto e que non digamos nada, que aplaudamos coas orellas?

En 2012 xa o convenio da Fegamp contemplaba algo que vostedes incumpriron, ao que fixo mención a propia voceira, que era facer dispoñible, vía telemática, este tema das campañas e demais. E agora mesmo tráennos unha proposta que é a literalidade dese convenio —coma por coma, con faltas de ortografía incluídas— e din que se van ceder as campañas en materia de xénero. ¡Home, só faltaría! ¡Só faltaría que a Administración galega teña un material de igualdade e que non o poida usar un concello se o pide! ¡Só faltaría!

De verdade que estamos absolutamente escandalizadas con esta proposta. De verdade, eu non daba crédito cando a vin. Non podo crer que o grupo político de goberno, que ten corenta e un deputados e deputadas, que digo eu que non lle faltará rede coa que consultar e asesorar as súas propostas, nos traian esta auténtica falta de respecto. De verdade que non o podo entender. A oposición cometemos erros, ¡moitísimos!, e seguramente o meu grupo parlamentario o que máis, ¡seguro! Pero isto é que non pode ser aleatorio. Isto é unha tomadura de pelo. De

verdade que non podo crer que o grupo do Goberno, o que ten responsabilidade política directa sobre algo tan importante como a violencia machista, traia isto e polo procedemento de urxencia. ¿Non se lles ocorre outra cousa? ¿De verdade? De verdade que para nós é inaudito, é inaudito. E de verdade que sinto ter que facer esta intervención, pero paréceme isto —e xusto o que acaba de dicir o señor Feijóo— unha absoluta falta de respecto e de decoro.

En todo caso, para nós o prioritario segue sendo avanzar na protección e no tratamento das vítimas de violencia machista e na erradicación da violencia machista. Entón, cando este grupo parlamentario se decida a tomar en serio o Parlamento, estaremos aí para falar. Estaremos para falar, por exemplo, das cuestións desas mesas locais que entendemos que hai que mellorar. Fixemos propostas en positivo cando a señora López Abella veu comparecer para explicarnos o último protocolo que veñen de aprobar. E temos moitísimas máis cuestións que dicir, temos moitas cuestións que trasladar. Como que, por exemplo, a próxima vez que decidan gastar 160.000 euros nesa campaña... Que, loxicamente, no 8 de marzo nós criticámola, non nos parecía adecuada. Pero que o señor Feijóo diga que non había nada que dicir e que agora o facemos por politizar é autenticamente lamentable. Porque é que, co engadido da violencia, vostedes non vexan a gravidade desa cuestión é o que indica que non entenderon absolutamente nada.

Pero —como lles digo— cando queiran falar desas cuestións, poderemos falar e poderemos suxeririlles, por exemplo, que en lugar de destinar 160.000 euros a iso, que reforcen os CIM. Porque un CIM ten de media 30.000, 40.000 ou 50.000 euros, no mellor dos casos, de orzamento. Comparen esa campaña co labor que pode facer un CIM. Ou, cando queiran falar en serio, poderemos falar de que nós seguimos a pensar...

O señor PRESIDENTE: Remate, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...que o tratamento das persoas con algún tipo de problemática do colectivo LGTBI debe ser tratado non como un anexo e un apéndice dos CIM. Ou podemos falar de moitísimas outras cousas, pero, de verdade, non traian aquí a aprobar un convenio que xa existe, como xa asumindo que...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BEGANTIÑOS: ...nin vostedes mesmos cumpren a súa lei e os seus convenios, ¡por favor!, porque non é serio. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Onte presentouse unha iniciativa nosa que falaba, entre outras cousas, da importancia da devolución de competencias á Administración local, dado que a experiencia confirma que,

canto máis achegadas están administración e cidadanía, máis eficaces son as medidas de sensibilización, de educación ou de detección precoz, e máis eficaz é a resposta de urxencia ou o seguimento dos servizos.

Na súa iniciativa, señora García, falan de desenvolver conxuntamente accións de sensibilización e prevención, de información, de formación e asistencia ás vítimas, de aproveitar recursos; en definitiva, de ser máis eficientes. Como dicía a señora Presas, nada novo que non exista, efectivamente, e non estea reflectido nun convenio.

De forma global, este grupo parlamentario apoia esa disposición de colaboración e de coordinación entre a institución autonómica e as locais. Pero é certo que entendemos que é preciso apoio económico firme por parte deste Goberno. Porque as coordinacións, as colaboracións, sobre o papel están moi ben, pero supoñen un esforzo que non se mantén por si mesmo senón que precisa de orzamento que o sustente. Esta reclamación, que parece obvia, está sempre nos debates de case todas as iniciativas, especialmente nas que propoñen accións concretas. E, se é así —e por parte de todos os grupos—, será por algo.

Non tratamos de destruír por destruír e afectar os pasos que se dan, senón todo o contrario. Buscamos, e penso que é o espírito de todos e de todas, fortalecer e apuntalar —neste caso, se cabe, máis— con novas accións e medidas todo o que son políticas de igualdade e de loita contra a violencia de xénero, que, tristemente, tan necesarias son. E se algo sabe unha é que ata descolgar un teléfono para falar ten un custo, ten un custo de tempo, de consumo e de mantemento. Polo tanto, non pretendan vendernos hoxe que impulsarán todas estas medidas e que o farán co mesmo orzamento co que xa contaban o pasado ano. En concreto, na partida do capítulo 460, do programa 313B, de accións de promoción da igualdade e prevención da violencia para desenvolver polas entidades locais, mantense a mesma previsión para a partida dos orzamentos deste ano 2018 que para a de 2017. De aí que nas nosas emendas lles propoñamos que, co fin de garantir o cumprimento e posta en marcha das catro medidas anteriores, é preciso dotar as mesmas do respaldo orzamentario preciso, comprometéndose o Goberno a un incremento porcentual deste programa ata conquistar duplicalo no horizonte do ano 2020. Non nos vale falar de aportar o preciso cando para o vindeiro ano, de aprobarse esta iniciativa, non teñen previsto incremento ningún. E a máis accións, máis orzamento. Nós vémolos así de sinxelo.

Por outro lado, entendemos que é preciso acompañar esa necesidade de orzamento por parte do Goberno autonómico coa reclamación ao Goberno de España do cumprimento do compromiso económico acordado no Pacto de Estado contra a violencia de xénero, co obxecto de destinar, vía transferencias, partidas correspondentes ás comunidades autónomas para o desenrolo das medidas correspondentes contempladas no dito pacto. E non nos equivoquemos. As partidas que se destinarán, segundo o Pacto de Estado, dan a unha media —tirando por arriba— de 2.460 euros por concello ao ano. ¡Xa me dirán que fará un concello como o de Ourense ou o de Vigo con esta cantidade! Nada.

Dado que é evidente que estamos a falar dunha cantidade insuficiente, entenderán vostedes que incidamos en que si é preciso apoiar os orzamentos con partidas extraordinarias por parte do Goberno autonómico. Non desdeñaremos o ofertado polo Estado, pero non se sostará sen as aportacións autonómicas.

Así mesmo, entendemos que é necesario instar o Goberno de España para que inicie os trámites para as modificacións lexislativas necesarias co obxecto da devolución das competencias ás entidades locais no exercicio das políticas de igualdade e contra a violencia de xénero, tal e como figura no acordo do Pacto. Todo o que vostedes hoxe propoñen sería moito máis acaído se esta transmisión das competencias se consegue acelerar. Onte reclamámosllelo na nosa iniciativa: axilizar e urxir o cumprimento dos prazos establecidos no Pacto. Todas e todos os que aquí estamos sabemos do arduo das modificacións lexislativas, por iso hai que darlle prioridade e tratar de dar os primeiros pasos o antes posible.

Coa consideración destas emendas, este grupo parlamentario amosaríase disposto ao apoio da iniciativa. Pero tamén teña claro, señora García, que non se pode pedir o apoio a iniciativas que nada novo aportan e mostrarse, desde logo, reticentes —ou eu diría que alérxicos— a propostas deste grupo que falan de urxencia, de axilidade e de traballar por acurtar prazos.

En todo caso, cada un sitúase onde considera, e vostedes hoxe estanse posicionando onde penso que non deberían.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pierres.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Quintero.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Bo día, antes de comezar, quero facer unha aclaración, que ás veces parece importante escoitando as palabras do presidente. Para nós é fundamental a loita contra as violencias machistas non só nestas datas sinaladas, senón, por suposto, todo o ano. E outra cousa que é moi importante tamén: contra todas as formas de violencia machista, porque moitas veces unicamente nos centramos nas máis visibles e nas máis cruentas pero esquecemos as que pasan de maneira desapercibida, que están totalmente normalizadas e que tamén hai que visibilizalas e combater contra elas. Subscribimos todas as palabras das dúas portavoces, do Bloque Nacionalista Galego e do PSdeG, e a maiores pensamos que hai cuestións desta iniciativa que se fan dende unha perspectiva moi partidista. Por suposto, nós concordamos con que é fundamental contar cos concellos e, ademais, con que na loita contra as violencias machistas estas administracións teñen un papel fundamental pola cercanía que teñen e esa facilidade que teñen de contar coa sociedade, por ser, digamos, a administración máis cercana. Pero precisamos mellorar a coordinación con estes de maneira colaborativa, non impoñéndolles unhas determinadas cuestións e non deixando fóra determinados concellos —que entendemos que é o que se pretende con esta iniciativa—. E, sobre todo, temos que dotalos orzamentariamente. Non vale de nada que descarguemos responsabilidades nos concellos, como en moitas outras cuestións, se despois non os dotamos orzamentariamente. Porque, se non, quedará todo en palabras baleiras, como coordinación, como ese protocolo de coordinación que tamén se mencionou aquí, que por suposto é unha boa base pero que non serve de nada se despois non hai recursos suficientes para pór en marcha todos estes protocolos e todas estas medidas que se describen, tanto no protocolo de coordinación como

na propia lei galega contra as violencias machistas. E quizais era bo momento, dez anos despois, para avaliar en que estamos fallando, porque os datos seguen sendo escalofriantes. E entendemos que non se fai ningunha avaliación rigorosa sobre isto, porque a avaliación anual, así, como de trámite, non está chegando.

Por iso facemos unhas emendas para modificar un pouco a perspectiva que entendemos que ten este texto e para incluír todos os concellos. Nós concordamos —e, de feito, moitas mareas municipais forman parte das mesas de coordinación local— en que pode ser un bo paso. Pero estas mesas de coordinación local teñen que funcionar —digamos— con máis apoio da Administración que cun folleto informativo. Entendemos que para impulsalas non chega con facer charlas informativas senón que hai que dotalas de protocolos concretos, de orzamentos concretos. E, sobre todo, mentres non todos os concellos estean adheridos a esta rede será fundamental que a loita contra as violencias machistas se faga con todos os concellos, non unicamente cos que están adheridos. Porque entón estaremos deixando fóra unha parte de concellos que tamén son fundamentais na loita contra as violencias machistas.

E nós concordamos con que o traballo conxunto é fundamental, o traballo conxunto dentro deste Parlamento e, por suposto —e, se cadra, de xeito máis importante—, coa xente que está fóra, con toda a sociedade. Pero pensamos que hai determinadas actitudes que non favorecen nin facilitan en absoluto esta colaboración. Por iso aproveitamos tamén esta intervención para facer unha chamada de atención, e esperamos unha rectificación do deputado señor Daniel Vega, que fixo unhas declaracións públicas na radio, na Ser, en Monforte, onde falaba de que a campaña «En negro contra as violencias» era exaxerada porque era unha campaña de loito coma se morreran mulleres cada segundo. Eu dígolle, señor Daniel Vega, que ao mellor no mundo non morren mulleres cada segundo, pero si morremos cada ano, morremos cada mes e, ao mellor, tamén somos agredidas sexualmente todos os días, cada 8 horas. E, ao mellor, si é necesario visibilizalo, non é para nada exaxerado. *(Aplausos.)*

E, ademais, este deputado tamén dicía —e é público, por sorte é público, non o dixo nunha conversación privada— que hai que condenar todas as violencias, aludindo a un caso de maltrato infantil por parte dunha nai. Isto son declaracións totalmente intolerables. É a banalización das violencias machistas. Non serve absolutamente de nada que traian aquí este tipo de iniciativas con declaracións absolutamente intolerables. Eu pídlle que rectifique, que rectifique publicamente, que pida perdón. Porque a banalización das violencias machistas non pode saír gratuíta politicamente. Espero que a portavoz do Partido Popular se desmarque destas declaracións. «Estamos de loito» non é unha campaña exaxerada. ¡Claro que debemos estar de loito!, hoxe, o 25 de novembro, e todos os días deste ano, porque nos están matando, agredindo e cosificando diariamente; moitas veces tamén as propias administracións públicas —xa falaremos da campaña da Xunta de Galicia sobre a que traemos unha pregunta específica—. Pero moi vencellado con isto, cando estamos vendo toda a mediación do famoso caso das agresións do San Fermín, vemos como sae o Ministerio cun cartel marabilloso que, por sorte, xa retirou. As mulleres non somos violadas por levar unha determinada vestimenta, non somos violadas por beber alcohol, nin somos violadas por ser irresponsables. Somos violadas porque hai violadores, porque existe o machismo. Entón, deberían de ter claro iso e deixar de ter esa visión paternalista e machista, e pedir perdón por determinadas actuacións e determinado tipo de... Xa non sei o que ía dicir.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Turno de peche da proposición non de lei.

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora García Míguez.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: Bos días outra vez.

Voules dicir que hoxe non me van atopar na súa loita partidista, eu creo que hoxe non toca. Hoxe a nosa proposta é unha proposta en positivo, señora Presas. Se non preparou o tema, non leu o tema e non sabe e non coñece o tema, é unha proposta en positivo, unha proposta para que se adhiran todos os concellos á loita contra a violencia de xénero, todos os concellos a través das mesas locais de coordinación, e que se adhiran a través da Rede de Municipios contra os Malos Tratos. Eu creo que é unha proposta en positivo. Xa sabemos que é unha proposta que vén dende o ano 2012, non é unha novidade. Pero o que quere a Xunta de Galicia, o traballo da Xunta de Galicia, é que os concellos se sumen e que se poidan facer todas as actividades dun xeito gratuíto, como ben indicaba na miña proposición. Dende logo, hoxe a carnaza non toca. A carnaza política, nun tema como a violencia de xénero, creo que non toca. Creo que temos unha responsabilidade dende este Parlamento, creo que temos que amosarlle á nosa sociedade galega que estamos todos os grupos, En Marea, o Bloque Nacionalista Galego, o Partido Socialista de Galicia e o Partido Popular apoiando as vítimas de violencia de xénero, apoiando os fillos das vítimas de violencia de xénero (*Aplausos.*) e apoiando as mulleres vítimas de violencia de xénero. Polo tanto, eu creo que esa é a nosa proposta, creo que o Pacto de Estado é o reflexo desa iniciativa, un pacto de Estado no que saíron as medidas en positivo de todos os grupos políticos deste Parlamento, que apoiamos todos os grupos políticos neste Parlamento. E amosamos que temos unha comunidade autónoma que está unida nese pacto de Estado contra a violencia de xénero; un pacto de Estado que se aprobou no último pleno do mes de setembro, o 28 de setembro, no Congreso dos Deputados. Esa é a nosa esperanza, o traballo conxunto. E, dende logo, como dicía o presidente da Xunta de Galicia, tendemos a man a todas as forzas políticas, se queren traballar unidas contra a violencia de xénero, contra todas as mulleres falecidas e para apoiar as súas familias e as súas fillas e os seus fillos.

Pola miña banda, máis nada e moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(*A señora Presas Bergantiños pide a palabra.*)

Señora Presas, ¿para que quere a palabra?

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Se me dá palabra, explícollo.

Con base no que contempla o artigo 77.2 do Regulamento, é para pedir a lectura dun documento nesta Cámara antes de rematar este debate.

O señor PRESIDENTE: ¿Cal é o documento, por favor?

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Quería ler a parte final do protocolo de colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Secretaría Xeral de Igualdade e a Fegamp asinado o pasado 15 de novembro de 2017.

O señor PRESIDENTE: Eu creo que iso xa o comentou no debate.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Pero visto que a señora Míguez non preparou a iniciativa e eu si, para que toda a Cámara poida coñecer cal é a literalidade...

O señor PRESIDENTE: Perdón, perdón, señora Presas, escoite. Sabe que esa é unha decisión da Presidencia e que, efectivamente, o Regulamento contempla iso. Pero é valorado pola Presidencia. E eu escoiteille a vostede exactamente debater sobre ese mesmo tema que vos- tede vai ler. Polo tanto... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Pero ler a literalidade, para que as e os deputados...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas, señora Presas.

Quedou claro no debate, eu estiven atento ao debate. *(A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.)*

Señora Presas, quedou claro no debate. Imos ver se votamos. Están pendentes dunha transacción, imaxino... *(Pausa.)*

Comezamos as votacións. Pechen as portas, por favor.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Comezamos as votacións coa do Grupo Parlamentario de En Marea sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para trasladar ao Goberno do Estado a necesidade de modificación da Lei xeral da Seguridade Social para mellorar a situación das persoas afectadas pola xubilación anticipada.

Había unha emenda *in voce* do Grupo Parlamentario Popular, e estabamos pendentes dun texto. Vostedes dirán como está. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Señora Vázquez Verao?

A señora VÁZQUEZ VERAO: Trasládouse á letrada.

O señor PRESIDENTE: ¿É este que me acaban de dar? *(Pausa.)*

A proposta de transacción é substituír os puntos 1 e 4 polos seguintes: «O Parlamento de Galicia considera necesario estudar a modificación da actual regulación das modalidades de

acceso anticipado á xubilación, polo que o Parlamento insta a Xunta de Galicia para que se dirixa ao Goberno do Estado para que, no marco do Pacto de Toledo, con presenza de todos os axentes e sindicatos representativos, se proceda a estudar e valorar as seguintes medidas, garantindo en todo caso a viabilidade do sistema de pensións:

1. Realizar as modificacións necesarias na Lei xeral da Seguridade Social que para os efectos de acreditación do citado...>>

Continúa xa coa proposta que estaba feita. Entón, este é o texto. ¿Están de acordo? (Asentimento.)

Votamos, polo tanto, esta transacción.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Vázquez Verao e trece deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para trasladar ao Goberno do Estado a necesidade de modificación da Lei xeral da Seguridade Social para mellorar a situación das persoas afectadas pola xubilación anticipada.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 67.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto.

O señor PRESIDENTE: *Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista sobre a posta en marcha polo Goberno galego dos medios necesarios para posibilitar o acceso gratuíto da cidadanía a todas as catedrais que recibiron nalgún momento achegas económicas de carácter público.*

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María de la Concepción Burgo López e D. Luis Manuel Álvarez Martínez, sobre a posta en marcha polo Goberno galego dos medios necesarios para posibilitar o acceso gratuíto da cidadanía a todas as catedrais que recibiron nalgún momento achegas económicas de carácter público.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona María Luisa Pierres López e catro deputados/as máis.*

Estaba pendente unha transacción. ¿Pódenla ler, por favor?

A señora PIERRES LÓPEZ: Si, hai unha transacción no punto 1 co Partido Popular, no que se cambiou un termo. Pasaría a dicir: «Que se cumpran e axilicen na medida do posible os prazos establecidos...» etc.

Tamén hai unha transacción co BNG de emenda de engádega, que di así: «Desenvolver as modificacións orzamentarias precisas para non adiar a aplicación do pacto de Estado no escenario de prórroga orzamentaria, e aprobar un calendario de cumprimento e avaliación do pacto que garanta a realización das modificacións lexislativas precisas antes de setembro do 2018, así como a previsión orzamentaria para cada unha das medidas contempladas».

Así mesmo, aceptouse unha votación por puntos, agrupando 1, 2, 3 e 4 por un lado, e o 3 bis por outro.

O señor PRESIDENTE: Votamos, polo tanto, esta transacción, e comezamos votando por puntos.

En primeiro lugar, votariamos o punto 3 bis.

Votamos.

Votación do punto 3 bis do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López e catro deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa aplicación das medidas reflectidas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 38

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora o resto dos puntos desta proposición non de lei.

Votamos.

Votación dos puntos 1, 2, 3 e 4 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Luisa Pierres López e catro deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa aplicación das medidas reflectidas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 67.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados estes puntos do texto transaccionado da proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Paula Prado del Río e seis deputados máis.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Paula Prado del Río e seis deputados/as máis, sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central do impulso das medidas necesarias para a celebración, o 6 de decembro de 2018, do cuadraxésimo aniversario da Constitución española de 1978, así como a posición do Parlamento de Galicia en relación cos actos conmemorativos que están a promover e coordinar as Cortes Xerais para a súa celebración.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 51; votos en contra, 16.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da señora Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis.

Non foi aceptada a emenda do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto da xestión que se está a levar a cabo en relación coa situación política en Cataluña.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 6; votos en contra, 51; abstencións, 10.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas e cinco deputados/as máis.

Hai unha transacción. Se fai o favor, señora Presas, pódenola ler.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Non sei se aproveitar e ler algunha cousa máis. (Risos.)

«O Parlamento de Galiza insta a Xunta de Galicia a, desde o respecto á autonomía universitaria, propor ás universidades galegas a modificación dos actuais plans de estudos do máster universitario en profesorado para a incorporación dunha materia específica sobre a atención e a prevención da violencia de xénero de cara a reforzar os contidos que deben impartirse na actualidade de xeito transversal, e seguir propiciando a adquisición de compe-

tencias das e dos futuros docentes para afrontar a transmisión de valores que fomenten a igualdade e a convivencia nas aulas, así como a resolución de conflitos.»

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votamos esta transacción.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre o desenvolvemento pola Xunta de Galicia, en cumprimento do artigo 14 da Lei 11/2007 e en colaboración coas universidades públicas galegas, das actuacións necesarias para garantir a incorporación dunha materia específica para a formación en prevención e atención á violencia de xénero no ámbito do máster universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanzas de Idiomas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 67.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona Carmen Santos Queiruga e don Luis Villares Naveira.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Carmen Santos Queiruga e D. Luis Villares Naveira, sobre a creación pola Xunta de Galicia dunha oficina anticorrupción onde se poidan denunciar, de xeito anónimo, posibles casos de corrupción no sector público galego.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Por último, votamos a do Grupo Parlamentario Popular por iniciativa de dona María Ángeles García Míguez e catorce deputados/as máis.

Hai emendas dos tres grupos. Non sei se hai unha transacción. ¿Hai transacción neste asunto? ¿Chegaron a algún acordo? (Pausa.)

Non hai acordo. Entón non se acepta ningunha das emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Ángeles García Míguez e catorce deputados/as máis, sobre a intensificación pola Xunta de Galicia da colaboración coas entidades locais integrantes da Rede de concellos en contra da violencia de xénero para acadar unha maior efectividade dos recursos e desenvolver de xeito conxunto actuacións nos ámbitos da sensibilización e prevención, información, formación e asistencia ás vítimas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; abstencións, 29.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron as votacións. Abran as portas, por favor.

Continuamos co punto 5, que é o de interpelacións.

Interpelación de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa situación do persoal sanitario do Sergas

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Bo día.

Antes de comezar, quería, ao igual que os meus compañeiros, comprometerme, de maneira individual e tamén como deputado do Partido Socialista, co Pacto de Estado contra a violencia de xénero e prometer traballar para mellorar e enriquecer o mesmo desde o colectivo e tamén individualmente. *(Aplausos.)*

Indo ao contido explícito da iniciativa, quería comezar tamén por agradecer ao Partido Popular e ao conselleiro o apoio que van dar a esta moción no vindeiro pleno. Dígoo basicamente porque, grazas a unha moción nosa, se convocou unha OPE de sanidade que foi aprobada grazas a unha iniciativa do Partido Socialista en marzo pasado. E grazas a que trouxemos esta iniciativa para este pleno, xusto despois de que se soubera, convocouse por fin esa OPE que reclamamos. É das primeiras veces que temos constancia de que a oposición parlamentaria, que non ten maioría e que non sostén o Goberno, convoca OPE de convocatoria pública. Pero tamén é de recoñecer, e eu quero facelo publicamente, ao señor conselleiro que valore as aportacións dos grupos e que neste caso convocase a OPE, que case, case, se pode dicir que a convocou o Partido Socialista. Pero agradecemosllo. Supón un xesto pola súa parte escoitar a oposición e recoñecerlle o seu traballo, cousa que lle agradezo sinceramente.

En xeral e aínda así, ten moito sentido esta iniciativa, porque, aínda que a OPE pode ser unha pequena axuda, e vaina ser, hai moito máis por facer. E nós consideramos que hai un problema

serio de persoal na sanidade pública, non do que existe e que está traballando, senón do que falta e da calidade do traballo que teñen. É un problema, basicamente, de cantidade e de calidade.

E en termos de calidade, hai un problema de precarización gravísimo. Algúns días despois de que esta iniciativa fose rexistrada e fose comunicada para a orde do día do pleno saíu unha noticia —e a verdade, pódollo prometer, señor conselleiro, que eu non decido as noticias dos medios de comunicación, particularmente dalgún— que era realmente estremecedora, non por descoñecida senón porque quizais é unha maneira de dar difusión a unha idea que moitos grupos —nós particularmente— vimos defendendo e vimos expoñendo durante moito tempo. Hai traballadores sanitarios que declaran ter 270 contratos en cinco anos, 2 contratos nun mesmo día, ser avisados ás 8 da mañá para ter que entrar a traballar ás 8 da mañá, ou ter un contrato de 4 horas e ter que aceptalo a pesar de ter fillos enfermos porque, se non, perden posicións nunha lista de traballo. Condicións laborais leoninas, ter que resolver a vida persoal en minutos, non poder dispoñer do teu tempo porque tes que estar dispoñible por se te chaman, que non quere dicir que te vaian chamar... Unha situación de precariedade que provoca, primeiro, unha dualidade laboral perigosa, a de persoas facendo o mesmo traballo coa mesma responsabilidade, coa mesma titulación e dentro do mesmo servizo que teñen un problema porque teñen diferenzas notorias e moi amplas na calidade do seu traballo. E, segundo, porque teñen un problema de estrés, de queime laboral, un problema que xera riscos á hora de funcionar e de traballar. O sindicato SATSE denunciaba, a través dalgún dos seus portavoces, que o 80 % da enfermería española —consideramos que a porcentaxe pode ser asimilable a Galicia— está estresada, e que o 50 % sofre problemas de queime laboral. Son graos moi altos, moi elevados, e que dificultan profundamente a capacidade de traballar.

Hai unha sentenza da Unión Europea, que vostede coñece, que pon o foco no feito de que a sanidade —ademais doutros ámbitos da Administración, pero a sanidade especialmente— concatena contratos aos traballadores para ocupar durante moitísimo tempo e de maneira eventual postos de traballo que son estruturais. A primeira vez que nós falamos desta sentenza aquí díxosenos en comisión que iso non afectaba o Sergas. En realidade xa hai sentenzas en Galicia que afectan o Sergas. E nós vimos demandando que este é un problema que afecta a moitísimos traballadores eventuais que están ocupando traballos. Esa mesma noticia citaba traballadores que levan máis de tres anos no seu posto de traballo todos os días pero que non firman contratos de máis de tres meses nunca, e que incluso durante un tempo os firmaban dun mes.

Estamos falando dun problema que é copiar o peor do peor do modelo laboral liberal, que é a explotación. Está a Consellería de Sanidade ao bordo de ser explotadora laboralmente dos seus traballadores, e isto, ademais, sobre un servizo que necesita unha estabilidade mínima, que necesita unhas condicións laborais mínimas. Polo tanto, nós non podemos amparar o nivel de explotación, e demandamos que exista unha mellora clara na calidade do traballo.

Hai un problema tamén de cantidade. Basicamente, o emprego que temos é insuficiente. Hai algunhas cuestións que contribúen a demostralo. Vostede ten uns cadros de persoal, ou pública uns cadros de persoal, que son falaces. Vou pretender dar algúns números, pero basicamente o que o demostra son as listas de espera que sufrimos. Con máis persoal teríamos menores listas de espera.

Temos citado algunhas, pero eu creo que é un bo momento para comentarlle algunhas desas que vostedes din que non existen. Cita solicitada o 14 deste mes —psicoloxía para un problema grave— e cita concedida para o 19 de decembro, catro meses para un problema grave de persoas que teñen necesidade dun servizo de psicoloxía. Servizo de dixestivo: cita xa dada hai tempo, para o 17 de setembro do 2018, para o 17 de setembro. E estamos falando de citas de case un ano. Podería dicirme que son puntuais. Pero, se cadra, tamén é puntual que, no mesmo servizo de dixestivo noutro hospital —neste caso en Vigo, gran hospital—, sexa para o 10 de outubro do 2018. Podería dicirme que son casos illados. Pero, curiosamente —e seguro que xa lle soa—, unha cita no servizo de rehabilitación do Barco de Valdeorras —ese hospital ao que lle queren quitar servizos— para o 17 de xuño de 2019.

Isto seica parece unha carreira por ver quen ten a cita máis lonxe. E vostedes a verdade é que están favorecendo que sexa unha carreira con moitos candidatos, porque a realidade é que estamos falando de citas que teñen esperas dun ano, dun ano e medio, para servizos que non poden esperar. E, polo tanto, nós o que consideramos é que iso é necesario resolvelo.

É certo que vostedes, con esta convocatoria da OPE, poden resolver unha parte. Tamén cabe lembrar que vostedes lle dixeron á OPE, primeiro, que si, logo que non, logo que simple, logo que dobre, logo que a condicionaban, e chantaxeaban, aos orzamentos estatais, logo que a deixaban de condicionar, logo que a ían convocar, logo que non, logo que a volvían condicionar aos orzamentos do ano seguinte, logo que dependía doutra cousa. Vostede é un «vai e non vai», nin arre ni xo, coa convocatoria da OPE. Fixo vostede un pouco un «Puigdemont» coa OPE de sanidade, vai e non vai. Igual estaba pensando en ser candidato do PDeCAT, por isto de que fan e non fan. Polo tanto, teña un pouco de sensibilidade coa xente que está dependendo do sistema, tanto polos que van traballar como polos que somos usuarios. Porque non se poden facer estas convocatorias de «OPE interruptus», como as que fai vostede.

En todo caso, estes problemas levan a problemas de substitución. Vostede ri. Non, se igual lle fai graza que haxa xente que leve anos traballando por horas, ou que a contraten de luns a venres, e empezan o contrato o luns para non pagarlle a fin de semana. Ri o señor Núñez Centeno. ¡Claro, é que vostedes non teñen ese problema! Pero hai xente que si, e os usuarios sófreno. Igual a vostede lle parece unha graza que o sistema sanitario dependa, en moitísima parte, de persoas que teñen un contrato polo que non saben se van traballar mañá. E eu non lle desexo iso a ninguén, pero, ademais, moito menos aos sanitarios. Vostede é profesional sanitario, e eu sempre defenderei que teña, no momento no que vostede volva á súa profesión, se así o decide, unha dignidade no seu traballo, e ímoloo defender nós tamén. Pero, ¡por favor!, pensen na xente que está nesa situación.

Vostede ten un problema coas substitucións. Mire, eu son de Vilagarcía e vostede sabe que alí, nun núcleo urbano que é Vilaxoán, que pode referenciar a varios miles de persoas, ten unha consulta cunha profesional que está de baixa e non a substitúen. E eu dígolle a verdade, non sei se vostede coñece Vilaxoán ou non, ou coñece os de Vilaxoán, que non lle son xente que lles guste que lles quiten servizos. Dígollo porque sempre está ben telo en conta.

Vostede ten un cadro de persoal falaz. Voulle facer unha pequena conta. Ten, aproximadamente, un cadro con 35.000 profesionais. Pero todos os cálculos que fan todos os colectivos

din que aproximadamente 7.000 deles non están, cóbrense con persoal eventual. E 7.000 deses son 1 de cada 5. Se collemos os 1.700 millóns que se dedican a persoal, 1 de cada 5 fan unha conta de 340 millóns de euros. Se lles sumamos o fondo de continxencia, que son 31, e se lles sumamos 16 millóns que vostedes cambiaron da partida orzamentaria para o último trimestre, estamos falando de practicamente 400, de 387 millóns de euros. Son 387 millóns de euros en persoal eventual. Vostedes patrocinan a precariedade con case 400 millóns de euros ao ano. ¿Vostede cre que iso é eficiente? Nós cremos que non; primeiro, porque non defende a calidade do traballo e, segundo, porque non defende a calidade do sistema. A única diferenza está en se, de verdade, vostede defende a calidade do sistema.

En xeral, nós tiñamos unha emenda, proposta este luns, de incrementar 34 millóns de euros a partida para persoal, para facilitar a estabilidade no sistema. Vostedes votaron en contra, non tiñan ningunha dúbida. Pero, máis alá de que voten en contra das nosas propostas ou de que lles gusten máis ou menos, eu pídolles que valoren cumprilas. Porque temos un persoal moi bo pero estamos saturando o noso persoal, está facendo un sobreesforzo enorme. E temos moitísimo persoal que está indo a outros lugares polas mellores condicións laborais, e temos un persoal que non pode, aínda que quere, traballar aquí. E iso fai perder poboación, perder calidade no sistema e fainos ser un sistema peor. Lembre que somos o terceiro peor sistema sanitario de toda España valorado polos usuarios, lembre que iso di o Barómetro Sanitario. E nós o que lle plantexamos é esta interpelación para que nos dea a súa valoración de se cre que 400 millóns de euros que patrocinen a eventualidade é eficiente, se cre que un sistema que perde profesionais —e non como dixo o señor Feijóo, que gañamos profesionais...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...porque gañar profesionais estables sería ilegal, porque non podemos cubrir, grazas ao señor Montoro, pola taxa de reposición—... Se vostedes cren que é bo defender que gañamos persoal pero persoal que ten que entrar a traballar ás oito e cinco, pero que o chaman ás oito, non nos van encontrar nesa viaxe. Pero se queren de verdade seguir aprobando iniciativas nosas, como fixeron coa OPE —a pesar de que as teñan que convocar porque as convocamos nós—, nós ímolos apoiar.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moi bos días, presidente.

Señores deputados.

A verdade é que sorría hai un momento porque me fai graza cando o señor Torrado fala de todo; é dicir, da situación laboral dos traballadores do Sergas, do señor Puigdemont, de «OPE interruptus»... Sobre todo, di algo moi importante, e agradezo, desde logo, que estea contento coa OPE que vostede fixo que o Sergas sacara e publicara. (*Aplausos.*) Pero teño que re-

cordarlle que xa o presidente falou moito antes, en febreiro, deste tema. Pero quero agradecerllo, este é un día importante. Porque antes un grupo dicía que estamos saíndo da recesión económica —era a primeira vez— e agora o señor Torrado, do Grupo Socialista, di que en sanidade o estamos facendo moi ben. Moitas grazas.

Cando sempre repite ese mantra de que é o terceiro servizo peor valorado, eu tamén saco publicacións de periódicos, que non son redactados por nós, que dende logo din que 2 de cada 3 galegos consideran que a nosa sanidade pública funciona ben ou bastante ben. Ou din que, cando ten que elixir a xente entre público e privado, en Galicia di que quere ir á atención primaria o 83 % das persoas, e en España está no 69 %. ¡Algo se debe estar facendo ben en atención primaria! E a consultas externas, no hospital, en Galicia quere ir o 67,7 % e, no resto de España, o 57 %. En hospitalización, o 84 % queren estar ingresados nun hospital público; e, en España, o 68 %. En urxencias, queren ir a urxencias públicas o 80 %; e, en España, o 66 %. Polo tanto, os galegos creo que teñen claro que funciona moi ben a sanidade pública.

No que se refire a recursos humanos, como digo, vostede fixo unha mestura de todo, falou de todo ou de case todo. Ata falou, coma sempre, das catro anécdotas de entre millóns de consultas. Fala dunha de aquí e outra de alá. Ben, imos falar de recursos humanos, que creo que era o que nos pedía en primeiro lugar.

Xa na miña comparecencia quixen explicar o proxecto de orzamentos para o 2018 —vostede tamén estivo alí—, e dixen que contamos con 1.702 millóns de euros, dos que 1.645, o 96,6 %, corresponden ao Sergas. Así, o 43,8 % do orzamento da Consellería está destinado aos nosos profesionais, o maior capítulo dos nosos orzamentos. Na nosa estratexia sempre estivo e estará presente o obxectivo de avanzar na estabilidade dos nosos profesionais.

O punto número 1, o que para nós é importante en recursos humanos: a estabilidade. No pasado mes de abril demos un paso importante coa sinatura do Plan de estabilidade no emprego e provisión do persoal estatutario do Sergas 2017-2018, no que plasmamos o noso compromiso de reducir a temporalidade no Servizo Galego de Saúde, e que permitirá reducir ata o 5 % a porcentaxe que representa o persoal eventual. O obxectivo do Ministerio, a nivel nacional, é do 8 %. Nós estamos plantexando o 5 %.

Punto 2: incremento de persoal. Dicía vostede que non se poden crear prazas e demais. O Sergas, neste orzamento de 2018, vai crear 365 novas prazas, das cales calculamos que máis de 100 serán para médicos. Achegarémonos aínda máis a ese obxectivo, que, como comentaba anteriormente, é de reducir a interinidade ata o 5 %.

Punto 3: a OPE —non «OPE interruptus» senón OPE—. Estamos en disposición de cumprir o noso compromiso e duplicar na OPE de 2017 o total da oferta do ano 2016. E xa anunciamos que a OPE de 2017 será de 1.617 prazas —como digo, anunciado xa hai moitos meses polo presidente da Xunta—. Por certo, cumprindo o total da PNL aprobada no pleno do 21 de marzo.

Así mesmo, no Horizonte 2017-2020, a través de novas ofertas, ao redor de 5.000 persoas poderán acceder a unha praza estable. Este acordo foi para nós un acordo moi importante,

porque estiveron, xunto con nós, Comisións, UXT e CSIF, e tamén se adheriron a continuación sindicatos como Satse, e CESM-Omega.

Punto número 4: negociacións. En diferentes mesas sectoriais tratouse cos representantes dos traballadores sobre os acordos e pactos de melloras retributivas, que quedaron suspendidos nas leis de orzamentos ao fío da crise económica. Hai dereitos que se foron recuperando nesta última lexislatura, como a devolución da paga extra de decembro de 2012, a suba do 1 % das retribucións no 2016, a devolución do complemento específico adicional de xaneiro e febreiro de 2013, e a recuperación dos días de libre disposición máis os días adicionais de vacacións. Xa na Lei de orzamentos do ano 2017 contemplouse recuperar os complementos específicos adicionais das pagas extras de xuño e decembro, así como un incremento do 1 % máis de subida nas retribucións.

Así mesmo, adoptáronse outras medidas de mellora das condicións de traballo. Quedamos, de todos os anos, de promover unha OPE, un plan de estabilidade para reducir os índices de temporalidade, un novo pacto de contratación, o concurso de traslados aberto e permanente, e outros variados. No Proxecto de lei de orzamentos para o ano 2018, e de conformidade coa futura lei de orzamentos do Estado, contéplase unha subida salarial do 2 % ás retribucións de todos os empregados públicos. Como di vostede, e sabe moi ben, ten que ser aprobado o orzamento a nivel nacional. Esperemos que o Partido Socialista, e con ese sentido de responsabilidade que ten vostede e o seu grupo, poida facelo.

No Proxecto de lei de medidas, e para ampliar a protección da maternidade, contéplase unha ampliación da duración dos permisos de maternidade e paternidade, e no aboamento do promedio da atención continuada, gardas médicas, noites e festivos, nas situacións de maternidade, paternidade e risco durante o embarazo e lactancia. Así mesmo, acordouse cos sindicatos da mesa sectorial sentar as bases do sistema ordinario de carreira profesional para todos os colectivos de persoal estatutario, cun compromiso de recoñecemento de novos graos no ano 2018.

En canto a concertos, polo que se refire á cantidade dedicada a concertar coa sanidade privada, unha vez máis teño que dicirlle que é importante que exista —creo que o seu grupo tamén así o defende— un sector privado complementario ao sector público que engada valor ao sistema sanitario no seu conxunto. A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia —por certo, cunha conselleira pertencente ao Partido Socialista— evidencia que pon a énfase no carácter público do sistema, e establece, ademais, o denominado sistema de saúde de Galicia, onde ten lugar o encontro e a complementariedade do sistema público e o sector privado de atención sanitaria; sector privado no que se inclúen os centros, establecementos e servizos de titularidade privada tales como hospitais, clínicas, farmacias, transporte sanitario, laboratorios e demais provedores privados.

O orzamento en concertos en 2018 é de 205,5 millóns de euros, un incremento do 1 % respecto de 2017; diminución que é moito menor que respecto do 2009 —que foi o último que vostede puido xestionar, que foi do 6,8 % inferior—.

Aínda que as principais partidas de actividade concertada corresponden aos hospitais, neste orzamento —como dicía— hai outras cousas que están incluídas, como programas especiais

de hemodiálise, transporte sanitario e os centros de diagnóstico e tratamento. Segundo a Asociación de Hospitais Privados de Galicia, a actividade concertada en Galicia supón 76,6 euros por habitante, fronte aos 125,4 de media de España.

Señoría, nunca perdemos a disposición ao diálogo, e estamos sempre abertos ás negociacións que nos permitan, dentro do consenso e do realismo, acadar as medidas que conleven a mellora das condicións dos profesionais da sanidade. Así o estamos a facer e así o imos seguir facendo. Desde logo, cremos que se van dando pasos importantes avanzando nesta intención. E consideramos que debemos ter o apoio dos grupos parlamentarios para seguir nesta senda.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Na rolda de réplica, ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Ben, é curioso que son eu o que fala de cousas que non tocaban. Trouxen hoxe unha interpelación e falei de persoal. Vostede falou da Lei do 2008. ¡Como me gusta que celebre a Lei do 2008!, non sei por que a quere cambiar por sexta vez. Pero, bueno, Lei de 2008, ¡grazas por recoñecela! Hoxe estamos de recoñecemento. Eu recoñezolle que vostede aprobe a OPE, ao que nós o obrigamos, e vostede recoñece a conselleira de Sanidade de 2008. A verdade é que temos un día cortés. Déase conta de que todo o que estamos celebrando é grazas ao Partido Socialista. Pero, en todo caso, tamén é bo o seu recoñecemento a saber entender as cousas que están ben. Se nos deixa un pouco máis, deixámoslle a Consellería niquelada. En fin...

Faloume vostede de que nin tiven a oportunidade de xestionar os orzamentos de 2009. ¡Home!, eu sei que me considera unha persoa madura, pero eu no 2009 aínda non estaba para xestionar ningún orzamento; case, case, nin o meu. (*Risos.*) Porque é que, verá, vostede segue falando do 2009 e daquel goberno. ¡Hai case dez anos daquilo! A min encántame, sobre todo porque a comparativa déixaos a vostedes un pouco mal. Pero, lonxe do debate parlamentario, creo que está ben que falemos de algo novo.

Si, eu falo bastante da OPE porque non todos os días se aproba unha OPE dende a oposición. Dígoo porque vostede mesmo lembrou o cumprimento da PNL do debate do 21 de marzo. E podía prolongalo un pouco máis e dicir que a PNL foi traída aquí polo Partido Socialista. Por certo, o presidente Feijóo dixo aquilo de que anunciaba a OPE, e despois dixo que dependía dos orzamentos. E despois veu aquí a dicir que dependía do noso apoio aos orzamentos —cousa que vostede continuou neste debate—. E eu, naquel debate, plantexei: un, non depende dos orzamentos estatais; dous, non imos aprobar os orzamentos; tres, vostede vai ter que convocar a OPE. Díxenllo daquela, naquel momento. Cumpríronse as tres. Ás veces tenme que recoñecer, conselleiro, que non o facemos todo tan mal, ás veces non o facemos todo tan mal. ¡As tres!

Mire, a decisión máis importante da Consellería neste ano, que é convocar a OPE —desde o noso punto de vista éo—, saíu deste Parlamento e grazas a unha iniciativa nosa. Grazas a

traela aquí, vostede convócaa. Porque eu xa sei que son coincidencias planetarias, pero en realidade, señor conselleiro, é moi coincidente.

En definitiva, e por volver especificamente á cuestión dos recursos humanos, vostede cítame varias cousas. Cítame unha noticia de periódico, o que está ben, pero eu vou á fonte. Nesa mesma noticia —que eu a coñezo perfectamente— citan a fonte do Barómetro Sanitario, do CIS. Se non se fía do CIS, vale; pero eu si. Incluso porque eu si considero que o CIS..., bueno, sempre algo influenciado, pode ser; pero eu creo moito na independencia do CIS. E o CIS —que é unha fonte oficial que fai esa enquisa da que sae esa noticia— di que somos a terceira comunidade peor valorada no seu sistema sanitario polos usuarios. Iso é o que di, con 6,35 de media, a terceira peor.

¿Que é o que celebra, señor conselleiro? ¿Celebra que os cidadáns prefiran a sanidade pública á privada? É que iso debería ir de por si. Celebrar iso é celebrar as migallas, é celebrar o pequeno. Vostede dime que celebra que os cidadáns se sintan contentos coa súa sanidade. É que iso é celebrar as migallas, porque a sanidade española, e a sanidade galega por extensión, é moi boa. Por certo, fundamentalmente grazas a unha lei de sanidade, a do 25 de abril de 1986. Vostedes votaron en contra, lémbrollelo. Está ben recordalo, porque foi impulsada por un ministro socialista, do que temos un gran recordo. E vostede saberá que onte se cumpriu o 17º aniversario de que algún impresentable lle dera un tiro pola espalda —vostede sábeo—. E nós, que lembramos moito a Ernest Lluch, sabemos que foi o impulsor daquela lei, á que vostedes votaron en contra, por certo.

Pero, ¿que celebra? ¿Celebra investir 400 millóns de euros en eventualidade de persoal? ¿Non considera eficaz a posibilidade de que parte dese orzamento se poida destinar non só a estabilizar, que tamén, senón a ampliar as convocatorias públicas? ¿Non cremos que o persoal, cando está estable, traballa mellor, é máis rendible, é máis eficaz e, sobre todo, contribúe a unha mellor sustentabilidade do sistema e a unha mellor política de saúde? ¿Non é iso certo? Nós defendemos que si. Polo tanto, o que cremos é que é necesario saír deses 400 millóns anuais que se dedican á eventualidade —recoñecido por vostedes— e que, polo tanto, podemos ir a unha maior estabilidade, moito maior que o contagotas que estamos vendo nos últimos tempos. Porque ¿celebra vostede que se recuperen dereitos que vostedes bloquearon?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: É que están —acabo, presidente, grazas— recuperando dereitos a través dos acordos cos sindicatos, ¡dereitos que vostedes bloquearon no 2010! ¿Estamos celebrando que se recuperen dereitos sobre días de vacacións? ¿Iso é o que estamos celebrando? Nós cremos que celebrar esas cousas indica que a ambición é pouca. E nós sabemos que este é un goberno pouco ambicioso, pero debería ser un goberno que pensara un pouco máis na eficiencia. E, polo tanto, traemos esta moción, que, visto o éxito das nosas mocións sobre persoal, confiamos —e voulle adiantando o agradecemento— en que a van apoiar, porque, en realidade, se apoiaron con tanta vehemencia as anteriores...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: ...agradézolles de antemán o apoio a esta.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

Ten a palabra, para o turno de réplica, o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): A verdade, señor Torrado, crisar o debate non o crispa. Eu creo que a próxima vez debería interpelarse a si mesmo, e así podería contestarse dos feitos que fai. (*Aplausos.*) Porque é certo que é primeira vez que, desde a oposición, un deputado do segundo grupo da oposición aproba algo tan importante.

Mire, eu celebro que o 15 de novembro constituísemos a subcomisión de sanidade do plan de estabilización da Xunta, que firmaron CESH-OMEGA, Comisións Obreiras, CSIF, SATSE e UXT, por exemplo. E que onte, día 21, se celebrou a mesa sectorial na que aprobamos, xunto cos sindicatos antes nomeados —CESH-Omega, Comisións Obreiras, CSIF, Satse e UXT— a OPE 2017. Son 1.616 prazas, pero inclúe 158 prazas de médicos de familia, 726 prazas de enfermería, 366 de auxiliares de enfermería, 7 de documentación clínica e 359 de xestión e servizos. Iso si que o celebramos. En total, a oferta pública de emprego, a OPE de 2017, ascende —como dicía antes— a 1.617, das que 820 se convocan para cubrir as vacantes por xubilación que se van producir e outras 796 son para estabilizar o emprego temporal. Estas oposicións convocarémolas o próximo ano, e nesta convocatoria sumaremos 541 prazas que están pendentas da OPE de 2016. Esta é a maior oferta de emprego público dos últimos cinco anos, e duplica a anterior convocatoria.

Na OPE de 2017 duplicamos as prazas de médicos de familia e introdúcese a especialidade de enfermería familiar e comunitaria, con 10 prazas, e a enfermería pediátrica, con 4 prazas. Pero mantéñense as de saúde mental, con 20 prazas, e as de enfermería de traballo, con 2 prazas. Polo tanto, a categoría con maior oferta é a de enfermería, coas 726 prazas mencionadas, seguida da de técnicos en coidados auxiliares de enfermería, para a que convocamos 366 postos. Nas 359 de xestión e servizos están incluídas 222 de celador, 124 do grupo auxiliar da función administrativa, 8 de xestión técnico-administrativa, 2 do grupo técnico da función administrativa e 3 de enxeñaría técnica. O obxectivo do Sergas é estabilizar o cadro de persoal para acadar —como dicíamos antes— o 5 % de eventualidade, o menor do sistema sanitario a nivel nacional e, desde logo, moi inferior ao que ten como obxectivo o Ministerio de Facenda a nivel nacional.

En canto a listas de espera, os últimos datos das listas de espera, referidos ao primeiro semestre do ano, reflicten que o Servizo Galego de Saúde realizou un total de 109.840 intervencións, o que supón 436 máis que no primeiro semestre de 2016. Desas máis de 100.000 intervencións, 92.544 foron programadas e 17.296 urxentes, remarcando que as operacións realizadas de xeito ambulatorio —un total de 58.889— superan as realizadas con ingreso, que foron 50.000.

O Sergas continúa cumprindo o compromiso de atender as patoloxías máis graves por debaixo dos trinta días e as graves por debaixo dos sesenta días. Así, o tempo medio de espera

quirúrxica para os pacientes en prioridade 1 é, de media, uns quince días. O número de consultas hospitalarias realizadas no primeiro semestre foi de 2.719.000, o que supón 106.113 máis que no mesmo período do ano anterior. Ademais, o Sergas segue a traballar no mantemento das vías rápidas, que están a permitir cumprir o compromiso de atender o paciente con sospeita de patoloxía grave nun tempo medio de espera inferior a quince días. Un total de 8.749 persoas beneficiáronse deste procedemento, o que supón 2.433 máis que no primeiro semestre de 2016.

A Lei 12/2013 —como saben— pechouse hai uns días co Decreto de tempos máximos, que vai dar unha certificación a cada un dos pacientes, a nivel individual, dos tempos máximos de espera, que vai afectar 108 patoloxías, 26 probas diagnósticas, 7 vías rápidas, e duns 14.000 a 20.000 serán beneficiados ao ano.

Para nós é moi importante, evidentemente, o labor que se fai co persoal sanitario, porque, grazas a eles, se mantivo durante os anos tan difíciles da situación económica —que, por certo, deixou o Partido Socialista en España e en Galicia o Bipartito—, e nós, loxicamente, tivemos que tomar decisións difíciles.

Neste momento...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...estamos, digamos, devolvendo ese tipo de beneficios, tanto económicos como doutro tipo, e, como digo, estamos moi contentos e celebramos a oferta máis numerosa dos últimos cinco anos e duplicando a importante xa do 2016.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Interpelación de D. Antón Sánchez García e catro deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre o sector conserveiro e o emprego nel

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a interpelación ten a palabra o señor Lago Peñas.

O señor LAGO PEÑAS: Bo día.

Señora conselleira, vou empezar cunha declaración de intencións.

Esta interpelación busca unha solución. Nese sentido, aínda que non se corresponde coa interpelación, nós non buscamos unha confrontación co Goberno, buscamos unha solución; buscamos unha solución que intente parar a decisión do Grupo Calvo de pechar a súa fábrica en Esteiro, porque esa intención, xa moi avanzada, supón unha ameaza gravísima sobre o emprego e a economía de toda unha comarca. Non é só un problema laboral, é a economía dunha comarca.

E non sei se me contestará con iso, pero non é un traslado de persoal; tamén, pero, antes que iso, é un peche de empresa, con consecuencias graves sobre as persoas que traballan na plantilla fixa de conservas en Esteiro, pero tamén sobre o emprego indirecto que xera no seu contorno e no emprego temporal.

Voulle dar as cifras. En Calvo, en Esteiro, traballan 100 persoas, o 95 %, mulleres, como plantilla indefinida permanente. Pero hai outras 120 persoas que traballan de forma temporal. Sabe vostede que a industria conserveira ten estacións, ten estacionalidade. Pero, ademais, é que arredor dunha fábrica se desenvolven postos de traballo indirectos, de diferentes servizos, dende a limpeza á vixilancia, pasando polo transporte. Se os sumamos todos, son case 300 postos de traballo ameazados, case todos eles ocupados por mulleres, nunha comarca que ten moi pouca industria e, polo tanto, moi poucas oportunidades de emprego.

Dicíao o outro día e houbo un pouco de confusión: Calvo, en Esteiro, é a principal fábrica da zona. Xa sei que hai outras actividades, na pesca, no turismo ou no marisqueo, onde hai máis xente, pero como fábrica, como planta industrial, é a máis grande que hai entre Serra de Outes e Carnota. E, polo tanto, estamos falando de algo que leva trinta anos xerando emprego, riqueza, valor nunha comarca, e non existe ningunha razón para que se peche esa empresa.

Trouxen a páxina da conta de resultados do Grupo Calvo. O ano pasado facturou 575 millóns de euros —¡575 millóns de euros!—, o ano pasado gañou, tivo un *cash-flow* de 51 millóns de euros e tivo un resultado antes de impostos de 39 millóns de euros, resultados que se incrementaron antes de impostos un 95 % sobre os resultados do ano 2015. Temos un gran grupo empresarial que non ten problemas de facturación, que non ten problemas de balance, que non ten problemas de financiamento, que non ten problemas de rendibilidade. E ese gran grupo industrial toma a decisión de pechar unha planta que dá emprego directo ou indirecto a 300 persoas nunha zona subdesenvolta, en termos industriais, do noso país. Iso é inaceptable.

Mire, a conserveira en Esteiro tivo un *cash-flow* negativo no ano 2016 de 630.000 euros; iso foi o que perdeu a empresa, 630.000 euros. Segundo o informe que fixo Deloitte por encargo da empresa, o investimento necesario para colocar a empresa en boas condicións —porque levan un tempo sen investir— é de 1.075.170 euros; un millón de euros —o grupo empresarial que tivo ese *cash-flow* de 51 millóns de euros—. Polo tanto, non existe ningunha razón que xustifique o peche desa empresa. Non hai problema de actividade, a empresa non está endebedada, ten enormes beneficios..., non hai ningunha razón.

¿Cal é a decisión da empresa? Se pechamos Calvo, en Esteiro, imos gañar 3, 4, 5 ou 6 millóns de euros máis. O *cash-flow* para a familia Calvo e para o Grupo Bolton, en vez de repartir dividendos, pois repartimos máis. ¿Esa estratexia pode compartila a Xunta de Galicia? Eu creo que non. Hoxe o presidente Feijóo preguntábanos cal era a política industrial da Marea. Vouno dicir cunha soa frase: impedir que peche Conservas Esteiro.

Cando o conselleiro de Industria —que, ao mellor, era o que debía estar falando aquí— sobe aquí e fala dunha retahíla de empresas que, segundo el, nós queremos pechar, vemos que todas esas empresas seguen abertas, ¡todas!, e non sei que teñan risco ningún de pechar.

Pero esta é unha empresa concreta que, se a Xunta non fai nada, vai pechar, e será responsabilidade súa.

Isto, ademais dun custo laboral, dun custo social, dun custo económico enorme neste territorio, vai ter, señora conselleira —fágao por iso, polo menos—, un custo político enorme para o seu partido na zona, porque existe un consenso xeneralizado de que non se peche Conservas Esteiro, pero tamén cando veñen falar a esta tribuna. Porque, vamos ver, se os que pechamos empresas somos nós, pero, na realidade, todas seguen abertas e a que se pecha é esta, e, en segundo lugar, se a Xunta cando sobe aquí o conselleiro e se gaba —e o presidente Feijóo— de que é capaz de influír sobre Pemex, sobre Citroën, sobre Inditex, sobre que a capacidade da Xunta para influír sobre o entramado económico e bancario é enorme e que, grazas á Xunta, ás exportacións... ¿e non son quen de falar cunha familia de Carballo e de chegar a un acordo? ¿Somos quen de influír en Pemex e non somos quen de falar cunha familia de Carballo e de chegar a un acordo con eles —unha familia enraizada, por certo, no seu país—?

Claro, o terceiro elemento: vostedes fálannos diso da economía do rural e de atender zonas pouco desenvoltas, e están falando de pechar a principal empresa industrial dun territorio. Estamos falando de pechar a empresa industrial dun territorio, coa inacción da Xunta de Galicia. Entón, ese rolo de que se vai fomentar o emprego, as actividades, as empresas, a transformación dos produtos primarios, desenvolvendo o emprego industrial, ¿por que non se aplica aquí agora? ¿Por que me falan de que a ver se na nave van conseguir que máis adiante outra empresa...? Se o máis fácil é conseguir que esta empresa continúe; o máis barato, o máis fácil. Levan trinta anos facendo produción conserveira.

Claro, tiña que estar o conselleiro; volvo dicilo: política de emprego. Volverannos falar de que hai que facer políticas de emprego, de que hai que formar a xente, de que temos que ter cursos de formación, de que imos facer cursos de cooperativismo... Aquí hai 300 persoas traballando, mulleres, a maioría delas. ¿En que lóxica económica entra destruír ese emprego para logo, cando estean no paro, formalas? ¿Pero por que non facemos directamente a solución do problema, que é que non perdan o emprego? ¿Que política de emprego máis eficiente pode ser que esta de que non se destrúan 300 empregos, de ter 300 persoas desempregadas máis e de empezar o ciclo de subvencionar as empresas para que contraten...? Non ten ningunha lóxica.

Remato con dúas ideas. A primeira é que isto é un reflexo do que Luis Villares plantexaba hoxe na pregunta. Esta decisión de Calvo é o modelo de: pechamos unha empresa, perden o emprego 300 persoas, e con iso a empresa gaña 5 millóns de euros máis. Ese é o modelo que nós denunciámos. Hai PIB, pero non hai emprego; hai riqueza, pero non se distribúe; gañan as empresas e perden os traballadores. Ese é o modelo, un modelo inxusto. Vouno dicir outra vez: o Grupo conserveiro Calvo é un gran grupo industrial do que un país ten que sentirse orgulloso, sen ningunha dúbida. Pero, ¿por que a Xunta, que ten criterios diferentes da conta de resultados e cos dividendos dun grupo empresarial, non actúa sobre este tema e di: en Calvo, con 50 millóns de euros de beneficio anual —que non está mal—, 300 empregos, xente que leva traballando trinta anos para ti, mulleres dunha zona onde non teñen posibilidades de emprego, pois imos matizar este elemento?

Termino cun chamamento. Na comarca existe un amplo consenso, conselleira; dos sindicatos, dende logo, dos concellos, tamén, de xente do seu partido; un consenso para defender a empresa, o emprego; polo tanto, a industria conserveira, a economía dese territorio, e iso pasa por manter Conservas Esteiro. Nesa enorme fronte de xente que quere que continúe a empresa só faltan uns: vostedes, a Xunta de Galicia. E o que eu fago aquí, máis que interpe- lar, é facerlles un chamamento: por favor, póñanse ao lado da xente, ao lado do emprego, ao lado da industria, e permitan que esa zona teña un pouco de futuro máis esperanzador que se se materialicen os plans de peche da compañía.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Lago.

Ten a palabra a conselleira do Mar, a señora Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Lago Peñas, como vostede ben comprenderá, para a Xunta de Galicia o feito de que peche unha empresa nunca é unha boa noticia e, polo tanto, cada vez que temos constancia, comunicación ou coñecemento de que unha empresa atravesa dificultades ou toma a decisión de pechar, poñémonos a traballar dende o minuto un.

Neste caso, en outubro, cando xa coñecemos a posibilidade de peche da planta de Esteiro, puxémonos a traballar. O que pasa é que vostede ten que comprender que non se pode ana- lizar a suposta perda de emprego cando aínda se están negociando as condicións entre a empresa e o comité. Hai que lembrar que a actividade ficará en Galicia, quedará en Carballo, arredor de 70 quilómetros de Esteiro e, nese lugar, a firma empresarial prevé investir 25 millóns de euros para actualizar a súa planta e facer que o grupo empresarial Calvo teña a mellor fábrica de toda Europa, instalada aquí, en Galicia.

Por outra banda, eu creo que tamén cabe recordar aquí a decisión maioritaria das arredor de 100 persoas que están traballando en Esteiro, que o pasado 3 de novembro se manifestaron a favor de negociar o traslado. Haino que ter en conta, máxime cando se deben barallar as condicións ofertadas pola empresa e as demandas dos propios traballadores e traballadoras; é dicir, converter en fixos todos os que teñan un traballo de fixos discontinuos, facerse cargo do traslado ata a planta en Carballo e, incluso, a posibilidade de contemplar o tempo dedi- cado ao traslado como tempo de traballo.

Eu creo que nada cambiou dende o día 8 de novembro, no que lle contaba isto mesmo; iso si, que, aproveitando esta oportunidade que me dá, quixera facer explícito de novo o com- promiso da Xunta de Galicia en apoiar calquera iniciativa viable que poida dotar de actividade a planta de Esteiro.

Reitero, a Xunta estará a carón de calquera iniciativa viable que implique unha saída em- presarial para a planta, veña da man dunha nova empresa ou da propia unión dos trabaja-

dores que hoxe están alí, en Esteiro. Estaremos acompañando esa posible opción, de darse o caso, ofrecendo apoio a esa iniciativa, se fose preciso a través dos servizos e dos programas de axuda e financiamento existentes. E, ademais disto, faremos sen deixar de verificar o cumprimento das condicións de traslado, que é o noso compromiso, e nel estaremos. Brindaremos este apoio sabedores de que a conserva é un sector estratéxico do que vostede ben fala e co que nós estamos totalmente de acordo. Sabémolo, e sabemos tamén que o emprego deste sector é clave para Galicia, e de aí que o apoiemos e que apostemos por el. Tanto é así que temos que sinalar que este novo aspecto, o laboral, é un dos elementos claves no novo Plan estratéxico da industria conserveira galega 2020 e que ten como meta garantir a continuidade e/ou o crecemento, a estabilidade e a calidade de emprego no sector.

Pero para analizar este elemento creo que cómpre revisar primeiro cales son os datos do emprego na conserva e cal é a súa evolución, xa que, vendo como estamos e como imos progresando, poderemos determinar cal é a razón e o fundamento desta consideración.

Segundo os datos manexados por Anfaco-Cecopesca, tomando como fonte os ficheiros de afiliacións e contas á cotización á Seguridade Social, no ano 2011 o número de postos de traballo xerados polo sector conserveiro en Galicia ascendeu a 11.950. Aínda que esta cifra experimentou un leve descenso nos anos 2011 a 2014, ao situarse por debaixo dos 11.000 traballadores, a tendencia nos anos seguintes —2015 e 2016— é de creación de emprego. No ano 2015 alcanzáronse 11.035 postos de traballo e no ano 2016 incrementáronse a 11.600 traballadores, o que supón un incremento anual do 3,2 e do 4,8 respectivamente.

Outro aspecto positivo destacado da estrutura do emprego neste sector de actividade ten que ver coa súa calidade e estabilidade, pois do emprego declarado máis dun 70 % é emprego indefinido, feito que creo que debe ser posto en valor.

Outro posible indicio de cambio salientable na estrutura do emprego ten que ver coa distribución entre o emprego feminino e o masculino, xa que na actualidade, cos datos declarados no rexistro mercantil, o emprego feminino ascende ao 70 %.

Finalmente, polo que se refire aos datos de sinistralidade deste sector, para o ano 2014-2016, segundo os datos facilitados polo Issga, a taxa de accidentes sitúase arredor do 7 %, 8 %, e o 99 % dos accidentes son de carácter leve, feito que queremos que aínda vaia a menos.

Asemade, cabe salientarse que a principios de 2017 foi publicado no *Boletín Oficial do Estado* o novo texto do convenio colectivo que regula as relacións laborais das empresas dedicadas á manipulación, conservación, elaboración ou preparación de produtos semitransformados de peixes e mariscos, destes e outros compoñentes, para os anos 2016 a 2020. Entendemos que o dito convenio contribúe a dar estabilidade ao sector e a aumentar a súa competitividade; e, ademais, a regulación de aspectos sociais relacionados coa igualdade de oportunidades e a non discriminación foron tamén tidos en conta, dando así continuidade a principios estreitamente vinculados coa responsabilidade social empresarial. Xa que logo, con esta situación e tendencia, elaboramos as claves de emprego, que conforman un dos piares do Plan estratéxico e que conlevan a aposta por oito vías de traballo que implicarán o apoio de varios departamentos da Xunta e un apoio orzamentario especialmente vinculado ao Fondo Social Europeo.

Estas liñas serían: a definición dun plan de formación sectorial; o deseño de plans de mobilidade interna, identificando necesidades formativas e oportunidades de reciclaxe laboral, especialmente vinculadas á versatilidade ocupacional e ao colectivo de traballadores de maior idade; o facilitamento da formación en planta, de cara a ofrecer oportunidades de colocación para o persoal formado e a poñer en práctica políticas de estímulo e motivación para a formación; a oferta de incentivos á contratación e á estabilización das plantillas, especialmente de mozos e de persoas en risco de exclusión; a promoción da xeración de bolsas de contratación a partir dos beneficiarios das accións de formación, de xeito que a conexión entre empresas e oferta sexa total; a xeración de oportunidades atractivas para a retención de talento e a súa estabilización, especialmente na xente nova con alta cualificación; a definición dun certificado de profesionalidade específico para o sector e que teña en conta a experiencia dos traballadores; e a promoción do acceso das mulleres a titulacións de formación profesional tradicionalmente vinculadas ao sexo masculino, tales como mecánica, electricidade, electrónica ou mantemento de máquinas.

Creo que con estas oito liñas pretendemos que se referende ese avance de máis emprego cunha variable cualitativa, mellorando as condicións dos postos de traballo e facendo deste sector un referente tamén neste campo, tal e como noutros, como o das exportacións.

Por iso, finalizo, e fágoo reiterando o afirmado: analizamos a situación da planta Calvo, en Esteiro, estaremos apoiando un proxecto viable para a planta, se o houbera, e estamos a prol do emprego na industria conserveira de Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, conselleira.

Na rolda de réplica ten a palabra o señor Lago Peñas.

O señor LAGO PEÑAS: Señora conselleira, replico con tristeza; unha tristeza compartida, polos ollos, pola mirada das cen persoas que traballan directamente nesa empresa e da xente que nos está seguindo —o comité de empresa— por *streaming*, porque a política represiva do Parlamento impide que estean sentados nesa tribuna.

Déixeme que lle diga tamén, porque o outro día tivemos un debate sobre iso, que eu teño aí a carta de solicitude de entrevista co conselleiro de Industria —ou sexa, coa Xunta de Galicia— dende o 10 de outubro. A Xunta de Galicia non sentou co comité de empresa; non digo coa conselleira de Pesca, digo que a Xunta de Galicia, cunha carta que teño aí —logo lla paso—, non se reuniu co comité de empresa.

Conselleira, despois da súa intervención, eu entendo menos. Vostede di —e eu comparto—: a conserva vai ben, estase xerando emprego, hai máis actividade, as empresas gañan máis cartos, ¿ou non? Entón, ¿por que ten que pechar esta empresa? ¿Señora conselleira, non se dá conta do ilóxico do seu plantexamento de dicir deixemos que peche Calvo-Esteiro, que iso se arranbe, que perda valor unha fábrica en funcionamento, e logo, cando estea pechada e a xente despedida, no paro, co Fogasa, xa veremos se hai unha iniciativa e entón a Xunta

pon cartos para levar adiante esa empresa? ¿Non se dá conta de que iso non ten ningún sentido, que non ten ningunha lóxica?

Señora conselleira, vostede non o dixo —eu enténdoo, pero non o dixo—, pero ¿cal é a razón de que teña que pechar esta empresa? ¿Por que ten que pechar Calvo-Esteiro?, ¿ten un problema medioambiental?, ¿está nun sitio ilegal?, ¿é unha ruína económica? ¿Cal é o problema para que teña que pechar esta empresa? Esta empresa só pecha porque o Grupo Calvo vai facer a fábrica máis grande en Carballo e vai pechar esta. ¿A Xunta de Galicia non pode, pensando nunha comarca, nun territorio, en 300 empregos, na maior empresa industrial desa zona, facer algo? ¿A vostede de verdade que non se lle revolve a conciencia, sendo goberno deste país, sendo goberno deste territorio, asumindo ese papel de que non pasa nada, de non podemos facer nada, de que isto é así e xa está?

Non utilicemos falsos argumentos. Houbo unha votación na empresa, na que se decidiu por 49 a 44 votos, negociar as condicións de traballo, pero voulle dicir dúas cuestións: primeiro, a dirección da empresa impuxo que fora á man alzada, contra a opinión dos sindicatos, que querían unha votación en urna, coa presenza dos encargados da compañía, mirando a ver que votaba cadaquén. Señora conselleira, hai fotos de xente votando así. (*O señor Lago Peñas levanta unha man.*) Porque ¿a quen se lle vai ocorrer que a xente de Serra de Outes, de Muros, queira que peche a súa empresa e irse? ¿Vostede de verdade cre que hai algunha persoa da fábrica que voluntariamente quere marchar a traballar a Carballo? Son 70 quilómetros, pero é unha hora e media de traxecto, porque sabemos como son esas carreteras.

Non escondamos o asunto. O asunto é: ¿a Xunta de Galicia ten capacidade ou non para actuar sobre o tecido industrial e empresarial do noso país? ¿Tena ou non a ten? Tena en Inditex, tena en Citroën, tena en Pemex ¿e non a ten en Calvo? ¿Tena ou non a ten? E, se a ten, se de verdade a Xunta é quen de influír sobre a dinámica económica e empresarial do noso país, como se gaba o presidente todos os días, ¿por que non o utiliza no caso do Grupo Calvo?

Esas son as preguntas. A primeira pregunta é: ¿por que ten que pechar esta empresa? A segunda é se a Xunta de Galicia ten ou non capacidade para actuar sobre o entramado industrial e produtivo deste país, sobre todo con subvencións, porque esta empresa recibe importantes subvencións. Ten aí a folla, entre 2015 e 2016, tres millóns e medio de euros, e as contas auditadas. En fin, doullas tamén. E se realmente a conserva vai ben, se a Xunta o fai estupendamente, ten capacidade para influír sobre o entramado produtivo e esta empresa non ten ningún problema, ¿por que non fai nada? Esa é a pregunta.

Cando me conteste, señora conselleira, non mo faga a min, por favor, fágallo ao comité de empresa, que a vai estar mirando con enorme preocupación, pensando no seu futuro e no das súas familias.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Lago.

Ten a palabra a conselleira do Mar, señora Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Lago, a verdade é que algunhas veces non é capaz de entender que é o que se busca, cando se di que o que se pretende é encontrar solucións.

O outro día vostede dalgunha maneira veu insinuar que nós lle tiñamos dado á empresa Calvo 25 millóns de euros de axudas, vinculadas ao emprego, cando iso eu xa lle dixen que era mentira. Iso é mentira. A empresa Calvo non tivo 25 millóns de euros de axuda, a empresa Calvo o que dixo é que ía investir 25 millóns de euros, pero non que foran axuda da Xunta de Galicia. Mire, dende a Consellería do Mar non se lle poden dar axudas a esa empresa porque é unha grande empresa e está excluída das axudas do Fondo Europeo Marítimo da Pesca.

Dende a Consellería de Economía e Industria as axudas que se dan son vinculadas a proxectos de innovación e desenvolvemento, e de momento non lle deron ningunha axuda. Iso non quere dicir que na seguinte convocatoria non se lle dea. Pero nesta convocatoria última que houbo non se lle aprobou o proxecto. Calvo presentou un proxecto de captación de investimentos, cun investimento no proxecto de 21,4 millóns, e solicitaban unha axuda de 5,4, sen vinculación á contratación, e non se lle deu a axuda. Son proxectos competitivos. Non acadou os resultados que se buscaban, e non tivo, de feito, axuda.

Mire, para min é unha mala noticia, claro que si, xa llo dixen hai quince días e volvinllo dicir hoxe cando intervín. Cada vez que pecha unha industria, sexa a que sexa, e sexa onde sexa, para min é unha dor, é unha tristeza. Pero eu tamén teño que recoñecer que o artigo 38 da Constitución di o que di, e que se un grupo empresarial decide el por si mesmo pechar ou abrir unha fábrica e se axusta aos términos da legalidade, o Goberno non pode intervenir nas decisións dese grupo empresarial.

Vostede malinterpreta as palabras tanto do presidente da Xunta como do conselleiro de Economía e Industria, ou as miñas mesmas, cando dicimos que nós o que facemos é buscar as posibilidades para que todo aquel que queira investir en Galicia o poida facer, para darlle facilidades á xente para que invista no noso territorio, para que haxa unha posibilidade de avance económico no noso territorio. Iso é ben distinto a dicirlle que, como nos damos axudas para que se invista en Galicia, somos quen de condicionar a decisión dun grupo empresarial de se inviste ou non inviste. Non, é darlle as ferramentas para que, se quere investir, teña a posibilidade de facelo. Agora, na decisión dun grupo empresarial eu nunca me sentirei con capacidade para ir máis alá do que di e preconiza o artigo 38 da Constitución.

E nós poñemos á disposición —claro que si— medidas para que todos aqueles que queiran xerar riqueza o poidan facer. ¿E apostamos pola pequena empresa? Pois, mire, se todo o Fondo Europeo Marítimo e da Pesca vai destinado única e exclusivamente á creación de empresas, de pequenas e medianas empresas, nunca podemos subvencionar nin as intermedias nin os grandes grupos industriais. E temos á disposición diferentes liñas, tanto desde as liñas da industria de transformación como todos os proxectos gal. Dende a Consellería de Economía e Industria dáselles todas as facilidades para que a través de liñas de cooperati-

vismo, con formación, con axudas, con orientación, poidan tamén desenvolver un proxecto empresarial. Aí vannos ter sempre.

E respecto do que vostede di de que non se atendeu o comité de empresa, eu pódolle dicir que o 10 de outubro houbo unha chamada telefónica e se falou co señor —déixeme que o diga— Víctor Ledo, responsable da Federación de Industrias de Comisións Obreiras a nivel de Galicia. Chamou por teléfono o 10 de outubro. Tivemos tamén un contacto telefónico co presidente do comité de empresa de UXT, don Diego Caamaño, que informou de que retomaba o diálogo e as negociacións coa empresa e de que, polo tanto, acordara mellor deixar unha marxe para actuar antes de que interviñera a Xunta de Galicia. Puxémonos á disposición para intervir, se fose necesario, e o que nos comentan é que mañá xoves teñen unha nova reunión entre o comité de empresa e a propia empresa. Eu creo que todas estas cuestións que lle estou a confirmar trasladáronselles tanto ao señor Ledo como ao señor secretario xeral de UXT en Galicia, e estiveron de acordo en que o plantexamento debía ser este.

Así que eu non sei se a votación foi ou non á man alzada. Eu supoño que o importante é que haxa unha boa negociación entre os traballadores e a empresa para evitar que queden sen traballo esas persoas que hoxe o teñen. Espero que se acade un bo acordo entre a empresa e o comité de empresa, entre o comité de empresa e todos os traballadores, e tamén digo que estamos abertos á posibilidade de que a planta de Esteiro poida ser reutilizada para calquera outro proxecto empresarial.

O que nos trasladan os representantes da empresa é que tiñan que facer obras de investimento para adecualas ás modernidades tecnolóxicas que existen a día de hoxe, e que iso o van facer na planta de Carballo. Eu o que espero é que a empresa Calvo siga tendo moito éxito, e dando a posibilidade de xerar moita máis riqueza en Galicia.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Comunicamos agora unha alteración na orde do día. Xa saben vostedes que a Interpelación 5.3 e as preguntas da 7.1 á 7.4, que responderá o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pasan a debaterse en último lugar.

Pasamos agora ao debate da pregunta 7.5.

Pregunta de D^a María Julia Rodríguez Barreira e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da redacción do proxecto e avaliación ambiental do alongamento do acceso ao porto seco de Monforte ata a N-120

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Rodríguez Barreira.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: Grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Señora conselleira, todos temos claro a estas alturas cal é a importancia da plataforma loxística do porto seco, non só para Monforte, tamén para a comarca das terras de Lemos e para todo o sur de Lugo.

Este era e é un ambicioso proxecto, que xurdiu no ano 2001, coa vocación de devolver á cidade de Monforte o impulso económico que, polo seu protagonismo ferroviario, tivera noutrora e que fora perdendo dende os anos oitenta. Un proxecto de grande envergadura que se viu truncao por unha serie de circunstancias, de cambios de goberno, mesmo a nivel local e autonómico, que amosaron unha falla de compromiso, unha ralentización e mesmo un abandono dese proxecto, de maneira que os monfortinos vimos como durante anos o porto seco permanecía no imaxinario local, pero sen avances que permitiran confiar na súa materialización.

Foi precisamente o Goberno do presidente Feijóo o que en plena crise apostaba por esta infraestrutura, e nos primeiros meses de 2011 anunciaba a licitación das obras de urbanización do porto seco, confirmando así o compromiso con este proxecto.

Dende entón o Goberno autonómico non ten deixado de levar a cabo actuacións tendentes a converter esta plataforma loxística nunha realidade; un grande esforzo investidor para converter o porto seco nun polo de xeración de riqueza e de emprego no sur da provincia de Lugo, primeiro coa súa urbanización, despois dotándoo dun acceso coa estrada LU-933, pero mesmo, máis aló, os esforzos da Xunta de Galicia por favorecer a implantación de empresas teñen mesmo aportado solución a un grave problema que impedía a implantación de empresas, concretamente a imposibilidade de conectar o saneamento do porto seco coa rede de saneamento municipal por mor do seu mal estado de conservación pola súa deterioración. Un problema de competencia municipal ao que a súa consellería deu resposta, señora conselleira, primeiro elaborando o proxecto da depuradora propia do porto seco, que permitiría dispoñer do necesario e imprescindible saneamento, e mesmo financiando a metade do custo da execución desa depuradora.

Como se ve, os avatares do porto seco foron moitos, e agora, de resultados do compromiso deste goberno, temos por fin feita a urbanización, temos saneamento, temos acceso á estrada LU-933, pero cómpre dotalo dunha axeitada comunicación cunha estrada nacional.

A nacional 120 atópase aproximadamente a 1 quilómetro da estrada LU-933, no punto de conexión co acceso ao porto seco. É fácil entender a necesidade de conectar esta infraestrutura, que está chamada a ter un papel importante —como no ferroviario—, no transporte de mercadorías, pero tamén de ser o maior polígono industrial do sur de Lugo. Por tanto, a comunicación con esta estrada nacional...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: ...é fundamental para favorecer a saída de mercadorías, non só cara a outras localidades galegas, senón mesmo cara á Meseta.

Por todo isto, preguntámoslle: ¿cales son as previsións respecto da redacción do proxecto e da avaliación ambiental da prolongación do acceso desde o porto seco ata a nacional 120?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Barreira.

Ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Vivenda, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas.

Moitas grazas, señoría.

O Goberno galego vén mantendo unha forte aposta pola vertebración territorial e tamén polo interior de Galicia, un traballo que se enmarca dentro de concentracións de esforzos, de investimentos, sobre todo para potenciar o porto seco de Monforte; proxectos estratéxicos que vimos impulsando para mellorar a competitividade e tamén a dinamización económica de Monforte de Lemos, e dentro deste obxectivo é o que responde á posta en marcha do porto seco de Monforte, que a día de hoxe é o maior parque empresarial do sur da provincia de Lugo.

É unha plataforma loxística na que xa levamos investidos 20 millóns de euros, 20 millóns de euros en momentos de moitísima dificultade económica; 13 millóns de euros, en concreto, para a adquisición do solo e tamén para a urbanización —un investimento en plena crise económica—, o que permite que a día de hoxe estea listo este parque empresarial e á disposición das empresas que queiran instalarse nel.

Lonxe de conformarnos coa posta á disposición do solo, estamos a estimular o interese das empresas para que se decanten polo porto seco de Monforte, e, como dicía, concentrando esforzos, principalmente agora, na redución do prezo do solo, e dando facilidades ás empresas para que se decanten por esa plataforma loxística; bonificacións do solo empresarial que puxemos en marcha no ano 2015 —un 50 % de bonificacións, en concreto, no porto seco de Monforte—. A día de hoxe o prezo medio de venda sitúase en Monforte por debaixo dos 29 euros/ metro cadrado. E tamén puxemos en marcha o dereito de superficie, que, como sabe, é un alugueiro simbólico, con dereito á compra, o que permite que a día de hoxe as empresas que se decanten polo porto seco de Monforte poidan dispoñer de solo a 38 céntimos/metro cadrado/ano.

Na Xunta de Galicia sempre fomos conscientes de que é preciso que as plataformas loxísticas teñan comunicacións axeitadas e co obxectivo de garantir conectividade co porto seco; dende o primeiro momento plantexamos conexión coa LU-933 e tamén coa nacional 120. Pero en tempos de dificultades económicas decidimos dividilo en dúas fases: a primeira fase, a LU-933, en servizo dende o ano 2015, e con 5,3 millóns de euros para esta actuación, e estamos traballando agora tamén para conectar coa nacional 120.

Por iso mesmo decidimos redactar un novo proxecto de trazado e de impacto ambiental, coordinando estes traballos co desenvolvemento da nacional 120, e por iso en xuño do ano

pasado licitamos este proxecto, 207.000 euros. O proxecto asinouse en decembro do ano pasado, e cun prazo de execución de 18 meses. Polo tanto, estamos a avanzar para esa conexión coa nacional 120.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Ten a réplica a señora Rodríguez Barreira.

A señora RODRÍGUEZ BARREIRA: Grazas, señor presidente.

Bueno, señora conselleira, pois nós non podemos máis que valorar todas as actuacións que dende o Goberno galego se veñen levando a cabo para favorecer a implantación de empresas no porto seco, e valoramos especialmente a redacción deste novo proxecto, porque somos coñecedores das dificultades técnicas e económicas que representaba o proxecto, que xa se coñecían para a súa conexión coa nacional 120, precisamente pola conversión ou pola projectada conversión desta estrada en autovía. E isto é moi importante, porque, probablemente, de non ter sido así, como vostede dicía e facía referencia ás dificultades económicas que representaba ese proxecto, pois igual non estaríamos falando agora de acometer a redacción do proxecto nin dos prazos para a execución das obras.

Por tanto, ese traballo de acometer a redacción dun novo proxecto celebrámoslo e valorámo-lo moi positivamente. E isto non é unha cousa menor, porque, como vostede di, o porto seco non é só o maior parque empresarial do sur de Lugo, senón que é unha plataforma logística que conta cunhas enormes posibilidades de futuro no que atinxe, como dicía antes, ao transporte ferroviario de mercadorías, pola súa localización e polas súas condicións tamén, por dispor dunha terminal de carga para trens de ata 750 metros; unhas condicións que acreditan o seu potencial para converterse nun polo de xeración de riqueza e de emprego no sur de Lugo. É, polo tanto, señora conselleira, un esforzo investidor o que está a facer a Xunta de Galicia que é fundamental para o futuro da nosa comarca.

Por tanto, destacando o traballo que se está a facer a prol de dotar o porto seco dos elementos necesarios para que máis pronto que tarde poidamos velo convertido nesa realidade empresarial e no motor económico que todos esperamos que sexa, é polo que me gustaría, dado que estamos a falar dun novo proxecto, que afondara nas previsións e nos prazos que barallan na súa consellería sobre a tramitación, sobre cando teñen previsto que se someta á información pública, ou á valoración ambiental, ou sobre, se é posible, saber cales son as súas previsións de cara á contratación das obras desta infraestrutura.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Barreira.

Ten a palabra, para a réplica do Goberno, a conselleira de Infraestruturas e Vivenda, a señora Vázquez Mourelle.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señora Rodríguez, efectivamente, o novo proxecto de trazado é construtivo; ten o obxectivo principal de reforzar a competitividade do porto seco de Monforte, de dar maior comodidade e seguridade para os usuarios desta infraestrutura industrial, e o proxecto responde a unha configuración coordinada co Ministerio de Fomento, que simplifica e fai viable esta conexión entre a estrada autonómica LU-933 e a nacional 120.

O certo é que esa solución que adoptamos pasa por substituír un enlace coa nacional 120 por unha glorieta a nivel, e, polo tanto, compatible e integrada coa futura autovía A-76; iso simplifica e fai viable esta conexión. É unha nova solución que salva e evita a afección coa canle de regadío do val do Lemos, e é un proxecto e unha conexión que suporá un investimento da Xunta de Galicia de 4,5 millóns de euros.

En canto a prazos, nestes momentos o proxecto de trazado de impacto ambiental está xa redactado. Despois das últimas correccións do documento técnico, e tendo en conta que esta solución final adoptada modifica o proxecto inicialmente previsto, someterémolo á información pública de maneira inmediata; en concreto, o próximo mes de decembro estará á información pública para que calquera poida facer as alegacións que correspondan, e de xeito paralelo iniciaremos tamén o trámite ambiental.

Unha vez sometido á información pública e aprobado definitivamente este proxecto de trazado, pois continuaremos avanzando co correspondente trámite de expropiacións, para a obtención dos terreos necesarios para facer esta obra, e paralelamente coa redacción para a posterior aprobación do proxecto construtivo.

Os orzamentos do ano que vén, do ano 2018, contemplan unha partida concreta para poder materializar e avanzar nesta infraestrutura, 750.000 euros para o ano que vén, e as previsións concretas son que no ano 2018, polo tanto, poidamos iniciar o procedemento expropiatorio para avanzar nesta conexión coa nacional 120 e rematar o proxecto construtivo, e, polo tanto, unha vez rematado o proxecto construtivo, iniciar de forma inmediata a contratación das obras.

Polo tanto, traballaremos para reforzar a competitividade do porto seco de Monforte, para que teña dúas conexións coa LU-933, a estrada autonómica, e coa nacional 120, para mellorar, polo tanto, a competitividade de Monforte e de todo o seu contorno, e para contribuír, dende logo, a que o porto seco se converta nun referente de actividade e de emprego na provincia de Lugo, e en concreto no sur de Lugo.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pregunta de D^a Patricia Vilán Lorenzo e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da consignación, para o ano 2018, dunha partida orzamentaria específica para a reforma do Hospital Provincial de Pontevedra

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Segundo a OMS, a lactancia materna reduce a mortalidade infantil, ten moitos beneficios sobre os bebés e tamén sobre a propia nai, porque, segundo datos da OMS, diminúe o risco de cancro ovárico e mamario.

Gustaríanos saber se vostede coincide —que supoñemos que si—, se comparte o que di a Organización Mundial da Saúde, porque, se é así, no Hospital Provincial de Pontevedra non seguen vostedes esta pauta. Na zona de lactantes, na sala de lactantes, polo que din os usuarios, a lactancia desenvólvese nun espazo onde hai un berce que é absolutamente decimonónico e unha cadeira para que as nais practiquen a lactancia que é máis unha cadeira de tortura que un espazo cómodo para que os fillos poidan mamar. Non é fácil que un neno mame, e moito máis complicado se a nai está incómoda.

De feito, máis ou menos hai un mes houbo unha familia pontevedresa cun bebé dun mes que presentou unha queixa no Servizo de Atención ao Paciente. O que ocorreu foi que o neno ingresou o 20 de outubro. Nos primeiros días a zona de lactancia estaba pechada, e estiveron na zona de pediatria —que é do que estamos a falar—, para nenos maiores de 2 anos. E cando se produciu o cambio, descubriron que a realidade era infrahumana, e que era moi complicado poder estar en condicións dignas nun sitio así.

Pero terceiromundista non é so a sala de lactancia. O Hospital Provincial de Pontevedra, que está relativamente no centro da cidade, ten os seguintes servizos: medicina interna, infecciosas, neuroloxía, nefroloxía, dermatoloxía, pediatria e urxencias pediátricas, obstetricia, xinecoloxía, análises clínicos, unha parte de radioloxía, microbioloxía, unha parte de hematoloxía, oftalmoloxía, a unidade de saúde laboral, a unidade penitenciaria, a unidade de hemodiálise, a unidade de cirurxía maior ambulatoria, o hospital de día de psiquiatría e o hospital de día oncolóxico.

Calquera que coñeza o hospital sabe que non é un espazo para albergar todo este tipo de servizos, fundamentalmente porque —vou poñer un exemplo deste verán e do pasado— os pacientes abafaban de calor, e tiveron vostedes que encargar un sistema de refrixeración a través de ventiladores porque non aguantaban a calor que facía no hospital. Demasiados servizos para un espazo degradado —cremos nós—, e preguntamos se para vostedes é así. Urxe ampliar Montecelo. Vostede sabe ben, conselleiro, que boicotearon a ampliación de Montecelo que se propuxo por parte do Goberno presidido por Emilio Pérez Touriño. Foron a Monte Carrasco —esa era a idea—, hospital privado, como o de Vigo, e despois decidiron que non, descubriron América e decidiron vir á proposta que tiña o PSdeG e, polo tanto, o presidente Touriño.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: Logo sigo.

O que lle pregunto é se teñen vostedes unha partida orzamentaria específica para este ano para o hospital provincial.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vilán Lorenzo.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): A verdade é que hoxe é o día en que o Goberno da Xunta fai todo por indicación do Partido Socialista.

Miren, lactancia materna. Loxicamente, apoiamos a lactancia materna, como non podía ser doutra forma. É importantísimo porque ten moitísimos beneficios demostrados, e, polo tanto, o Sergas non está en contra disto.

¿E o hospital provincial? Bueno, pois, evidentemente, desde hai moitos anos en Pontevedra hai unha discusión de buscar un proxecto que unifique as demandas sociais coa realidade. Dificilmente pode dicirse que o Partido Popular boicoteou a idea do señor Pérez Touriño porque se o señor Pérez Touriño quixera realmente facer algo pois podería telo feito.

Fíxose un proxecto, pero, ao igual que en Vigo tamén, fixéronse maquetas, fixéronse presentacións, moitas cousas... Pero na realidade é certo que se di moitas veces: xa o iamos facer; pero non chegou. Cando nós tomamos a decisión, cun amplo consenso, da ampliación, de facer o Gran Montecelo, entendemos —e dixémolo, ademais— que o provincial o queríamos abandonar porque é un hospital que ten moitos anos, e para nós, polos criterios que temos neste momento de hospitalización, de consultas e de urxencias, non é o mellor. Por iso estamos facendo un magnífico proxecto.

Loxicamente, iso non significa que nós non actuemos sobre o hospital provincial; estamos actuando. De feito, a Unidade de Psiquiatría agora mesmo do Hospital Provincial de Pontevedra é das mellores de Galicia. Houbo un incidente e aproveitouse para mellorar ese servizo, e agora —como digo eu— é dos mellores. E outras unidades dentro do hospital provincial están sendo melloradas.

O que trae vostede aquí é a queixa dunha familia, e eu, desde logo, pido desculpas porque entendo que se produciu unha situación non de falla asistencial. En ningún momento creo que nin o Grupo Socialista nin esta familia valora un fallo asistencial, senón unha falta de confortabilidade. Nós estamos traballando niso, estamos traballando nun plan de humanización a nivel xeral para todo o Servizo Galego de Saúde. Antonte aínda tivemos unha reunión cos expertos que temos na comunidade autónoma —e con expertos doutras comunidades autónomas— e imos facelo, e seguimos un plan claro. ¿En que unidades temos que empezar? Pois, evidentemente, nas unidades máis sensibles, como son todo o que afecte a área de natalidade e maternidade —iso é moi importante—, unidades de psiquiatría, as unidades de paliativos, as unidades de urxencias e outras, como digo, nas que estamos traballando.

Polo tanto, dentro da situación que ten Pontevedra, estamos facendo xa proxectos para que neste ano 2018 poidamos ter actuacións —como digo— na epígrafe que vai dentro do Plan de humanización do Servizo Galego de Saúde.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Ten a réplica a señora Vilán Lorenzo.

Déanlle voz ao micrófono da señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Na zona de psiquiatría non houbo un incidente, houbo un incendio. Iso foi o que ocorreu, porque un dos pacientes que estaba alí incendiou a zona de psiquiatría. Comezan por tres letras idénticas, pero son dúas cousas diferentes.

Eu faláballe de lactancia, pero a lactancia era isto da parte polo todo; é dicir, era unha sinécdoque do que eu lle pregunto nesta pregunta. Nós preguntamos polo orzamento para o hospital provincial, non lle preguntamos pola lactancia. Entendemos que vostedes están de acordo porque non vai desacreditar agora de repente o conselleiro de Sanidade da Xunta de Galicia o que di a Organización Mundial da Saúde. Supoñemos que vostede non o quere facer.

O certo é que no ano 2008 o Goberno de Emilio Pérez Touriño tiña un proxecto de ampliación para Montecelo. E a conselleira que o precedeu no cargo, co presidente Feijóo, foron a Pontevedra, a Montecelo, a anunciar, no *hall* —rodeados os dous dos xefes de servizo, digamos, leais ao Goberno—, que non se ía ampliar Montecelo senón que se ía facer un novo hospital. *(Aplausos.)* Iso foi o que pasou, e está nos diarios, é dicir, na hemeroteca. Eu non estou inventando absolutamente nada.

Como sigamos así, ao hospital provincial vano comer os bechos antes de que haxa algunha posibilidade de facer algo con el. Porque vostede supoño que terá entrado no hospital. Ata hai ben pouco doábase sangue nun contedor de obra, señor conselleiro, ata ai uns meses. Eu entrei alí, porque eu teño fillos pequenos que foron a urxencias pediátricas, e, se hai dez nenos, non se colle na sala de espera, señor conselleiro. Non sei que nos está contando vostede aquí. O chan é de goma en moitos sitios do hospital; de goma negra, cheo de buracos. Entón, non nos veña contar que imos ter que esperar.

Se vostedes teñen un proxecto para o hospital, dígame, por favor, en que partida orzamentaria para os orzamentos do ano que vén está...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ...porque non está en ningunha.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vilán Lorenzo.

Réplica do Goberno, por parte do señor Vazquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): De verdade, señora deputada, eu fun director provincial do Sergas xa hai bastantes anos. E naquel momento tamén tiñamos un proxecto de ampliación de Montecelo que, segundo vostede, boicoteou o Goberno que chegou despois, que foi o señor Pérez Touriño. *(A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.)* O caso é que a día de hoxe —como ben di vostede— non temos unha realidade. Pero eu si teño que dicirlle que partida presupostaria con ese nome non aparece nos presupostos. Nos presupostos alternativos que se presentan por parte do Partido Socialista si aparece un centro de alto rendemento no Deza e un centro de alto rendemento no Morrazo. Claro, isto é teoricamente de deportes, non é de sanidade; confundiron o nome. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Entón, o que figura no orzamento non é importante, o importante é facer as cousas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Claro! Non, non, dígoo porque, se fora importante, deberían repasar o que presentan de emendas aos presupostos. *(A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, pero...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, por favor.

Escoiten a quen está no uso da palabra, igual que el fixo en intervencións anteriores.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...isto é o presentado por vostedes; isto foi presentado polo Partido Socialista... *(A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.)* e fala de centro de alto rendemento.

Miren, nós si estamos traballando e imos moi avanzados, a verdade é que si... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Por favor, pídolles aos deputados que non interveñen no debate e que non están no uso da palabra que escoiten a quen está no uso da palabra.

Se queren intervir, presenten iniciativas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Está máis avanzado que o que fixo o Goberno do señor Pérez Touriño. E, ademais, imos ver unha realidade que o señor Pérez Touriño non puido chegar a efecto. Xa sei que o ían facer, pero non puideron facelo; nós imos facelo.

Mire, neste momento estamos a punto de adxudicar o equipo que vai redactar o Plan sectorial, pero tamén o Plan de execución básico de execución do novo edificio do Gran Montecelo, *(A señora Vilán Lorenzo pronuncia palabras que non se perciben.)* do edificio que vai levar todos os servizos máis importantes da área, os máis sensibles: urxencias, pediatría, os intensivos e demais. Estamos neste momento, como digo, valorando as ofertas, nunhas semanas, e para isto hai unha li-

citación de arredor de 1,2 millóns de euros. O Proxecto Gran Montecelo suporá ampliar o hospital público pontevedrés nunha superficie equivalente a dous hospitais comarcais, aproximadamente 40.000 metros cadrados na primeira fase, e, na segunda, mellorará, ademais, a superficie actual.

Neste ano 2017 elaboramos e presentamos o Plan funcional e de espazos e o próximo ano 2018 está prevista —como digo— a elaboración do Plan de incidencia supramunicipal e o Proxecto básico de execución, o que queremos, evidentemente, todos. Polo tanto, no Proxecto de orzamentos para o 2018 temos previsto para o Proxecto Gran Montecelo, a expropiación, o comezo da fase 1, 4,8 millóns de euros.

E, como digo, se o que pregunta vostede é polo provincial, por se se van facer melloras, dígolle que sí; pese a que temos un proxecto de futuro, ímolas facer, e, como digo, está dentro do Plan de humanización do Sergas, que vai afectar as zonas máis sensibles deste e dos outros hospitais.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas específicas que vai adoptar o Goberno galego en relación coa situación extrema de seca que padece o sector primario de Ourense

O señor PRESIDENTE: Para formular a pregunta ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Señora conselleira, durante os últimos meses este grupo parlamentario trouxo a esta Cámara, en repetidas ocasións, a súa preocupación polas consecuencias drásticas e dramáticas que estaba a ter a incidencia da seca, en concreto, no sector primario, e principalmente en Ourense; propostas sempre coa actitude e voto negativo do seu grupo parlamentario.

Pasaron xa meses desde que esta situación vai agravándose cada semana e entendemos, desde o Grupo Parlamentario do BNG, que as persoas afectadas non están a ver a resposta que precisan, nin do ceo nin —o que nos preocupa máis— desde a Xunta de Galiza. Coincidirá comigo en que este está a ser un ano francamente difícil. A finais de marzo, primeiro unha forte xeada preocupou os nosos pensamentos e saltaron os sinais de alarma, especialmente nunha provincia que ten catro denominacións de orixe, pero a verdade é que aínda que o máis popularizado, o máis coñecido, foi a afectación da xeada sobre o viño, é certo tamén que non só danou o viño e a horta, tamén queimou literalmente castiñeiros que estaban en floración e tamén grandes partes dos pastos. Como consecuencia, temos importantes perdas na produción de castaña e perdas tamén en alimentación para o gando; nin unha cuarta parte do recollido noutros anos.

Foi pasando o tempo, pero non se deron as condicións que se requirían para que esta situación mellorara; máis ben o clima, desafortunadamente, foi na dirección contraria. Tivemos a pri-

mavera máis cálida e menos chuviosa desde que hai rexistros nos anos oitenta, o verán foi duro, e este outono tamén salienta pola falta de choiva; unha falta de choiva que a estas alturas xa preocupa a todo o país. Pero hoxe, en concreto, queremos centrar esta pregunta no sector primario ourensán, porque concellos como Viana do Bolo, como A Mezquita, como Chandrexa e un longo etcétera, se ben non foron os únicos que sufriron avatares climáticos durante este último ano, si que é certo que quizais sexan os que o fixeron dunha forma máis intensa. E, ademais, dáse a circunstancia de que estamos a falar dunha zona cuxas características climáticas xa son de por si máis secas e máis cálidas que as do resto do país, e que tamén se ven agravadas pola alta incidencia que teñen os incendios nesta zona; e, a maior incidencia, menos capacidade de recuperación, como vostede sabe. Os resultados son dramáticos en castaña, e en mel estímase máis dun 80 % de perda; e no que atinxe ao gando, xa no verán alertaban de que estaban a esgotar a capacidade que tiñan reservada de forraxe para o inverno.

Mentres, a actitude da Xunta de Galiza, ao noso ver, caracterizouse primeiro pola indiferenza —tardaron meses en reaccionar—, e, segundo, por poñer en marcha medidas absolutamente insuficientes: créditos brandos que non poderán pagar se o perden todo e axudas recentes a infraestruturas, como bebedoiros e demais, que, se ben, dunha banda, xa estaban contempladas nos plans de mellora, pois son infraestruturas a medio e longo prazo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...e non serven para cuestións concretas como axudar a alimentar ese gando ou paliar as perdas no mel e na castaña.

En conclusión, e agardando a que vostede hoxe non se encomende unicamente ás axudas da PAC, queremos preguntarlles desde o BNG que medidas específicas van adoptar para que esta situación teña unha saída...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...no oriente ourensán.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Para contestar, ten a palabra a conselleira do Medio Rural, a señora Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señor presidente.

Bo día, señoría.

Señora Presas, créame, pódolle garantir que a mesma preocupación que ten vostede é a que comparte o Goberno galego. Compártea para Ourense, por suposto, pero tamén a comparte para o resto de Galicia. Estamos a vivir unha situación atípica no que á climatoloxía se refire, non xa este ano, senón dende finais do ano 2016.

Loxicamente, por este motivo, a Xunta de Galicia acaba de habilitar un paquete de medidas, paquete de medidas que explicou no seu día e que foi levado ao Consello da Xunta, porque temos que apoiar, por suposto, as explotacións agrarias e gandeiras que temos en todo o territorio. Este paquete de medidas foi anunciado o día 11 de outubro, e nel son varias vías as que sacamos, e unha fundamental era a que nos trasladaba o sector, a que nos trasladaban as organizacións agrarias e a que nos trasladaban os alcaldes, que é unha orde para garantir a subministración de auga ás explotacións agrarias. Esta é de aplicación en todas as explotacións, non só nas de Ourense, senón nas do resto de Galicia, porque toda Galicia está nunha situación de prealerta ou de alerta.

Os conceptos subvencionables nestas explotacións son estruturas para abastecemento de auga, tales como balsas de almacenamento, bebedoiros, conducións para o abastecemento dos mesmos, sempre que estes non supoñan unha nova captación de auga nunha canle fluvial, profundar pozos ou a construción de pozos novos, e equipos para a mellora do abastecemento de auga ás explotacións gandeiras con cisternas móbiles ou bebedoiros móbiles.

Esta é unha das liñas que remata a finais deste mes, que xa hai un bo número de solicitudes, e ademais hai un compromiso por parte do Goberno. É preto dun millón de euros para o ano 2017-2018, pero ben é certo que se non foran suficientes o Goberno ampliaría a partida orzamentaria para poder chegar a todos.

A contía a percibir será como máximo un 50 %, e puxemos o límite en 5.000 euros por beneficiario. Desta maneira, este tipo de actuacións non serven para agora mesmo, senón tamén para que teñan unha estrutura de cara a un futuro.

A isto hai que engadir que, efectivamente, a través dos plans de mellora do vindeiro ano, do ano 2018, tamén se contempla que poidan acceder a melloras estruturais no que á rega se refire, pero tamén a estruturas propias para a auga para as distintas explotacións. Esta orde sairá por anticipado de gasto e vai superar os 40 millóns de euros.

E a maiores, non demoramos e, polo tanto, pedimos o anticipo da PAC; un anticipo que é do 70 % e que ademais tivo unha argumentación, e esa argumentación, unha delas, foi a seca, a xeadas e o graízo que azoutou Galicia ao longo de todo este ano.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Entre mañá e pasado pagáranse 46 millóns de euros, que están desglosados do seguinte xeito —e xa remato—: pago básico, 29,5 millóns de euros; pago verde, 15 millóns de euros; réxime de pequeno agricultor, 1,7 millóns de euros; e agricultores mozos, 86.000 euros. Aos que hai que engadir o pago xa feito a semana pasada entre xoves e venres, no que achegamos 34 millóns de euros.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): En total, 80 millóns de euros de adianto da PAC. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vázquez Mejuto.

Para a réplica ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señora conselleira, pero a verdade é que despois da súa resposta quedei un pouco como estaba.

Eu coñezo o contido da Orde de axudas da seca, de feito fixen referencia a ela na miña intervención, pero reitérolle que é insuficiente. Vostedes din que son medidas que lles trasladaba o sector e os alcaldes. Eu non o poño en dúbida, pero tamén trasladan moitas outras cuestións que este grupo parlamentario non entende por que o Partido Popular aínda non considerou. Por exemplo, explíqueme que medidas específicas teñen pensadas vostedes para que as e os gandeiros non teñan que sacrificar ou vender cabezas de gando, cando se leva poñendo enriba da mesa desde hai moitos meses que unha das primeiras necesidades era o alimento para o gando. Porque está moi ben mellorar as infraestruturas para darlle de beber, pero se só lle dás de beber ao gando, iso non arranxará esta situación crítica. Polo tanto, aí deixamos de novo unha proposta que nós consideramos que é clave.

E falou vostede tamén da PAC, que en realidade ademais non é un adiamento, para un ano que non vai chegar tarde, pois benvida sexa. Pero, en todo caso, vostede mesmo sabe —e mellor ca min, seguro— cales son as limitacións tamén deste tipo de axudas para o noso país e o que é necesario reorientar. En concreto, na cuestión da PAC, xa que vostede nos fala diso, non sei se nos pode adiantar cal é por fin o resultado das súas negociacións para que poidan ir a máis agricultores dos que irían, porque saben os problemas que ten isto, e, por exemplo, en canto á cuestión dos pastos queimados.

En todo caso, nós entendemos que esas axudas deixan fóra moitos sectores e moitas persoas afectadas e que segue sendo necesario que a Xunta habilite axudas directas para compensar a perda tanto de produción de castaña como de produción de mel, porque están a seguir sendo excluídas de todo este tipo de axudas e non van poder ser compensadas. Sería posible facer ese tipo de axudas con criterios obxectivos vendo a produción do ano pasado. E, sobre todo, sería posible tamén incluíndo o gandeiro...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...porque entendemos nós que se para La Rioja foi posible que un Goberno do Partido Popular habilite axudas directas diante dunha situación excepcional, pois diante dunha situación excepcional como esta a Xunta de Galiza debería poñer á disposición recursos económicos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...de forma directa para estes sectores.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Ten a palabra para a rolda de réplica por parte do Goberno a conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

Non sei a que se refería vostede, señora Presas, cando di das negociacións da PAC. O que si lle digo é que este goberno opta por unha liña que supoño que é a liña pola cal optan vostedes, que é que a PAC ha de ir dirixida aos agricultores en activo; iso por un lado.

Por outro lado, se a vostedes lles preocupa que vai acontecer cos pastos queimados, se van poder pastorear ou non, ou se van cobrar a PAC o vindeiro ano ou incluso este ano, créanme que si van poder pastorear porque fixemos unha situación de excepcionalidade, ao igual que tamén fixemos excepcionalidade, argumentada, por suposto, para que non tiveran ningún tipo de problema á hora de percibir os adiantos da PAC ou á hora de percibir a PAC de cara ao vindeiro ano.

Pero tamén temos que facer medidas estruturais. E dentro das medidas estruturais, sen ter coñecemento de se o cambio climático veu para quedar e en que medida imos ter ese cambio climático, pois hai unha axuda fundamental, e esa axuda fundamental é para a reorganización; reorganización no que a balsas se refire, a pozos se refire, a canalización se refire. Pero imos máis alá, e, por exemplo, falando de Ourense, no orzamento deste ano, en relación cos regadíos, se o ano pasado contabamos con 1,6 millóns de euros para regadíos na Limia, este ano triplicámolo por tres e, polo tanto, imos a 4,3 millóns de euros. Hai un traballo moi importante e fundamental realizado, que é toda a parte medioambiental; están os proxectos feitos e, polo tanto, comezaremos as obras este ano.

Cómpre ademais recordar, señorías, que a seca é un risco, e como risco que é, e de cara a concienciar para un futuro, está unha liña de seguros. Nesa liña de seguros incrementamos o orzamento en máis dun 8 %, chegamos aos 5 millóns de euros. E, polo tanto, creouse un grupo propio, grupo propio para analizar a situación de Galicia, para facer os cambios pertinentes, para que sexamos quen de chegar a cada un dos sectores; sectores que foron moi prexudicados ao longo deste ano, como pode ser o sector viticultor e o sector do cereal, entre outros moitos. Polo tanto, con esta liña de seguros ter unha conformidade con eles e, ao mesmo tempo, apoialos na medida das nosas posibilidades para que teñan o que é a súa produción asegurada tanto uns como outros.

Ademais, dende o verán e durante este verán permitiuse algo de maneira excepcional. Excepcional foi o tempo, como excepcional foi que permitíramos a recollida de auga en todos os puntos que tiñamos para helicópteros e motobombas, e que, polo tanto, ao longo do verán non puideran sufrir e ter que ir a outros lugares onde incluso podían ser sancionados. E neste caso os gandeiros tiveron habilitado e ségueno tendo habilitado agora mesmo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): E despois —remato— cunha liña de financiamento a través do Igape, onde están incluídas, por un lado, as xeadas, por outro lado, o graínzo e, por outro lado, a seca.

Señorías, a Xunta de Galicia estivo, está e estará sempre ao lado dos agricultores e gandeiros, sempre con eles e onde o necesiten.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pasamos á pregunta 7.8.

Pregunta de D. José Antonio Quiroga Díaz e D. José Manuel Pérez Seco, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas polo Goberno galego en relación coa contratación dos helicópteros para a loita contra incendios das campañas de 2011, 2012 e 2013

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Quiroga Díaz.

O señor QUIROGA DÍAZ: Bo día a todas e todos.

Conselleira, imos preguntar polo tema dos helicópteros, que se iniciou no 2015 tras as actuacións da Fiscalía.

En breve historia, no 2012 a Confederación Intersindical Galega presentou unha denuncia polos feitos, ao considerar que se adxudicara a dedo un contrato millonario a través do cal se encargou á empresa Inaer —a mesma dos gardacostas— os medios aéreos do servizo de loita contra os incendios forestais. Naquel momento, a Xunta explicou que a proximidade do verán e, polo tanto, a premura lle impediu convocar un concurso público ou pedir ofertas a outras empresas, polo que optou por encargarlle o servizo a Inaer a través dunha encomenda de xestión.

No ano 2014, o Consello de Contas sacou un informe sobre a contratación da Xunta, onde se pode comprobar que o contrato foi obxecto de dúas prórrogas ata o 30 de decembro do 2011. Sen embargo, a pesar de finalizar o contrato, a empresa seguiu prestando o servizo na tempada de 2012. Isto, segundo o Consello de Contas, fíxose sen a preceptiva cobertura contractual. O informe do Consello de Contas completa o panorama concluíndo que a Consellería do Medio Rural e do Mar —naquel entón a mesma— demorou en exceso a convocatoria do novo contrato.

No proceso concorreron Inaer e outra empresa, as cales segundo a Xunta incumprían os requisitos, polo que declarou deserto o concurso. Posteriormente convocou un procedemento negociado e, sen embargo, neste punto a Consellería xa introducira unha modificación substancial das condicións iniciais segundo o Consello, que para o mesmo organismo supoñía un obstáculo legal con infracción dos principios de publicidade e transparencia.

Segundo o mesmo Consello de Contas, a Consellería debía ter convocado un novo procedemento aberto, que non o fixo, ao que poderían concorrer outras empresas interesadas e con capacidade para realizar o contrato, e non outorgar a concesión a Inaer pola vía directa. Esta

conclusión do Consello de Contas foi a que espoleou a instrución xudicial e reactivou o procedemento no que está investigado o director xeral e outras persoas.

Diante disto, o Goberno da Xunta afirma que as cousas se fixeron de maneira correcta, ou iso di a Asesoría Xurídica, pero parece que non todo é tan correcto.

Por todo iso, o Grupo Socialista pregunta:

¿Que medidas pensa poñer en marcha o Goberno galego diante destes feitos, obviamente a maiores de esperar á xustiza, na cal todos confiamos?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Quiroga Díaz.

Ten a palabra a conselleira do Medio Rural, a señora Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

Formula vostede unha pregunta pedindo unha explicación, unha explicación urxente pola gravidade dos feitos relacionados e acaecidos coa adxudicación do contrato de helicópteros das campañas 2011, 2012 e 2013. Eu non comprendo moi ben esta urxencia, nin comprendo moi ben todo o que se quixo montar arredor de todo isto, porque estamos ante uns feitos que xa dende o ano 2013 están sendo analizados polo xulgado, xulgado competente como consecuencia —como vostede ben dicía— dunha denuncia iniciada por unha organización sindical, e que dende entón está a seguir a súa tramitación xudicial, sen ocultar absolutamente nada, dando a Consellería do Medio Rural todas as facilidades, como non podía ser doutra maneira, para que se obre en consecuencia e, ao final, haxa un veredicto.

Como indica, o que sinalan as informacións públicas é que nos anos 2011 e 2012 confluíron dúas circunstancias extraordinarias; circunstancias extraordinarias —volvo repetir— porque ocorreron neses anos como poden ocorrer noutros anos e tamén aconteceron este ano. Por un lado, grave actividade incendiaria nos meses de setembro e outubro, que provocou gastos extraordinarios no ano 2011, e grande actividade incendiaria nos meses de febreiro e marzo durante o ano 2012. E ante unha situación de emerxencia que demandaba que a Xunta de Galicia contara con medios aéreos para a súa campaña actuouse do mesmo xeito, tamén con emerxencia, dentro —como digo— dunha actuación extraordinaria.

Señorías, que ese mecanismo extraordinario fose correcto é o que dende o ano 2013 está a analizar o xulgado competente, polo que, se a alguén lle corresponde dilucidar se a tramitación de tales expedientes foi ou non a que correspondía neste momento procesual, é aos xuíces; creo que non é o Parlamento, creo que non é a ningún grupo político, porque ademais debemos facilitar para que iso sexa así.

Se vostedes me preguntaran a min se creo que actuaron ou se actuou de maneira correcta, eu estou convencida de que se actuou de maneira correcta.

Dende aquí podo dicir que unha situación sobrevida levou a adoptar esas medidas, unhas medidas extraordinarias que están para utilizarse, e que deberá ser a xustiza a que determine con total respecto desta consellería a súa conformidade. Mais tamén debo dicir que normalizada a situación extraordinaria, as sucesivas contratacións da Consellería do Medio Rural, como non pode ser doutro xeito, seguiron e seguirán os trámites ordinarios correspondentes, utilizando os procedementos axeitados á lexislación de contratos do sector público.

Os helicópteros antiincendios contrátanse de maneira totalmente legal, respectando escrupulosamente os principios...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): ...de transparencia e libre concorrência.

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Para a réplica ten a palabra o señor Quiroga Díaz.

O señor QUIROGA DÍAZ: Si, conselleira.

Non estamos diante de opinións dun sindicato ou dun grupo político, estamos falando de conclusións do Consello de Contas, que son meridianamente claras.

E entendemos que o caso ben merece unha revisión profunda neste tipo de contratacións. E cando vostede preguntaba que facer, nós xa dicíamos que iamos estar tamén á espera, como supoño que todo o mundo, das resolucións xudiciais, pero cando menos entendemos, dado o calado do tema, que se debería proceder a unha auditoría, unha auditoría externa, para avaliar este tipo de contratacións, que non é a primeira e que —mellor dito— aparece reiteradamente nos medios públicos e está sendo posta en solfa. Porque ao noso entender estamos diante de adxudicacións claramente chafalleiras e, como di o Consello de Contas, cando menos irregulares. Non se fala de ilegalidade, pero si se fala clarisimamente de irregularidade.

Polo tanto, non é un tema para obviar senón para ter moi presente e darlle toda a importancia, e este *modus operandi* confirma unha dinámica de mala xestión, como reitera o Consello de Contas. Estamos diante, polo tanto, de decisións presididas pola improvisación con consecuencias nefastas para as arcas públicas; improvisación que se reitera e se repite continuamente como puidemos apreciar nesta última vaga de lumes.

E iso é o que nós estamos cuestionando, e iso é o que nós estamos propoñendo: que fagan vostedes unha auditoría que reflicte eses malos ou irregulares funcionamentos co ánimo de melloralos e deixalos claros e transparentes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Quiroga Díaz.

Ten a rolda de réplica por parte do Goberno a conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

Unha vez máis, señoría, debo insistir en que a consellería non pode facer outra cousa que tramitar con escrupuloso respecto á legalidade contractual, os correspondentes procedementos de contratación con publicidade e transparencia, para que concorran libremente as empresas que así o queiran. Ben é certo que non hai o mesmo número de empresas para alugar coches que para alugar avións e helicópteros, esa é a realidade. E todo isto con base en pregos de cláusulas e prescricións técnicas visados por técnicos xurídicos e con distintos trámites, exame de documentación e de proposicións económicas, nos que interveñen técnicos, letrados e tamén interventores.

Por iso, o que lle digo, señor deputado, é que o que fixo a Consellería en todo momento foi tramitar os procedementos contractuais previstos na lexislación de contratos para poder poñer ao servizo da extinción de incendios os medios aéreos que se consideraron os máis adecuados tecnicamente. É máis, señoría: esta consellería foi máis aló da estrita tramitación contractual ordinaria en aras de conquistar a maior e mellor intervención das empresas deste mercado de medios aéreos para a extinción de incendios, para acadar esa libre competencia que fomenta a eficacia e garante obter boas condicións nos contratos. Así, no caso dun expediente moi recente, de contratación de medios aéreos tramitado ese mesmo ano, e no que un lote quedou deserto, fomos máis aló e pedimos ao mercado suxestións de cara a mellorar no futuro as condicións técnicas da contratación.

A Consellería do Medio Rural fixo unha sondaxe ao mercado de xeito transparente e público —e vostedes tamén puideron optar a ela— para os efectos de poder definir do mellor modo posible o escenario económico deste tipo de contratacións e poder escoitar, se é caso, calquera alegación sobre as melloras técnicas nas que as empresas poden prestar o servizo.

O anuncio, por se queren consultalo, da consulta —valla a redundancia— foi publicado o 10 de marzo de 2017 no Portal de transparencia, participación e relacións coa cidadanía. E nesta consulta tiveron a oportunidade de participar libremente todas as empresas que están no mercado para mellorar a eficiencia dentro deste contrato. É dicir: imos máis aló, pedimos suxestións, facémolo aínda máis amplo, e a partir de aí extraemos conclusións.

Polo tanto, señoría, en resposta á súa pregunta, non podo máis que dicirlle que esta consellería, ademais de respectar escrupulosamente a normativa contractual, xa de por si absolutamente respectuosa coa transparencia e a publicidade...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): ...ofreceu ademais pluses de transparencia.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Pregunta de D^a María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a opinión do Goberno galego respecto da garantía dunha protección suficiente das costas de Galicia fronte a unha situación similar á catástrofe do *Prestige* coas actuacións levadas a cabo desde hai quince anos

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día, señora conselleira.

O pasado día 13 celebrabamos os quince anos do inicio da catástrofe do *Prestige*, un accidente dun petroleiro que se converteu en traxedia para Galiza pola incompetencia na xestión do mesmo por parte do Goberno da Xunta e do Goberno español, ambos os dous en mans do Partido Popular. Unha data que no BNG queremos aproveitar para facer balance.

O corredor de Fisterra é un dos lugares do mundo por onde máis mercadorías perigosas pasan. Segundo datos de Salvamento Marítimo, ao longo do ano 2016 navegaron por diante das nosas costas máis de corenta mil buques. Deses, arredor de doce mil oitocentos con mercancías perigosas. Cen buques ao día, dos cales arredor de trinta e cinco levan mercadorías perigosas; trinta e cinco bombas de relojería ao día que poden detonarse diante das costas de Galiza en calquera momento.

Quince anos despois, decisións claves para Galiza, como as relativas ao salvamento marítimo, seguen a ser adoptadas desde Madrid e non desde o noso país. ¿Non coida, señora conselleira, que a Galiza lle iría moito mellor tendo o poder político e competencias para xestionarmos desde aquí os nosos propios problemas, máxime tendo en conta que somos o país con maior taxa de sinistralidade por mareas negras de toda Europa?

En canto aos dispositivos de emerxencias, vemos como o sistema de seguranza marítimo en Galiza segue o modelo da privatización. Ao final dos anos oitenta, un clamor popular polo que se pedían medios e medidas fixo que se creara o Servizo Público de Busca e Salvamento Marítimo. Despois da traxedia do *Prestige* déronse conta de que se precisaban medios, a Xunta decide mercar dúas embarcacións maiores, dous helicópteros e crear o Servizo de Gardacostas.

En 2005, tras recibir os dous barcos, o Partido Popular decide privatizalos e adjudícalle esa privatización a Remolcanosa; veu prorrogándolle o contrato cun custo medio de 6 millóns de euros ao ano; e lévalle entregado xa máis de 50 millóns de euros. Tamén no ano 2005, tras mercar dous helicópteros, deciden privatizalo tamén, privatizar a súa operatividade e mantemento, entréganllos a Inaer. E no ano 2012 agasállanllos pola metade do que custaran no ano 2005. No ano 2017 acaban de volver entregarlle o servizo tras un concurso tamén moi cuestionado. Iso si, parece que despois de pedirle suxestións ao mercado.

Neste contexto acaban de saltar as alarmas ao coñecerse a imputación do director xeral de Ordenación Forestal, precisamente por entregarlle á mesma empresa que vostede tamén lle ten entregado o salvamento marítimo.

E a nós parécenos un escándalo, señora conselleira, escurantismo, falta de transparencia, procedemento cuestionado polo Consello de Contas, falta de estudos que avalen que esta privatización é máis eficiente que facelo cos servizos públicos. Por iso, preguntámoslle:

¿Cal é a prioridade do Partido Popular, se a seguridade da xente do mar, a protección das nosas costas ou o negocio das empresas amigas?

Ou ¿cal é a prioridade do Goberno do Partido Popular...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...señora conselleira, se ter competencias e recursos para defender as nosas costas ou ser servís aos intereses de Madrid?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra a conselleira do Mar, a señora Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Prado, por empezar por onde vostede terminou, se me pregunta cal é a prioridade do Goberno da Xunta de Galicia, sempre lle direi que a seguridade das persoas que traballan no mar todos os días; iso por riba de todo. (*Aplausos.*) Pero para conseguir esa seguridade nós fomos quen de crear no seu momento xa o Servizo de Salvamento Marítimo e Loita contra a Contaminación.

Vostede, na súa pregunta, dicíame se hoxe Galicia estaba máis preparada que hai quince anos, e eu dígolle que si.

E vostede dicía que o día 13 de novembro era un día para recordar que se fixera, que pasou, e vostedes empéñanse en velo todo negro, a diferenza de nós. Mire, nós cando hai unha catástrofe actuamos, resolvemos os problemas da xente que vive esa catástrofe e despois xa, unha vez superada esa crise, analizamos que é o que temos que facer, para que no caso de que se volva dar esteamos moito mellor preparados. E iso foi precisamente o que fixemos nestes últimos quince anos. Unha vez superada a crise do *Prestige*, ¿que fixemos? Puxémonos a traballar. ¿E neste momento imos dicir que Galicia está mellor preparada que hai quince anos? Dígolle xa rotundamente que si.

Mire, hoxe avanzamos nos plans operacionais. No ano 2012 Galicia presentou un Plan de loita contra a contaminación mariña, o plan Camgal, que o volvemos modificar no ano 2016 para adaptalo ao que fixo o Estado no ano 2016, o Plan nacional de resposta contra a contaminación mariña.

Avanzamos tamén no plan de dotación de medios, porque construímos dous barcos —como vostede ben dicía—, dous barcos dotados con medios de loita contra a contaminación mariña, e eses dous barcos están plenamente operativos dende o ano 2005. A maiores, xunto coa Aensa aportamos un novo buque, o buque *Ría de Vigo*, dotado dos mellores medios tecnolóxicos para todo o noroeste da península Ibérica, onde a Xunta de Galicia contribúe ao seu mantemento e ao seu funcionamento.

Avanzamos nos plans de investigación: catorce proxectos de investigación lévanse a cabo por persoal da Consellería do Mar dende o Intecmar e dende o Cetmar. Deses catorce proxectos de investigación, dous foron premiados recentemente na Unión Europea. Somos chamados para contribuír a outras rexións da Unión Europea para ver os avances que se fixeron en Galicia.

Avanzamos tamén, España avanzou, nos plans normativos, contribuíndo á implementación dos paquetes Erika I, II e III para conseguir que os barcos monocasco deixen de circular por augas da Unión Europea. E todo iso impulsouse dende Galicia.

Mire, recoñecer que ante a situación que se dá no mar, os cambios imprevisibles que se poden producir todos os días no mar, que calquera rexión do mundo está preparada para asumir un accidente como o do *Prestige* sería dicir que minto. Non hai ningunha rexión en todo o mundo que poida estar preparada para unha situación así ao cen por cento. Pero non recoñecer que Galicia está hoxe mellor preparada que o estaba hai quince anos sería negar a evidencia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Quintana.

Ten a palabra para a réplica a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Mire, señora Quintana, quince anos despois, o mínimo que podía vostede facer era recoñecer que a actuación do seu goberno e do Goberno de Madrid o que fixeron foi converter un accidente nunha auténtica catástrofe para o noso país; polo menos, poderían ter recoñecido iso. (*Aplausos.*)

E podían recoñecer que para ter uns servizos públicos de salvamento vostedes o que fixeron foi privatizar o servizo, pois entregaron máis de 50 millóns de euros a Remolcanosa, a Silveira, cando os barcos son públicos, e levaron a cabo unha privatización dos servizos de helicópteros, pois pagaron 27 millóns, vendéronos por 12, pasaron a pagar 9 millóns onde se pagaron 2; é dicir, un auténtico escándalo, señora Quintana, un auténtico escándalo. ¡Como mínimo, incompetencia!

Mire, quince anos despois pode producirse unha nova catástrofe como a do *Prestige* e Galiza segue sen ter competencias para afrontar este accidente; quince anos despois as decisións séguenas tomando en Madrid. ¡Podería vostede recoñecer iso!

O PP ten votado en contra todas as iniciativas presentadas polo BNG nas que instaba a que reclamáramos as competencias en despacho de buques, en navegabilidade, en seguridade marítima, en salvamento marítimo, en preservar o carácter público do Servizo de Gardacostas.

Quince anos despois non se elaborou un estudo integral do impacto da marea negra, teñen privatizados os medios acuáticos e aéreos, pasaron a cobrar polo salvamento marítimo, non fan simulacros de salvamento, non está establecido cales son os portos refuxio, señora Quintana, non hai un sistema de control satélite para controlar os sentinazos dos miles de barcos que pasan por diante das nosas costas.

Señora Quintana, quince anos despois o Partido Popular está instalado na política de parecer que fai, cando en realidade o que leva feito é entregado millóns de euros a empresas privadas, leva feita toda unha cuestión, como sempre, de moita propaganda e realmente pouco de actuación.

E, desde logo, ¿considera vostede que diante dunha catástrofe como a do *Prestige* Galiza ten os medios suficientes para abordar unha catástrofe...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...con garantías? ¿Considera vostede que ter que chamar a Madrid para que tome medidas e para pedirle permiso é a situación idónea para o noso país, señora Quintana?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRADO CORES: ¿Nalgún momento van deixar de ser servos e tomar as rendas para defender o noso país, señoras e señores do Partido Popular? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Para a rolda de réplica ten a palabra a conselleira do Mar, a señora Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Señor presidente.

Señora Prado, «hai que saber distinguir entre gañar competencias e actuar eficazmente unidos cando hai unha crise», ¿recorda esa frase? Díxolla o presidente Touriño cando vostedes gobernaban no Bipartito, cunha catástrofe dun buque que non era nin a do *Prestige*, pero que andou dando voltas por aquí polo litoral de Galicia durante bastante tempo.

Mire, xa lle dixen na miña primeira intervención: non me pida que diga que Galicia está preparada para afrontar unha crise como a do *Prestige*. É que o dixo o directivo máis importante da Axencia Europea contra a Contaminación Mariña: non hai ningún país no mundo que

poida estar preparado por si mesmo para loitar contra unha situación como a do *Prestige*. Pero é que, mire vostede, non é que o dixera el, é que cando houbo o desastre ecolóxico no golfo de México en Estados Unidos, Galicia enviou medios a Estados Unidos para loitar contra esa contaminación. Se a Unión Europea non ten medios, se Estados Unidos non ten medios, ¿vostede pensa que Galicia, por moi grande que nós nos consideremos, estaríamos preparados, señora Prado?

¡Home!, a verdade é que, en fin, vostede vén aquí e eu creo que quere manipulalo todo, porque me di que eu entrego os barcos a Remolcanosa, ao señor Silveira, a unha empresa privada. Pero ¿vostede onde estaba no ano 2006, señora Prado? Creo que era delegada de Presidencia na provincia de Pontevedra. ¿Vostede non recorda que o 12 de xullo de 2006 firmaron un contrato con Remolcanosa para que xestionara os barcos de salvamento marítimo e de loita contra a contaminación e que ese contrato ten unha duración de vinte e cinco anos, señora Prado?

A vostede téñolle que dicir que no ano 2009 nós fixemos unha addenda para incorporar o buque *Ría de Vigo*, e baixamos o prezo da contratación que vostedes deixaron feita. E téñolle que dicir que no ano 2011 volvemos firmar unha addenda dese contrato con Remolcanosa, e volvemos baixar o prezo de licitación en máis de 1.700.000 euros. E téñolle que dicir que nós non privatizamos o Servizo de Salvamento Marítimo, o Servizo de Salvamento Marítimo sempre foi creado por un Goberno do Partido Popular. E nós fixémoslo moito máis operativo, o único que fixemos foi melloralo: temos os mellores helicópteros, temos o servizo operativo as 24 horas do día, os 365 días do ano. E vostede non me pode comparar os prezos que estamos a pagar no ano 2017 con estas prestacións coas que se pagaban no ano 2004 cando creamos o servizo.

Señora Prado, eu dígolle unha cousa: os nosos contratos son públicos, fixéronse licitacións públicas, publicáronse no *Diario Oficial da Unión Europea* esas contratacións, fíxose unha consulta pública, publicada no *Diario Oficial de Galicia* tamén, e adxudicáronse cun valor de 700.000 euros inferior que o contrato que había no ano 2012. Eu non sei onde quere ver vostede a manipulación. Ao mellor, teríame que explicar a min —e xa llo dixen a outra vez— por que vostedes no ano 2006 seguiron facendo addendas ao contrato que nós tiñamos en lugar de facer unha nova licitación, e o único que fixeron foi facer addendas tras addendas ata que deixaron o goberno, incrementando eses contratos en 1.700.000 euros sen facer licitación pública.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): ¿Tiñan vostedes algún negocio coa empresa Inaer? Porque nós dende logo non, porque o que facemos é licitación pública.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Recuperamos agora a interpelación pendente de substanciar.

Interpelación de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en materia de atención ás emerxencias

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a interpelación ten a palabra a señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día, señor Rueda.

Escoitei onte, a verdade, con atención a súa comparecencia, porque garda relación con esta interpelación que nós xa tiñamos pensado traer a colación da situación das emerxencias, con atención e con preocupación, a verdade. Preocupación porque a pesar dos fallos acontecidos durante a vaga de lumes e denunciado polos diferentes profesionais, non asumiu vostede ningún dos erros, ningunha responsabilidade ou a existencia de ningún tipo de fallo na súa xestión e na das propias emerxencias de Galicia.

E esa soberbia, señor Rueda, foi a mesma que nos levou hai tan só uns meses ás galegas e galegos a ter que ser espectadores e espectadoras dunha folga do persoal do 112, que se podería ter evitado se vostedes se sentasen a falar e a dialogar con antelación as condicións do traslado do persoal da central.

Pretender que non pasa nada, mirar cara a outro lado ata que o problema xa está fronte de nós, non é, dende logo, responsable. E entendemos que o que non se pode facer é vir aquí e trasladar que a responsabilidade é doutras e doutros.

Daquela, case noventa días de folga, incapacidade pola súa parte manifesta e evidente de dialogar, e finalmente tivo que ser —como lembrará vostede e como trasladamos aquí noutra interpelación que lle realizamos— o Consello Galego de Relacións Laborais o que tivo que obrígalos a sentarse cos traballadores e traballadoras.

E a pesar da súa negativa ao diálogo, dos intentos de boicot de folga, felizmente a loita deses traballadores e traballadoras deu os seus froitos coa consecución das reclamacións a nivel laboral.

Pero nós, dende En Marea, que efectivamente interpelamos e lle preguntamos por aquel entón en varias ocasións, advertimos que dende o inicio había dous temas, dous problemas: por unha banda, o fundamentalmente laboral e, por outra, a situación dos medios materiais nas emerxencias. Maiormente, sabe vostede o sistema informático de recepción e xestión das chamadas de emerxencias e mais a ausencia de recursos suficientes.

O asunto laboral resolveuse en parte soamente en canto ás reclamacións do persoal, o que motivou esa folga indefinida. Pero a situación do persoal en moitas ocasións, sobre todo daqueles e aquelas que atenden as chamadas, eses que se regulan por eses convenios de *call center*, segue sendo precario. E o noso grupo xa lle trasladou a necesidade de que os servizos de emerxencias no noso país sexan públicos, e en ocasións tamén a ausencia de persoal suficiente.

En canto aos medios materiais, advertiron antes da folga dos problemas relacionados coa plataforma. Vostedes decidiron facer ese traslado igual, sen dar a formación necesaria e con fallos do sistema; xa llo trasladamos por aquel entón nesta mesma Cámara. Tiñamos un programa que funcionaba, pero vostedes decidiron implantar outro, contratándollo á empresa da señora Martín de Pozuelo Romay

No día de hoxe, efectivamente, modificáronse algúns aspectos do propio sistema, porque continuaba dando fallos dende o inicio, e houbo algunhas melloras leves. Pero só unhas semanas antes da vaga de incendios, os traballadores e as traballadoras, señor Rueda, denunciaban que seguían existindo problemas co sistema, denunciando a finais de setembro colas de chamadas que desbordaban a central, a pesar de que este verán houbo menos emerxencias en comparación a anos anteriores. E con esa tesitura, con esa circunstancia, foi coa que tivemos que chegar ao mes de outubro, incluso á vaga de incendios.

Queremos que nos diga, señor Rueda, como tras un ano enteiro de denuncias podemos seguir nesta situación. Cando visitamos as dependencias, díxosenos que se era necesario se incrementarían o persoal e se empregaría o programa antigo se había colapsos. Non sei se o fixeron durante a vaga de lumes, non sei se o necesitaron facer, e quixera saber se vostede pode trasladar aquí algo a ese respecto.

Pero hai, señor Rueda, un dato que quedou fóra do debate parlamentario dende setembro, e que é precisamente a dimisión do señor Juan José Muñoz, o xerente da Axega, da Axencia Galega de Emerxencias, só unhas semanas antes da vaga de incendios. O mesmo que boicoteaba a folga das e dos traballadores, que presionaba as plantillas en folga. E o mesmo que tivo, ademais, unha actitude a verdade é que bastante hostil coas deputadas e deputados cando visitamos as dependencias do 112, o responsable da axencia dos recursos, durante todos estes anos.

E foron, señor vicepresidente, moitas as ocasións nas que as plantillas denunciaron as reiteradas negligencias dos protocolos, as carencias na asignación dos recursos para dar resposta ás emerxencias, a descoordinación ou os problemas de recursos. E este mesmo grupo, e tamén como Alternativa Galega de Esquerda por aquel entón, trouxemos as graves deficiencias de medios e coordinación que as galegas e galegos tiveron que sufrir, por exemplo, nese incendio de Fandicosta, no caso da carpintería de Cotobade ou no caso do afundimento do pesqueiro *Nuevo Marcos*, como xa lle lembramos tamén na interpelación que realizamos na última ocasión.

Quizais o que aconteceu é que non se trataba dunha dimisión por motivos persoais, e o que sucedeu é que vostede o cesou, e debería facelo, e debería facelo e ben faría, e debería trasladar aquí se é así. Porque a realidade é que a descoordinación dos medios, a mala xestión e a atomización fan que cando existe unha catástrofe o sistema sexa insuficiente e o sistema colapse.

A min gustaríame saber, señor vicepresidente, se tomaron algunha medida para solventar esta situación, que explicación pode proporcionar vostede ante a falla de medios e a falla de planificación, e obviamente ante o acontecido nestes exemplos, pero tamén ante a vaga de lumes, se vostedes van asumir algún tipo de responsabilidades. A nós parécenos moi grave,

e xa llo trasladou o compañeiro Villares onte na propia comparecencia, e vostede, sen embargo, onte botou balóns fóra, anunciando unha serie de medidas que en moitas ocasións nin sequera supoñen unha novidade.

Claro que vai haber que falar desa comarcalización dos parques de bombeiros, que ademais nin sequera anunciou onte vostede aquí, porque o propio señor Menor xa falara deste asunto e de adaptar os servizos, ampliar os servizos, etc.

Pero, señor Rueda, o persoal leva en reiteradas ocasións denunciando a ausencia dun mapa de equipos de intervención actualizado, a arbitrariedade na xestión da cobertura específica dos recursos, a falla de criterios técnicos na mobilización dos medios e unha situación que non é nova e que deriva da ausencia dunha coordinación eficaz e da privatización de moitos dos recursos. Xa se lle puxeron algúns dos exemplos.

E, claro, o que vostede fixo onte foi escorrer a súa responsabilidade falando da Lei 5/2007, de emerxencias, pero, señor Rueda, só dos artigos que a vostede lle conviñan. Desgraciadamente, vostede descargou a responsabilidade nos concellos e deputacións, e evidentemente non falou da súa responsabilidade. Por certo, os mesmos concellos que vostedes estrangulan vía financeira co 135 e coa Lei de bases de réxime local, impedindo que poidan incrementar os servizos, non só no caso da extinción, dos bombeiros, senón o resto de servizos públicos necesarios nun concello. Pero, evidentemente, as deputacións e os concellos teñen a súa responsabilidade, claro que si. Dio a propia norma, e é neses lugares onde temos nós que reclamarlles se consideramos que non se fai.

Pero a Xunta de Galicia —temos aquí a norma— tamén ten as súas responsabilidades: artigo 11, señor Rueda, das competencias do Consello da Xunta; artigo 12, da persoa titular da Presidencia, é dicir, o señor Feijóo, mando único nun caso dunha emerxencia que así se considere por parte da Xunta de Galicia; e artigo 13, da persoa titular da consellería competente, ou sexa, vostede. Vostede ten a responsabilidade sobre o Plan territorial de protección civil, os plans especiais, o mapa, o catálogo de riscos, a decisión sobre os plans de emerxencia, o Platerga, todo isto —artigo 13— é responsabilidade súa; requirir a colaboración das administracións. E letra h), por exemplo, do artigo: «Coordinar as actuacións da Xunta coas outras administracións. Promover a formación en materia de protección civil», etc., etc., etc.

E xa que se queixa vostede das administracións locais, incluso se lle permite intervir a capacidade de actuar das administracións locais. Pero entendemos que non era necesario e que sería inxusto, porque os concellos, en maior ou menor medida e coas capacidades que tiñan, si cumpriron. E por iso vostedes non necesitaron facer uso dese artigo.

Señor Rueda, gustaríanos saber que van facer para suplir, para solventar a situación das emerxencias en canto á súa responsabilidade; non o que teñen que facer os concellos e deputacións, que reitero alí será onde teñamos que pedirilles responsabilidades aos concellos e deputacións.

Ante o colapso do 112 —e remato xa— non serve simplemente dicir que o que acontece era unha situación excepcional. Claro, si que o era, é evidente. Pode haber unha situación que

incremento o número de chamadas. Pero, señor Rueda, o que non pode é vir iso cun precedente de denuncia reiterada de falta de coordinación e de insuficiencia dos recursos.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Solla.

Ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o señor Rueda Valenzuela.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, señorías, o agradecemento e recoñecemento por esa alteración da orde do día, motivada pola asistencia a un acto contra a violencia machista, doulles as grazas por alterar a orde do día e tamén a vostede, señora Solla, por escoitarme onte con atención e con preocupación, que foi o que dixó. Lamento tela decepcionado, aínda que estou seguro de que, dixera o que dixera, ía decepcionala igual, porque —vostede tamén o dixó aquí— xa tiña claro ao que viña e o que ía dicir hoxe. Que eu fale das propostas da Xunta de Galicia, da nosa responsabilidade... ¡Por suposto, claro que temos! Vou intentar explicalo outra vez, xa que me dá oportunidade. Claro que temos unha responsabilidade en atención ás emerxencias. E, polo tanto, o de dicir o que imos facer para que isto mellore a vostede dálle igual. Esperaba outra cousa, esperaba ter argumentos para dar caña. É moi lexítimo. Pero non esperaba recoñecer nada construtivo nin sumarse a esa proposta de construción e coordinación. E, polo tanto, de aí á palabra máxica que vostedes sempre usan, «soberbia», hai un paso. Pois, mire, soberbia, ningunha; propostas construtivas, todas as do mundo. Pero cando vostedes quedan sen argumentos, sempre estamos igual.

Mire, cando eu vin que se metía na orde do día esta interpelación, sabendo que había unha comparecencia para falar do mesmo, pois eu entendino —moitos e moitas, e non só do meu partido, pensaron o mesmo—: falta de confianza—ía facelo o señor Villares— en que non fora o suficientemente cañeiro, que non dixera a todo que non porque non. Entón xa ía vostede ao día seguinte —a verdade é que, despois, o señor Villares tampouco foi demasiado construtivo, moi pouco construtivo—, por se acaso, xa viña vostede con esta interpelación para facer o que acaba de facer agora mesmo. Bueno, pois eu vou intentar, aínda así, sacar algo en limpo —polo menos por parte da Xunta de Galicia e a prol dos cidadáns— deste debate das emerxencias. Á parte, vouno facer outra vez no Parlamento. Por certo, hoxe mesmo, a Deputación de Pontevedra, a máxima responsable, dicía que era intolerable que eu onte viñera aquí a explicarlle ao Parlamento antes que ás cidades o que quería facer a Xunta en materia de emerxencias. Ese é o respecto ao Parlamento que teñen algunhas responsables públicas. Eu vou seguir pensando que é no Parlamento onde teño que facer as primeiras propostas e despois debatelas e intentar executalas noutros lugares, por moi mal que lle pareza a vostede ou a calquera. *(Aplausos.)*

Na súa exposición de motivos, na súa interpelación, falaba de moitas cousas, do 112 e de mais cousas. Por suposto, tamén falaremos do 112, que vostede e eu tamén temos un espe-

cial interese en que funcione ben, o que pasa é que eu veño con datos reais e vostede vén con datos terxiversados, con datos non actualizados e, en definitiva, con datos que intentan todo, na miña opinión, menos que o 112 mellore. Vostede fala de que nós non temos propostas concretas, na súa propia interpelación falaba da necesidade de actualizar o mapa de servizos; falaba de que a cobertura xeográfica dos recursos non é axeitada e, polo tanto, hai que cambiala; falaba de que non existe un equilibrio territorial na protección da cidadanía e, polo tanto, hai que redistribuír os recursos; falaba de cales son os nosos criterios na mobilización dos medios e reclamaba —insisto, na súa exposición e entendo que agora aquí tamén— unha explicación sobre o que imos facer fronte á falta de medios e fronte á precariedade —na súa opinión— da atención ás emerxencias.

Bueno, o primeiro que lle digo é: exercer as nosas competencias. De ningunha maneira eu vin dicir aquí, de ningunha maneira, que a responsabilidade sexa doutros, que son de todas as administracións. Insisto, cada un, no exercicio das súas competencias. Polo tanto, teremos que coordinalas. Volvo dicir: o 60 % dos recursos públicos, é dicir, recursos dos impostos de todos os galegos e galegas, son os que destina a Xunta de Galicia —e o outro 40 % entre as outras administracións responsables— a intentar que isto funcione. Polo tanto, ¡joia!, isto por darlles resposta exacta ás cousas que vostede plantexa, se isto é o que realmente lle interesa saber. Se lle interesa saber outras cousas que levan a pouco para arranxar problemas, tamén podemos falar diso. Pero eu vou intentar que todo isto sexa útil, polo menos que sexa útil —insisto— por parte da Xunta de Galicia.

Respecto da redistribución de efectivos e da nova cobertura xeográfica, pola que vostede me interpela, aproveito para poder explicalo outra vez. Creo que quedou claro, pero explícoo outra vez. Diso vai a proposta de comarcalización, de estender as coberturas xeográficas onde agora mesmo non se están producindo. Iso é o que imos facer, señora Solla. Por iso reclamamos a colaboración. Primeiro veño explicalo no Parlamento e despois reclamamos a colaboración das outras administracións, que teñen que poñer cartos coma nós e teñen que poñer recursos coma nós. E haberá que sentarse, por suposto, a ver como se artella todo isto, como se organiza e como somos rápidos falando de emerxencias. Por suposto, haberá que facelo, e facelo rápido.

Falei tamén respecto da distribución xeográfica, racionalización de recursos e de crear novos grupos de emerxencias —falei de cinco—. Esa é a proposta da Xunta de Galicia, para non perder o tempo. É dicir, xa temos a diagnose, temos unha proposta. ¡Oia!, pois cinco grupos. Se despois teñen que ser catro ou seis, pois xa veremos; se non teñen que estar nesta zona concreta e teñen que moverse un pouco xeograficamente, xa o veremos tamén. Pero, polo tanto, terá que haber unha proposta para discutir e terá que haber recursos para sustentalo, que é o que nós propoñemos. Tamén creo que con isto contesto a parte do que vostede me está preguntando, e aproveito para recordar que pasamos do 65 % do territorio en menos de vinte minutos a máis do 90 %, e do 35 % da poboación a máis do 95 %; poboación, ademais, en zonas rurais ata agora especialmente desprotexidas.

Tamén falei doutras actuacións en materia de emerxencias. Aproveito para volver dicir que, se de verdade poden axilizar todo o que ten que ver, todo o relacionado, co cambio de modelo dos parques comarcais, dos 25 parques comarcais, estaría moi ben para poder ir axilizando

todo aquilo polo que vostede me interpela: redistribución, medios mal distribuídos, precarios, mal planificados... Todo iso o que require é saber como se van xestionar os parques de bombeiros, e, se fora necesario, facer algún tipo de cambios.

Falei tamén —e dixo non dixeron vostedes nada, nin onte nin, por suposto, hoxe, non lles importa nada e a nós impórtanos moitísimo— das agrupacións de voluntarios de protección civil, que tamén son un recurso de emerxencias fundamental. Son moitos miles de mulleres e homes que, a cambio de nada, a cambio simplemente de que se recoñeza o seu traballo, dotándoos de medios e dándolles a formación, adican moitas horas a servizos imprescindibles que complementan dun xeito nos que, se non estiveran eles, sería moi difícil facer unha cobertura integral. De todo isto habería que falar tamén e isto está na planificación da Xunta de Galicia.

E, por suposto, tamén propuxen seguir falando de seguir avanzando e mellorando o centro de atención ás emerxencias do 112 na Estrada. Vostede insiste en que o cambio foi un capricho político. Pois, ¡oia!, primeiro, non foi ningún capricho político e, segundo, vólvolle dicir que xa estaba planificado. Explíqueino, efectivamente, moitas veces nesta Cámara, as veces que vostede me preguntou e outras veces que me preguntaron outros grupos, ou nas miñas comparecencias. Explicámolo tamén fóra do Parlamento, pero no Parlamento primeiro. É que xa había unha proposta de cambio que nos atopamos. Iso si, unha proposta moito máis cara —o edificio valía case 14 millóns de euros—. Antes de contratar o edificio xa estaba contratada casualmente —¡oh, milagre!, por un procedemento secreto de seguridade— a plataforma informática, o que ninguén coñecía máis que o que a encargou e o que a ía facer a dedo. E iso é o que nós encontramos do Goberno bipartito. Fixemos as cousas un pouco mellor, melloramos —porque facía falta e era urxentísimo— o que había naquel momento no 112. E con tempo fomos planificando o traslado que agora tivo lugar. E diso se trata. Exactamente facer unha boa planificación de emerxencias.

Todo o demais, dar datos, como lle digo, que non están actualizados sobre o 112, sobre a distribución dos efectivos, querer dicir que a Xunta fai escapismo cando fai todo o contrario, querer dicir que non exercemos as nosas responsabilidades cando o que queremos é exercelas, pero exercelas dun xeito que sexa efectivo, é simplemente non entender —ou polo menos non entender do xeito que debería ser— como se planifican as emerxencias. Como eu creo que con isto nos xogamos moito, aproveito e agradezo esta oportunidade para volver explicar non o que expliquei onte senón para explicar o que hai en materia de emerxencias e para explicar responsabilidades da Xunta de Galicia. En todo o demais, se non o quere entender, estaremos perdendo o tempo. E en emerxencias realmente o tempo non se pode perder.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para o turno de réplica, ten a palabra a señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Señor Rueda, é vostede deputado, sabe como se fan as ordes do día dos plenos. Eu lamento que vostedes teñan que utilizar este tipo de argucias para facer un chascarrillo no pleno. Vostede verá, ¡alá vostede! Nós preferimos falar das emerxencias do país e do relevante nesta vaga de lumes, pero tamén de todas as advertencias que durante un ano se fixeron sobre o funcionamento da nova central, neste caso. Pero houbo denuncias previas de anos anteriores que trasladaban a descoordinación que, como xa lle dixen, desgraciadamente tivemos que vivir no incendio de Fandicosta, no afundimento do *Nuevo Marcos*, e que non se restrinxen só á desgraciada vaga de incendios que viviu o noso país.

Vostede faga o que considere. Nós queremos falar das emerxencias, e para min si que é soberbia, señor Rueda —non se pode catalogar doutra maneira— a actitude que vostede tivo e mantivo —tamén os seus subordinados— ante a ausencia de diálogo na negociación do traslado do persoal do 112. Comprenderá vostede que, que os abocaran a unha folga indefinida, non se pode cualificar doutra maneira, cando non se sentaban a negociar ata que o Consello Galego de Relacións Laborais os obrigou. E, desgraciadamente —e gustaríame escoitalo da súa boca hoxe aquí—, parece ser que vai correr o mesmo risco ou o mesmo futuro o persoal do 061. Porque vostede onte anunciou nesta mesma Cámara que durante o ano que vén se van realizar un montón de traslados, incluído o do 061, tamén Salvamento Marítimo e o resto de servizos, policía e outros servizos. Sen embargo, os profesionais, o persoal, non teñen nin idea de absolutamente nada, porque ninguén se sentou a negociar con eles. A nós gustaríanos que non se vexan abocados a unha situación igual á que vostedes someteron o persoal do 112, que, dende logo, non fan folga por vontade propia senón pola ausencia de diálogo. E sucede o mesmo neste caso. Vostede non quere oír as propostas da oposición. Onte presentámoslle unha serie de medidas.

Pero, ademais, vostede non asumiu ningunha responsabilidade, por iso eu tiven que traer o resto do articulado da lei, da que vostede onte só leu os artigos que lle conviñan. E, reitero, cada administración ten a súa responsabilidade, efectivamente. Pero a súa é a de coordinar a totalidade dos servizos, a de coordinar os plans, a de dar formación, a de deseñar a xestión, o plan e a coordinación das propias emerxencias do país. E vostede non pode escapar desa responsabilidade trasladándolle aos concellos, que, mellor ou peor, fixeron o seu traballo cos medios que tiñan; e, en moitas ocasións, sen poder contactar con vostedes mentres ardía parte do territorio dos seus concellos.

A iso imos, e vostede plantexou unha serie de medidas. ¡Que triste que teña que ser despois dunha vaga de incendios como a dese domingo negro, despois de toda esa destrución, das perdas humanas, das perdas materiais e medioambientais, que vostede veña aquí a darse conta de que hai que reformar a situación das emerxencias! ¡Moi triste, señor Rueda!

Pero reitero que nin sequera vostede trouxo aquí ningunha novidade, porque foi o señor Menor o que o outro día en comisión falou xa das medidas en canto á comarcalización. E anuncia vostede 1,7 millóns de euros. A min gustaríame saber en que parte dos orzamentos do 2018 están esas partidas. Dígame, por favor, concepto e subconcepto onde está a partida que vostede vai adicar, porque non existe. Este grupo plantexou unha emenda de devolución respecto da Axega e do resto da súa vicepresidencia, do que ten que ver coa xestión das propias emerxencias. E a realidade é que non hai servizos, non hai partidas para implementar

eses servizos. E temos aquí os investimentos, señor Rueda, e non hai tal partida. As partidas que hai, incluso para materiais, son totalmente exiguas. Por certo, vostede anunciou tamén onte aquí que ían implementar novos materiais, non sei se os vai suplementar o señor Faílde Pereiras ou outra empresa. Pero témolo sobre a mesa e non hai orzamento.

A realidade é que vostede non asume a súa responsabilidade. E gustaríame, porque quedei bastante preocupada despois da súa intervención de onte, que nos aclare aquí e que lles diga aos traballadores do 061 se vostedes pensan unificar os números 112 e 061. Porque vimos durante a vaga de incendios que o colapso do 112 se traduciu posteriormente en que, dende a propia Xunta, de maneira irresponsable, se chamase a chamar —valla a redundancia— tamén ao 061, que tiveron que atender chamadas que nada tiñan que ver con emerxencias sanitarias. E se non chega a haber dous números operativos, señor Rueda, eu non sei que tería pasado. Imaxine vostede, ante un colapso, que o 112 sexa o mesmo número, a mesma receptora, das chamadas de emerxencias sanitarias. Eu non quero saber o que tería pasado. Debería vostede aclaralo.

Anunciou tamén un número de contacto —e vou rematar xa— para os alcaldes e alcaldesas. Ten que pasar isto para que vostede tome algunha medida, que son os alcaldes e alcaldesas os que o reclaman. Non hai ningunha partida. Díganos qué traballadores e traballadoras van asumir esas responsabilidades, porque moito tememos, señor Rueda...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ...que o que se cinga á súa intervención de onte e ás medidas que anuncie sexan simplemente anuncios baleiros que finalmente van recaer sobre os propios concellos, que, desgraciadamente, están estrangulados polas súas normas de fiscalidade.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Solla.

Ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o señor Rueda Valenzuela.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Solla, quedo cunha frase que vostede dixo, niso estamos de acordo. Decía: «Vostede faga o que queira», porque vostede ía falar das emerxencias. Pois é do que falei eu onte e do que viña falar hoxe. E vólvome reafirmar en que, despois dunha comparecencia meter unha interpelación... Pois vostede dirá o que queira. Eu podo ter a miña opinión, como vostede a ten. Xa vexo que lle molestou. Ao mellor é porque precisamente demos no cravo. Sei perfectamente como funciona o Parlamento. O que non sei moi ben é como funciona o seu grupo. Pero, polo que dan a entender, probablemente tivera bastante razón no que lle estaba dicindo.

É unha pena. Non foron moi construtivos onte, e non foron, absolutamente, construtivos hoxe. Pero eu teño que aclarar algúns erros, aínda que dá igual, que é como predicar no deserto, dígollo con todo o respecto. Vostedes teñen responsabilidades de goberno. Se imos ter algún tipo de colaboración para poder comarcalizar, para poder seguir ampliando os grupos de emerxencia supramunicipal, para facer os cambios que haxa que facer, xa o veremos nese grupo de traballo. Xa veremos se imos avanzando, dado que aquí, con vostedes, polo menos, resulta un pouco difícil.

Pero, mire, por aclararlle algunhas cousas que creo que é o momento de aclararlle, alégrome de que vostede as diga para que eu llas poida responder. Hai cousas concretas que vostede dicía, por exemplo, sobre o 112. Di: «Non, é que o Consello de Relacións Laborais obrigounos a negociar». Non, entérese ben vostede. O que pasou é que, como non había un acordo entre empresa e traballadores, o Consello Galego de Relacións Laborais interveu, como intervéñ sempre nestes casos, por suposto. E, ao final, chegouse a un acordo. ¿Que pasa? ¿Cando intervéñ o Consello de Relacións Laborais é porque alguén o obriga? ¿É porque a xente vai cunha pistola no peito? Non, non, é un mecanismo que está ao servizo dos traballadores e das patronais para que se chegue a acordos. E moitas veces chégase. Creo que fai un magnífico traballo, e neste caso púidose chegar a un acordo. Polo tanto, non contén vostedes o que non é.

Fala da plataforma. Mire, resulta que vostedes se fartaron de dicir que a plataforma non funcionaba porque, claro, como a encargamos aos amigos para facer negocio a medias, pois, claro, ¿como vai funcionar a plataforma así? ¡Ah!, pero cando a plataforma empezou a funcionar, e durante a vaga de lumes —que en situacións de máxima tensión é cando realmente se proba se as cousas funcionan ou non—, sabe vostede que non houbo problemas. É máis, había un informático alí posto por se houbera algún tipo de problema e non os houbo. Polo tanto, ¿que pasa, que a plataforma encargada aos amigos de repente funciona ben e iso non ten nada que ver e que era mentira todo o que dixeron? E simplemente necesitaba uns axustes iniciais para ser unha plataforma na que están todos de acordo en que mellora sen ningunha dúbida o funcionamento da plataforma anterior. Por iso se fixo este cambio, por iso non encargamos polo procedemento secreto, como se fixo no Bipartito —eles saberán a quen—, unha plataforma sen que estivera feito nin sequera o edificio, que ía custar o dobre noutro concello. Nós quixemos facer as cousas ben; primeiro, facer o edificio e encargar a plataforma paralelamente para que todo empezara a funcionar e para que todo estivera despregado a día de hoxe. Iso foi o que pasou, conte vostede a verdade. Igual que non pode vir aquí alegremente a dicir que un señor a tratou con hostilidade cando foron de visita. ¡Oí!, pois houbo outros compañeiros e compañeiras súas —claro, como non son do seu partido ao mellor non teñen tanta autoridade para dicir as cousas— que din que os trataron cun trato exquisito, como lle corresponde a calquera servidor público, a calquera persoa ao servizo dunha administración que ten que atender os representantes do Parlamento. Ao mellor, pode ser que se fora con prexuízos preconcebidos, ou, precisamente, foi ao revés de como vostede di. Non o sei, pero non pode vir aquí a dicir alegremente todas estas cousas. Perdoe que llo diga, porque a xente tamén merece algún tipo de respecto.

Do balance do 112, mire, creo que é bo dicir que, dende que empezou a funcionar ata o mes de outubro, se atenderon 631.000 chamadas, que son 150.000 incidencias xestio-

nadas, 40.000 de tipo sanitario. Porque, si, a xente chama moitas veces e logo hai que facer as derivacións. Mire, sobre a integración, está vostede bastante máis preocupada polo tema da integración que todos os demais. Supoño que é porque alguén lle traslada que diga estas cousas aquí. Mire, non hai ningunha previsión, polo menos a día de hoxe, polo menos que me conste a min. O que hai é unha necesidade —e creo que é bo— de que se centralice nun espazo físico. Onte plantexáronme totalmente o contrario. O portavoz do Partido Socialista na comparecencia de onte falaba de que a ver se faciamos a integración. Xa ven que, se vostedes algún día teñen oportunidade de gobernar, se van poñer de acordo —máis ben todo o contrario— en temas fundamentais. Así estamos, queren integración, non a queren... Por agora, sen integración atenderon 12.500 accidentes —sigo coas estatísticas—, 21.000 avisos de velutinas —este é un problema crecente, todos o sabemos—, 9.741 avisos relacionados con incendios e 1.000 relacionados con salvamentos e rescates.

Este é o balance do 112. Por suposto, hai que seguir mellorando. Pero ese disparar a discreción contra un servizo... Vostede di: «Non, é para defender os traballadores». Pois hai moitos traballadores que teñen opinións diferentes. Pero creo que ao prestixio do servizo, un servizo que funciona ben, vostedes non lle fan ningún favor se están todos os días aquí dicindo que é un auténtico desastre. Porque é o número ao que a xente chama cando o necesita. E, polo tanto, mire, eu non lle digo que fale ben, que xa sei que lles custa moitísimo falar ben das cousas que fai o Goberno, estean ben ou estean mal, pero polo menos con certas cousas moi sensibles asegúrese antes de contar cousas que non son verdade.

Remato xa, presidente. Respecto do número dos alcaldes, oia, non atopa consignación orzamentaria —e penso que onte o expliquei ben pero volvo facelo outra vez— porque o que se fai é identificar os números que os alcaldes e alcaldesas dan e ser atendidos sempre polo técnico de garda. Niso consiste unha atención personalizada, que é o que se fai en todos os servizos de 112 que teñen este tipo de atención.

E respecto de que non ven os 1,7 millóns, recoméndolle unha cousa: fale co seu representante na Fegamp, na comisión negociadora, que estivo alí —ou, se non estivo, dende logo debería estar—, e diralle que están no fondo adicional 1,7 millóns. Se non lle trasladan información ou se lla trasladan e vostede non a quere entender ou non a entende...,

O señor PRESIDENTE: (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...ese é un problema que a min me supera. E niso non son nada soberbio.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Seguimos coa orde do día. Retomamos as preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a Paula Quinteiro Araújo e tres deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as medidas que está a pór en marcha o Goberno galego para previr e erradicar os asasinatos de mulleres a consecuencia da violencia de xénero

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Cal Ogando.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Bo día, señor Rueda.

As violencias machistas son múltiples e adoptan moitas formas, mais a súa expresión máis cruenta son os asasinatos. Na actualidade, os datos amósannos o lonxe que estamos de erradicar esta lacra. O Observatorio Estatal contra la Violencia de Género, en cumprimento do establecido no artigo 30 da Lei orgánica estatal 1/2004, de 28 de decembro, vén de sacar o seu informe do ano 2015 en setembro de 2017, o que amosa a falta de recursos e o compromiso nas cuestións que teñen que ver coa igualdade nos gobernos do Partido Popular.

No primeiro capítulo deste informe contamos co anuario estatístico sobre os casos de asasinadas por violencia de xénero, que comeza dicindo: «La información se refiere a casos de mujeres muertas a manos de sus parejas o ex-parejas». Quixen traer esta frase porque expresa moi claramente dúas das eivas que ten o Partido Popular ao enfrontar as cuestións que teñen que ver coas violencias machistas. O primeiro é que dividen entre vítimas de primeira e vítimas de segunda, atenden só a aquelas vítimas que reciben violencias machistas da súa parella ou ex-parella, deixando fóra a todas as demais. E outra é unha cuestión que a nós nos parece moi relevante —e ás cousas hai que chamarlles polo seu nome, e máis cando falamos disto—: non son mulleres mortas a mans das súas parellas, son mulleres asasinadas. E canto antes empecen a chamar ás cousas polo seu nome, mellor nos irá na loita contra as violencias machistas.

As 8 mulleres asasinadas no ano 2015 situaron nese ano a Galiza como a comunidade autónoma con maior taxa de feminicidios a nivel do Estado español en relación co seu número de poboación. Segundo os datos do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, en Galicia foron asasinadas por violencia machista 8 mulleres —1 na Coruña, 1 en Ourense e 6 na provincia de Pontevedra—. Ademais, dende abril do ano 2014 ata xuño deste ano, o noso país acolleu 19 xuízos por asasinatos, sendo a metade casos de violencia machista. Agardo que ningún deputado ou deputada do Partido Popular volte dicir que falar de campaña de loito o día 25 de novembro é algo exaxerado. A metade dos xuízos por asasinato en Galicia teñen que ver con violencias machistas. ¡Por suposto que precisamos falar de loito o 25 de novembro! (*Aplausos.*)

O noso país sitúase como unha das comunidades autónomas con menor porcentaxe de xulgados especializados en violencia sobre a muller, con só dous xulgados exclusivos, o 4,4 %. Seguindo o IX Informe anual do Observatorio Estatal de Violencia sobre la Mujer 2015, entre

2003 e 2015 producíronse en Galiza 49 asasinatos machistas. Cómpre sinalar que a provincia de Pontevedra se coloca por riba da media estatal en todo o período 2003-2015, con 3,8, chegando a unha taxa de 14 por un millón no ano 2015.

Resulta imprescindible garantir a protección das mulleres pondo en marcha máis medidas dotadas orzamentariamente, xa que as cifras amosan que, dez anos despois da aprobación da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a súa efectividade dista moito de ser completa.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CAL OGANDO: Moitas mulleres seguen estando nunha situación de desprotección —denunciantes ou non— ante os seus agresores.

Polo tanto, agardamos que nos poida dicir, por unha banda, cales son as conclusións ás que chegou a Secretaría de Igualdade respecto destas cifras. Entendemos que haberá estudos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CAL OGANDO: ...ao respecto pola gravidade das mesmas; e tamén que nos diga que medidas están poñendo en marcha para previr e erradicar esta situación. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Cal Ogando.

Ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o señor Rueda Valenzuela.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Señor Cal, o primeiro, por suposto, é que calquera morte dunha muller por violencia machista é un asasinato, non hai absolutamente ningunha dúbida. Creo que iso, igual que outras cousas, non deberían ser obxecto de discusión.

Eu alégrome de que esteamos de acordo —creo que era moi difícil pensar o contrario— en que é imprescindible garantir a protección das mulleres que están padecendo ou en situación de padecer violencia machista —e, por suposto, dos seus fillos e fillas—, e en que tamén son imprescindibles, para que esta garantía sexa efectiva, moitas cousas, pero unha das necesarias sen ningunha dúbida é que as administracións, a través dos orzamentos públicos, adopten medidas. Só con iso, por desgraza, non se vai solucionar todo. Pero isto tamén é necesario e, polo tanto, estamos de acordo en que así o hai que facer. E esa é a razón de que teñamos nos orzamentos que se están agora discutindo, e que entrarán en vigor no ano 2018, o orzamento máis alto da historia da autonomía para loitar contra a violencia machista.

E tamén creo que estamos de acordo, seguro que si, en que non nos podemos conformar mentres haxa unha soa vítima, e mesmo mentres haxa mulleres en risco potencial de selo. E, polo tanto, hai que traballar, hai que ofrecerlles protección, hai que facer todo o posible para que non se atopen nesta situación e, por suposto, debemos facelo coordinadamente.

Estamos de acordo en todo iso. No que non podo estar tan de acordo, e teño que dicirlló tamén, é en que, para soste todos estes argumentos— así o entendín eu na pregunta escrita e o entendo agora na súa exposición oral—, vostede crea que manexar as cifras para dar unhas cantidades máis altas uns anos ca outros xustifica un nivel de esforzo, un nivel de concienciación, maior ou menor. Non, señor Cal, mentres haxa unha soa vítima ou a posibilidade real —e, por desgraza, hai vítimas e tamén hai posibilidades reais de que se produzan—, creo que as cifras son sempre arrepiantes. Non vale de nada dicir: ¿Que conclusións extrae o Goberno galego, tira o Goberno galego, das cifras dos anos 2012 ou 2015? ¡Oia!, pois as mesmas que no ano 2016, que houbo vítimas, e as mesmas que no ano 2017 e as mesmas que todos os anos nos que se producen vítimas ou nos que non fagamos todo o posible para que non se produzan. Polo tanto, utilizar determinadas estatísticas para darlles forza a argumentos na loita contra a violencia machista creo que non é o axeitado. Na segunda parte da miña intervención intentarei dicirlle todo o que estamos facendo, pero simplemente quero deixar esta reflexión inicial: mentres haxa unha soa vítima —supoño que estaremos de acordo, pero, dende logo, non é o que se entende ou non é o que entendín eu da súa exposición e da súa pregunta—, mentres haxa unha soa vítima, non podemos baixar a garda e non ten ningún sentido dicir que hai anos mellores ou peores porque haxa máis ou menos vítimas. Todos os anos son nefastos mentres haxa unha soa vítima.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Ten, para o turno de réplica, a palabra o señor Cal Ogando.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Pois alégrome de que esteamos de acordo en chamarlles «asasinadas» e agardo que no próximo informe que saque un goberno do Partido Popular non poña «mulleres mortas» e poña «mulleres asasinadas».

Os datos tráioos porque amosan unha realidade. Se vai precisamente vostede facer unha análise para saber como combatela, entendemos que a situación de Pontevedra respecto xa non só do resto das provincias galegas, senón do resto do Estado, merece un estudo concreto de por que está pasando isto en Pontevedra. Entendemos que a Secretaría de Igualdade debería estar traballando nesta cuestión porque é un dato moi alarmante.

Fala vostede dos orzamentos. Evidentemente, fan falta moitos orzamentos, moitísimos máis dos que vostedes están a poñer. Para combater as violencias machistas precisamos centrarnos en ter moi claro este dato: dúas de cada tres mulleres asasinadas non denunciaron, e os protocolos que está manexando o Goberno céntranse totalmente, ou fundamentalmente, na denuncia. Por suposto que hai que denunciar, pero hai que atender esta realidade, e cremos que aí non se está atendendo e non se están facendo políticas dirixidas ás mulleres que non denuncian, que son a maioría das asasinadas.

Entendemos que temos un problema gravísimo cando non estamos aplicando políticas integrais de igualdade. A desigualdade é o que nutre, o que alimenta, as violencias machistas.

O seu goberno recortou, e moito, as políticas integrais para a igualdade. É certo que vostedes subiron as da loita contra a violencia machista, pero recortaron aquelas que son as preventivas, as que atacan a raíz do problema e que evitan que se poidan producir situacións de violencias machistas. Entendemos que aí non están facendo o suficiente. Non están vostedes desenrolando a lei galega de 2007, fundamentalmente no que ten que ver co ensino, que é unha das principais ferramentas para traballar pola igualdade. Nin tan sequera están dando formación aos docentes e ás docentes.

Non están vostedes solucionando un dos problemas fundamentais que teñen as mulleres para poder saír de situacións de violencia, que é a independencia económica. Vostedes están facendo unha serie de políticas que deixan fóra as mulleres pobres, que deixan fóra as mulleres con diversidade funcional, as mulleres que teñen máis dificultades para saír. Non están vostedes atendendo os concellos. O seu pacto de Estado dedica tan só...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CAL OGANDO: ...1.000 euros a cada concello —se o orzan, porque xa vimos esta mañá cal é o seu compromiso, o seu compromiso vai no papel, na palabra, pero, cando hai que pulsar o botón verde para dedicar orzamentos, vostedes pulsan o botón vermello, ese é o seu compromiso contra as violencias machistas—.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor CAL OGANDO: Polo tanto, repítole a pregunta e, se pode, esténdase un pouco máis sobre cales son aquelas cuestións que están facendo nestas cuestións que acabo de citar... (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Cal Ogando.

Ten a réplica, por parte do Goberno, o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Cal Ogando, insisto, de verdade que considero moi perigoso manexar cifras para barmar situacións de risco. É que isto é tanto como dicir que, se nun ano hai moitas vítimas, temos que estar moi preocupados, e, se nun ano hai menos vítimas, hai que estar menos preocupado. É que hai que estar exactamente igual de preocupados. É que non ten ningún sentido dicir que, se hai máis vítimas en Pontevedra, en Pontevedra hai maior problema do que hai en Lugo porque hai menos vítimas. Porque, primeiro, o problema é igual en todas partes, é un risco altísimo e un gran perigo. E, segundo, se por calquera circunstancia desgraciada un ano houbera máis vítimas na provincia de Lugo que na de Pontevedra, ¿que pasa, que entón se tiran todas as teorías e hai que facer outro tipo de estratexias e outro tipo de enfoques? De verdade que considero moi perigoso xogar con estas cifras e pensar que, se un ano melloramos respecto doutra comunidade autónoma, o problema o ten outra

comunidade autónoma e non o temos nós. Todos temos exactamente o mesmo problema, e dígollo porque ás veces, cando se produce unha vítima, teño respostado neste Parlamento, e utilízase esa morte para dicir que as políticas non son eficaces. ¡Oia!, isto non vai de números, sinceramente, vai de medidas, niso estou de acordo. Pero non vai de números e pediríalle que non caeran vostedes nese erro, que, dende logo, considero, se é así, un erro moi grande.

Dime vostede —e recoñéceo porque é así— que aumentamos moito, e entendín que me recoñecía —as cifras así o din— que é o ano no que máis orzamento público se dedica a loitar contra a violencia machista. Pero di que, en cambio, en igualdade non tanto. Bueno, pero aquí estamos falando de que a actuación directa, a actuación máis contundente contra a violencia machista, son os orzamentos que se dedican directamente. Despois, as políticas de igualdade por suposto que son necesarias tamén, pero entón haberá que recoñecer que nese senso estamos no bo camiño. Habería que preguntar por que non se fixo antes con máis orzamento. Antes, seguindo con ese xogo de cifras que fai vostede —falo de hai uns anos, cando os orzamentos eran 1.500 millóns máis, ata o ano 2009—, ¿non tiñamos ese problema e por iso non había que investir tanto? Tiñamos exactamente o mesmo... Se vostede me di que non, entón non nos imos poñer de acordo nunca, porque eu non creo que houbera un problema menor, por desgraza, no ano 2009 que agora. Seguimos tendo un enorme problema. Entón, isto non vai de cifras, señor Cal Ogando, vai doutra cousa, vai de medidas, vai do que estamos facendo. Por suposto de aumentar o tempo en que se pagan as axudas públicas a mulleres. E somos a única comunidade autónoma a día de hoxe —e non somos a de maior orzamento— que segue mantendo esas axudas. Si, vai de seguir estendendo a rede de centros de información á muller, de intentar que cada vez máis concellos se inclúan; de intentar que cada vez teñan máis estabilidade as profesionais —porque son sobre todo mulleres as que alí traballan, pero os profesionais en xeral—; de intentar tamén cada vez facer máis políticas de conciliación, de intentar darlles estabilidade aos equipos de psicólogos e traballadores sociais que están nos xulgados traballando codo con codo co resto dos operadores xurídicos; de aumentar, e que non sexan conxunturais senón estruturais, os equipos do Imelga. Vai de todas estas cousas que pouco a pouco van conseguindo pequenas conquistas. Pero se o facemos depender todo de números e o ano que nos vaia ben —por exemplo, este ano, que estamos no mes de novembro e, dende logo, fagamos votos para que quedemos nestas cifras, porque son inferiores a outros anos— pensamos que xa non temos que seguir facendo eses esforzos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...desde logo non conte coa Xunta de Galicia para ese tipo de teorías, porque cremos que son absolutamente prexudiciais. É non entender absolutamente nada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Pregunta de D. Antón Sánchez García e dous deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre o exercicio das funcións de xefe de redacción dos informativos da Radio pública galega

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Cuña Bóveda.

A señora CUÑA BÓVEDA: Grazas, señor presidente.

Bo día, señor Rueda.

Hai un mes exactamente un redactor xefe da Radio pública galega escribiu un artigo co título parlante *Carroñeros de la desolación*.

Cando este home, un día despois dunha manifestación multitudinaria polas rúas de Compostela, lexítima manifestación de moita xente exercendo o seu dereito democrático de pedir explicacións e responsabilidades sobre a xestión dos lumes, e tamén de ir en contra do que se considera por parte de moita xente como leis depredadoras ou políticas depredadoras, este redactor xefe, atentando, como consideramos nós, contra moitas das partes do que é un código deontolóxico da profesión de xornalista e mesmo contra o artigo 10 do Convenio europeo de dereitos humanos, no que respecta ao dereito de expresión, que nós defendemos, lanza unha serie de opinións lesivas e intolerantes.

Entón, este home chámanos «carroña». Carroña, por exemplo, pode asociarse a hienas, si, e a voitres, aos que lles gusta a carne podre. E, dende logo, o artigo fede, porque un adxectivo que utilizan moitísimo é fedorento. Chámanos tamén «inframundo». Debemos ser espíritos terroríficos. Dende logo, Cunqueiro diría: «¿Que se din os fantasmas cando se atopan?: ¿Como podemos existir e non existir ao mesmo tempo?». Supoño que lles agradaría moito se esas opinións fosen vertidas contra vostedes.

Hai un menosprezo pola dignidade. Chámanos «trogloditas», «primitivas», «cavernarias», «cousiña de pouco». Está ateigado de frases tóxicas e fálanos de que facemos «política tabernaria». É moi divertido. Moi divertido. (*Murmurios.*)

Fala tamén este home, cun altísimo nivel de cualificación xornalística, de «diarrea», dunha maneira e cun estilo absolutamente escatolóxico. E utiliza expresións eticamente reprobables: somos «profesionais das pancartas e do odio, ¡que sentimento tan arraigado en toda a esquerda!» Porque non fala só de nós... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Que sentimento tan arraigado na xente que, coma vostedes, fixeron no ano 2006... (*Fortes murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio, por favor! Escoiten a quen está no uso da palabra, por favor. Escoiten a quen está no uso da palabra, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: Seguimos coa clasificación das frases, moi ben elixidas, coa difamación, a infamia, merecentes de pasar á historia: «Non nos importa o monte, só a conflictividade social». Opinións ofensivas, menosprezo a miles de persoas, improprios que o retratan, crónica dun proceso de autodestrución: «Caterva de chiquilicuatres»...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: Déixeme un pouquiño máis, porque me interromperon. (*Murmurios.*)

«Chisgarabís», «bufóns», «cabras tirando ao monte»...(*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: ...«egos hipertrofiados».

Pero esta mesma persoa, nun exercicio case de transformación absoluta, fai unha chamada á reflexión sosegada, e de súpeto di: «Non todo vale. Non, hai límites...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora CUÑA BÓVEDA: ...ata para o sagrado dereito á liberdade de expresión nesta órbita...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: ...onde non colle o insulto».

Remato coa pregunta...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. Xa está escrita. Ten vostede outro turno.

A señora CUÑA BÓVEDA: Fun interrompida e houbo xente que tivo outra palabra.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Si, pero foi compensado o tempo.

A señora CUÑA BÓVEDA: Mesma vara de medir, ¡por favor, señor presidente!

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Si, seguro, seguro, inténtoo sempre.

A señora CUÑA BÓVEDA: Si, soamente a pregunta.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Ten vostede o segundo turno da pregunta.

Moitas grazas.

A señora CUÑA BÓVEDA: A pregunta é...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. (*A señora Cuña Bóveda pronuncia palabras que non se perciben.*)

Moitas grazas, señora Cuña. Xa está escrita. *(Aplausos.)*

Para contestar, ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o señor Rueda Valenzuela.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Cuña, dígollo con toda sinceridade: sobráballe todo o tempo do mundo ou non lle vai chegar nunca para intentar explicar o inexplicable.

Mire, teño que dicirlle que, cando vin a pregunta —dicíao onte na tribuna con ocasión da comparecencia—, primeiro non a quería crer. Pensei que non a lera ben. Despois lina e quedei bastante abraiado. E agora, escoitándoa a vostede, enténdoo todo bastante ben, enténdoo todo bastante ben. Por iso digo que non lle fai falta máis tempo se o que pretende é que eu a entendera.

Mire, eu non vou aquí defender o señor Ojea —que me parece un bo profesional, todo sexa dito de paso—, primeiro, porque non é a miña función e, segundo, porque pode defenderse el só perfectamente. Eu veño defender outra cousa moito máis importante, que é a liberdade de expresión, xa que vostede me deu ocasión, a liberdade da xente, *(Aplausos.) (Murmurios.)* a liberdade da xente, a liberdade desa xente da que tanto lles gusta falar a vostedes para outras cousas. Pois agora imos falar da liberdade de expresión, que é un dereito constitucional e sagrado, señora Cuña... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio, por favor!

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...e señoras e señores de En Marea e Podemos.

Mire, pode ser comprensible que vostedes se enfaden, se anoxen e se alporicen, que teñan un calentón, que non sexan capaces de aceptar as críticas. Iso pode ser comprensible. Vémoslos todos os días con ocasión dos debates parlamentarios, porque desde aquí tamén se ven moitas cousas, aínda que vostede pense que non. Entón, ao final, pode ser ata comprensible, vendo como se desenvolven vostedes normalmente. Pero o que non é comprensible en absoluto é que vostedes queiran facer un linchamento dun profesional da comunicación, que é o que queren facer. Xa o intentaron no Consello de Administración da Radio e Televisión de Galicia. Levárono alí e contestáronlles —moi ben contestado, na miña opinión—, primeiro, que non se trataba dunha persoa directiva e, segundo, que tiña todo o dereito do mundo a expresarse con liberdade —e nun medio privado, por certo—. E claro, como esa fase de linchamento non lles chegou suficientemente, intentan traelo aquí agora para intentar linchalo no Parlamento e que despois o remate o Goberno da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)* Pero ¡danse conta vostedes disto que están facendo!

Mire, estas son prácticas, na miña opinión, probablemente doutro século, ou, se non teñen que ser doutro século, doutros réximes que a vostedes lles parecen bastante mellor que a

nós e que á inmensa maioría da xente. Probablemente alí estas cousas se estilen, pero aquí este tipo de cousas non as queremos, sinceramente. Artigo 20 da Constitución española: «Recoñécese e protéxese o dereito a expresar e difundir libremente os pensamentos, ideas e opinións de cadaquén, utilizando calquera medio de comunicación». Esta é a Constitución, coa que nós estamos de acordo. Vostedes non sei se si ou se non. (*Fortes murmurios.*) Comprometéronse a acatala, pero sabemos que non, en absoluto.

Mire, a súa pregunta revela tres cousas gravísimas: primeiro, que non soportan as críticas, está clarísimo; segundo, que perseguen e linchan a aqueles que os critican porque non o poden tolerar; e, terceiro, e máis grave, que pretenden en todo isto a colaboración do Goberno. Mire, en En Marea e Podemos estamos fartos de ver como hai purgas e como hai linchamentos entre os seus acólitos. Non o queremos para o resto da xente...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...e non conte con este Goberno para iso.

Moitas grazas. (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Para o turno de réplica ten a palabra a señora Cuña Bóveda.

Moitas grazas.

A señor CUÑA BÓVEDA: Moi ben.

Primeiro, descoñéceo vostede, pero nós non estamos no Consello de Administración da CRTVG, pero iso non vén a conto. É simplemente a nivel informativo.

O Tribunal Constitucional e o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos coinciden en sinalar que ningún dereito é absoluto, e que existen límites no seu exercicio. En concreto, con respecto á liberdade de expresión quedan fóra do ámbito protexido deste dereito as declaracións indubidablemente aldraxantes ou ofensivas que non teñan relación coas ideas ou opinións que se manifesten.

Vostedes, que son cumpridores da lei, vexan a Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno: É importante cumprir os principios, e máis cando falamos dun medio público, de integridade e honestidade, imparcialidade, obxectividade e respecto ao marco xurídico e á cidadanía. Todos estes dereitos, ou estes principios, incúmprense. Hai unha petición de cesamento por parte do Comité Intercentros. Tamén hai unha explicación moi clara por parte dos organizadores da manifestación dicindo que isto é intolerable.

Todas as organizacións e todos os grupos estamos de acordo en que isto non pode ser. Non porque este señor non teña dereito á súa liberdade de expresión. É que este señor é respon-

sable e directivo dunha televisión pública, que non é o seu medio de propaganda, que é unha televisión de todas nós.

¿Cren de verdade que este señor...? ¿Ou é a mesma ideoloxía a do ABC que a da Radio e Televisión de Galicia? (*Murmurios.*) ¿É a mesma ideoloxía? ¿É a mesma correa de transmisión? (*Interrupcións.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

(*O señor Pazos Couñago pronuncia palabras que non se perciben.*)

Señor Pazos, escoite.

A señora CUÑA BÓVEDA: Eu, dende logo, creo que isto non responde a cousas do pasado; corresponde a un principio, a unha correspondencia entre o principio e os códigos deontolóxicos... Lean o código deontolóxico da Asociación de Xornalistas de Galicia.

Estamos pedindo que se cumbran as leis. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: Estamos pedindo que un profesional público pagado por todas e todos nós teña... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

A señora CUÑA BÓVEDA: ...o cumprimento de principios éticos e non o menosprezo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: ...sistemático con emprego de termos e expresións lesivas e indignantes.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Cuña.

Prégolles a todos os deputados que escoitemos a quen está no uso da palabra. Despois ten o turno de réplica a seguinte persoa.

Se queren presentar iniciativas, prégolles que as presenten, pero escoitemos a quen está no uso da palabra. E iso vai para todos, por favor. ¡Por favor!

Para a réplica do Goberno ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Señora Cuña, ten razón, non foi no consello de administración, foi na Comisión de Control. Iso cambia todo para vostedes, ¿non? Foi na televisión. Foron a por el na Compañía de Radio-Televisión e, como non foron capaces, veñen á segunda parte do linchamento, ¡aquí! Isto é o que hai, non soportan as críticas cando os criticados son vostedes. Esta é a realidade. Porque podíase rebater o artigo e podíase, incluso, se vostedes pensan que hai expresións ofensivas que bordeen o dereito penal, ir aos tribunais. Pero non, non, aquí hai que facer un linchamento público, intentalo. Aviso a navegantes, que a ninguén se lle ocorra criticalos a vostedes. *(Risos.) (Murmurios.) (Aplausos.)* ¡Esta é a razón! *(Aplausos.)* ¡Esta é a razón principal! *(Aplausos.)* E ademais pedindo a colaboración —¡increíble!— do Goberno, da Xunta de Galicia. ¿Vostedes pretenden que sexamos cómplices nisto? ¿Pero de que van? ¿Cren de verdade, realmente, que isto pode ter algún tipo de acougo nun sistema democrático? *(Murmurios.)*

Mire, fala de que o señor Ojea se expresou nun ton insolente e irrespectuoso contra as forzas políticas de esquerdas e os seus representantes. ¡Ese é o problema para vostedes! ¿Cantas veces temos escoitado nestas bancadas e fóra destas bancadas —pero referido á xente que estamos nestas bancadas ou no Goberno— cualificativos de «asasinós», de «ladroóns», de «escoria»...? *(Protestas.) (Murmurios.)* Todo iso témolo escoitado. *(Protestas.) (Murmurios.)* Pero, claro, como non son críticas contra o pensamento único, entón non hai que facer nada... *(Protestas.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio. *(Protestas.)*

Silencio, por favor.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ¡Esas están ben! *(Murmurios.)* Iso si que é do século pasado. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Iso si que é de réximes totalitarios. Non soportan as críticas: non soportan a máis mínima nin a máis máxima crítica sempre que sexa contra vostedes. *(Murmurios.)* Iso si, poden repartir contra todos os demais e iso ten que ser soportado sen ningún problema porque vostedes sempre teñen a razón. Ese é o seu esquema e iso é o que os leva a facer iniciativas como esta, señora Cuña. Ese é o gran problema e iso é o que non entenden.

Mire, ao final é que todo encaixa. O señor Pablo Iglesias dicía: «*Los medios de comunicación tienen que tener necesariamente mecanismos de control públicos*». *(Murmurios.)* E, se non son públicos, son parlamentarios, para linchar a xente. *(Murmurios.) (Risos.)* Dicía: «*Si pactamos el Gobierno, para ellos las consejerías como la de Turismo; a nosotros que nos den los telediarios*».»,

para borrar deses telediarios todo aquel que non estea no pensamento único. *(Murmurios.)*
Ao final, señora Cuña, señores das mareas de Podemos..., *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Por favor, silencio.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): ...todo encaixa.

Mire, vostede vén aquí, a unha cámara democrática... Vostedes veñen hoxe aquí, a unha cámara democrática, reprobar e pedir que o Goberno colabore no linchamento dun profesional da comunicación porque dixo algo que a vostedes non lles gustaba e que lles molestou. Iso é o que están facendo. Veñen pedir que o Goberno sexa quen diga quen pode ser ou quen non pode ser xornalista, que sexa o Goberno quen dea ou non dea o carné de xornalista. Iso vén da época franquista e non contén connosco. *(Murmurios.) (Aplausos.) ¡Noraboa! (Aplausos.) ¡Noraboa por continuar con esas prácticas! (Aplausos.)*

Señora Cuña e señores da marea de Podemos, ¡menos mal que estamos nunha democracia e menos mal que vostedes non gobernan!

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Paula Prado del Río e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a colaboración que está a ofrecer a Xunta de Galicia ás entidades locais para a celebración o 25 de novembro do Día Internacional contra a Violencia de Xénero, co fin de acadar unha maior efectividade dos recursos nos ámbitos da sensibilización, da prevención e da asistencia ás vítimas

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente, señorías.

Señor vicepresidente, o pasado 11 de novembro, a Secretaría Xeral da Igualdade presentou a campaña do 25 de novembro, unha campaña de sensibilización que traslada unha mensaxe coa que ninguén pode estar en contra: «O máis grande son as mulleres que loitan contra a violencia de xénero e, o máis baixo, os maltratadores».

Onte mesmo nesta tribuna a nosa compañeira socialista, María Pierres, emocionábase lembrando e falando da valentía das mulleres que loitan contra a violencia de xénero. Pois ben, todos e todas reconecemos esa valentía e esa grandeza, e por iso temos que conseguir trasladar aos galegos e ás galegas esa sensibilidade. E ¿que mellor maneira que con campañas e con xestos de persoas que temos a oportunidade de falar cara aos medios de comunicación e de que a nosa mensaxe se traslade a toda a cidadanía?

Sucedo, señor vicepresidente, que houbo un grupo político —as mareas de Podemos— que non tardou nin 24 horas en criticar esa campaña e en criticar o Goberno galego. Unha actitude, señor vicepresidente, absolutamente reprochable, porque o fin de calquera campaña contra a violencia de xénero é rematar coa violencia machista e acurrallar socialmente os maltratadores.

Unhas campañas poden ser máis afortunadas ou menos afortunadas. Unha campaña pódenos gustar máis ou menos. Algúns critican unha campaña que centra a mensaxe na grandeza das mulleres que loitan contra a violencia machista, e din que iso é cousificar as mulleres; pero reducila a un triángulo con fondo negro inspirado na filosofía da asociación Conas Ceibes é dignificala. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) Négome, señorías, (*Aplausos.*) a que as mulleres que nos vexan, mentres sofren maltrato e abusos, crean que os seus representantes nesta cámara se enzarzan por un ou outro cartel. Non están á altura nin do sufrimento das que aínda sofren nin tampouco da memoria das que, por desgraza, xa non están entre nós.

Por iso, señor vicepresidente, o verdadeiramente importante é a política que cada formación política, alá onde teña responsabilidades de goberno, pon en marcha para acabar coa violencia machista. E o compromiso da Xunta é patente nos orzamentos. Vostede dicíao antes: para loitar contra a violencia de xénero a Xunta ten incrementado o orzamento este ano nun 4,28 %, superando o máximo histórico deste programa dende que se acadou o orzamento. E mantense o foco na mellora da atención á vítima: consolidouse o incremento das axudas periódicas nun 61,1 %; dobráronse os recursos para atención psicolóxica, un 103,27 %; consignouse o orzamento para a difusión do Protocolo de coordinación e cooperación institucional do Observatorio Galego da Violencia de Xénero; reeditouse o Programa de inserción laboral; e mantense o apoio á rede de CIM e casas de acollida.

Tamén somos conscientes, señor vicepresidente, da colaboración da Xunta cos concellos e por iso lle preguntamos: ¿cal é a colaboración que a Xunta está a ofrecer a entidades locais, de cara a este próximo 25 de novembro, co fin de conquistar unha maior efectividade dos recursos, tanto dende a sensibilización como a prevención, como da asistencia ás vítimas de violencia de xénero?

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Ben, señora Prado, supoño que o Bloque xa ten claro o que estamos facendo pola violencia de xénero e, entón, non ten que quedar a escoitalo. De todas as formas, teño que dicir que non lle vou dar ningunha novidade respecto ao que vimos falando, dende hai moito tempo, en relación cos esforzos da Xunta de Galicia e, sobre todo, respecto do chamamento para que intentáramos deixar fóra as liortas políticas, polo menos nas cousas fundamentais. Despois, xa sabemos que hai matices e diferentes visións; pero eu creo que as cousas fundamentais... Outra vez máis parece ser que algúns non foron ca-

paces, e creo que o mellor exemplo é a campaña impulsada pola Xunta de Galicia —despois teño unha pregunta tamén sobre este particular— con toda a intención de acertar e, por suposto, sometida a todas as opinións —igual que todas as demais campañas—, pero sen ningunha intención de facer liorta política.

Polo tanto, nós imos seguir con ela a través da colaboración que temos coa Fegamp. Renovouse e ampliouse a semana pasada o acordo que temos con eles para loitar contra a violencia de xénero. Xa hai ao redor de 180 concellos, e a estes 180 concellos facilitaráselles todo o material para que esta campaña poida ter a maior difusión posible. É que non se trata dunha campaña nin de ningunha marca que queira impoñer ninguén; polo menos, nós non o entendemos así. O problema é que os que o entenden así son os que provocan todo tipo de liortas.

O que nós queremos é a concienciación, tan importante e do que sempre estamos falando, do importante que é a concienciación. O arrepiente que é esa enquisa que acabamos de coñecer, onde máis dunha cuarta parte dos rapaces pensan que a violencia de xénero é algo normal co que hai que convivir, que lles é alleo e non teñen nada que facer para combatela e, polo tanto, non debe ser un tema que lles preocupe moito. Creo que iso é arrepiente. Creo que hai moitas ferramentas para intentar rematar con todo iso, pero, dende logo, a concienciación a través das campañas é fundamental. Polo tanto, imos intentar estendela o máximo posible a través desa ferramenta —que creo que é útil e necesaria— que é a colaboración cos concellos a través das mesas contra a violencia de xénero e a través dos centros de información á muller; e intentar que os valores e as mensaxes que queremos transmitir cheguen a través de todos os medios.

Acabamos de ter un acto con algo que move tantas paixóns —e tamén boas paixóns— como é o mundo do fútbol, algo necesitado tamén de tantos avances en materia de igualdade como é todo o que ten que ver en xeral co deporte e, especialmente, co fútbol. E, polo tanto, imos seguir intentando facer estas accións de impacto e, a través destas accións de impacto, chegar a cantos máis sectores da sociedade mellor. Para iso é esta campaña, para iso é a colaboración que facemos cos concellos e para iso intentamos acertar e discutir ou, polo menos, non perder o tempo discutindo politicamente, ou, polo menos, perdelo o mínimo posible.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Para o turno da réplica ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señor vicepresidente, certamente é verdade que a Xunta colabora cos concellos. Pero nos concellos onde non goberna o PP, ¿que fan as mareas de Podemos? Pois gastan todo en campañas e nada en atención ás vítimas. Mire, Santiago está inundado estes días de pancartas, de vinilos, de camisetas, de mandís, de paraugas, de chapas, de pegatinas. A concelleira de Igualdade fixo un *tour* no mes de xullo por todas as deputacións para acompañar a empresaria que fixo esa campaña, a señora Uqui Permui e a Lucía Canoura, para que as deputacións contratasen esa

empresa e levar esa campaña a todos os concellos de Galicia. (*Murmurios.*) Mesmo acaban de ir a Bruxelas —non se sabe moi ben a que— e non se sabe moi ben quen pagou a viaxe e con cargo a que vai esa viaxe. E tamén foron as empresarias, a señora Uqui Permui e a señora Lucía Canoura: (*Murmurios.*) esas que están levando (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) dende o Concello de Santiago contratos fraccionados ou non fraccionados que paga o señor Martiño Noriega. Esa é a realidade das que fan as campañas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Pero, mire, ¿que fan polas vítimas? Nada, señor vicepresidente, porque non reciben consolo nin con pancartas nin con camisetas. Porque o Centro de Información á Muller do Concello de Santiago está absolutamente desmantelado: os profesionais non teñen directora, teñen en precario a psicóloga e a avogada. E con iso, señorías, na praza do Obradoiro con todas as pancartas, as vítimas non se atenden. E cónstame que a Xunta —porque o vin na memoria do Centro de Información á Muller que pedín vía artigo 9— lle deu 45.000 euros ao Centro de Información á Muller este ano.

Pero ademais a Secretaría Xeral da Igualdade deu unha subvención para equipamento do CIM. ¿En que gastou o Concello de Santiago o equipamento do CIM? (*Murmurios.*) ¡Nun despacho para a concelleira de Igualdade! (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, por favor.

(*Interrupcións.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Silencio, e escoiten a quen está no uso da palabra. (*Murmurios.*) (*Aplausos.*) ¡Silencio!

A señora PRADO DEL RÍO: Xa estamos acostumbrados...(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

A señora Yolanda Díaz, que se sentaba antes nesa silla...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Perdón... Señora Prado, perdón.

Por favor, escoiten a quen está no uso da palabra. (*Murmurios.*)

A señora PRADO DEL RÍO: Non lles gusta. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non se preocupen, que a quen se está dirixindo é ao conselleiro, que é o que vai contestar. Así que, por favor, escoiten a quen está no uso da palabra para non ter que chamar á orde a ninguén. (*Murmurios.*)

Moitas grazas.

Continúe, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Grazas, señor presidente.

Estou contrarrestando a forma de facer política na igualdade: uns compran despachos para a concelleira e outros pagan a atención ás vítimas e dan cartos aos concellos para que os in-

vistan nas vítimas, non en pancartas nin en despachos, (*Murmurios.*) como o fixo no seu día (*Aplausos.*) a señora Yolanda Díaz cando entrou de concelleira en Ferrol, que o primeiro que fixo tamén foi o despacho.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: Non nos sorprende xa nada do que fagan, señorías. E o Bloque marchou porque o Bloque está apoiando as mareas de Podemos no Concello de Santiago. Está apoiando toda esta política...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate.

A señora PRADO DEL RÍO: ...—mellor dito, toda esta despolítica— que non atende as vítimas. Por tanto, para eles, primeiro eles...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: ...o *marketing* e a publicidade, e logo as vítimas.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Para o turno de réplica ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Moitas grazas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Perdón, vostedes non están no debate, así que, por favor... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Por favor!, pídolles... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pídolles formalmente que non interrompan ou terei que chamar á orde.

Quédanos esta pregunta, a última intervención e outra pregunta para rematar o pleno. Creo que foi bastante ben todo o pleno para ter agora que chamar á orde a ninguén.

Moitas grazas.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Ao final é que, cando non se aceptan as críticas, non se aceptan as críticas de ninguén nin nin-gunha cousa que se diga, e así é imposible. Polo tanto, respecto do que acabamos de escoitar aquí: eu falo para todo o mundo e a señora Prado estaba no uso da palabra, pero creo que nolo estaba contando a todos. ¡Oia!, pois se é así... Ía dicir que lles vaia ben, ¿non?, pero que lles vaia ben a eles non quere dicir que lles vaia ben aos demais. Probablemente, se estes cartos en campañas... Falo de campañas porque é do único do que conseguimos que nos falaran durante estes

días os grupos da oposición, especialmente algúns, cando tiñamos que estar falando doutras moitas cousas. Por exemplo, se todos adicaran os orzamentos —e espero que a ningunha administración se lle ocorra dicir que iso é unha competencia da Xunta de Galicia e que, polo tanto, non teñen que implicarse—, se todos conseguíramos —e non sería porque a Xunta non o pediu— xuntar os orzamentos para axudas periódicas, probablemente chegaríamos a máis mulleres e chegaríamos con máis cantidade. Agora, cada un decide como quere gastar os cartos.

A autonomía local, ao final, dá para moitas cousas boas e tamén dá para moitas cousas malas. E se ao final o Concello de Santiago decidiu gastalo en mobles, gastalo en viaxes, e non gastalo como o está gastando a Xunta de Galicia, para ter o orzamento contra a violencia machista —como aquí mesmo se recoñeceu e eu agradézoo— máis alto da historia da autonomía, pois ¡alá eles! O malo é que eles ao mellor están moi contentos, pero as mulleres que realmente o necesitan non o están tanto. Polo tanto, ás veces é fácil entender certas cousas que pasan e é moi difícil entender certas críticas que sempre temos que recibir. Nós aceptámolas, pero aí en fronte creo que moitas veces non poden dicir nin iso.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Pasamos á última pregunta.

Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a retirada da campaña publicitaria titulada *O máis grande de Galicia non se maltrata*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Quintero Araújo.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas.

Antes de empezar, obviamente hai que contestar a esta barbaridade. Os únicos que fan un uso partidista, rastreiro, e que ademais menten sen ningún tipo de vergoña, son vostedes. (*Aplausos.*) E non vou dedicarlle máis de dez segundos, só temos que dicir (*Murmurios.*) que ¡que sorte ten Compostela!, (*Aplausos.*) ¡que sorte temos as mulleres que vivimos en Compostela...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: ...de ter unha concelleira como Marta Lois! Que sorte temos, que abre unha casa das mulleres e que fai políticas feministas (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) (*Aplausos.*) porque realmente é feminista. Non coma vostedes, que teñen a igualdade como unha pegatina pero, á hora da verdade, non entenden absolutamente nada do que significa a perspectiva de xénero.

Por iso hoxe vimos preguntarlle sobre canto van tardar en retirar esta campaña nefasta para o día 25 de novembro. Sen ningunha intención de facer un uso partidista, pero enten-

dendo que esta campaña é nefasta e que ademais as razóns polas que deberían retirala son moi obvias.

Como digo, a máis obvia é que non entenden o que implica a perspectiva de xénero e as políticas feministas. Esta campaña non sensibiliza contra as violencias machistas e reforza roles de xénero, por iso estamos en contra desta campaña. Porque todas as campañas entendo que se fixeron con boa vontade, pero esta non nos axuda ás mulleres en absoluto.

E aínda que non o entendan, porque, como digo, se entenderan a perspectiva de xénero non terían a vergonza de defender unha campaña como esta, ao mellor, podían facer un mínimo de autocrítica e escoitar a todos os colectivos feministas e a todas as mulleres que dende o propio domingo explicaron por que esta campaña non é positiva.

Eu penso que é moi evidente e ademais bastante absurdo ter que explicar por que nos cousifica esta campaña. O cartel equipáranos con elementos do noso patrimonio, e temos que recordarlle que non somos cousas. Xa o 8 de marzo houbo unha campaña que falaba de que en Galicia hai moitas cousas grandes, e a máis grande, as mulleres. Non, non somos cousas, somos persoas. E non temos que ser nin grandes nin valentes, señora Prado, o que temos que ser é libres. Vostede dixo que había que admirar as mulleres valentes que loitaban contra a violencia machista. *(Aplausos.)* Pois eu penso que as mulleres non temos que ser valentes, as mulleres o que temos que ser é libres e temos que ser suxeito con capacidade de decisión. Por iso o que temos que ter é dereitos e liberdades e non ningún goberno paternalista que fale de nós en terceira persoa, porque nós temos capacidade para falar por nós mesmas.

Cando se di: non se maltratan porque son grandes, estase cousificando, e é unha cuestión moi obvia. Entón, fagan un mínimo de autocrítica.

Deberían ter aproveitado esta campaña, o diñeiro que gastan nesta campaña, para sensibilizar sobre o conxunto de violencias machistas, sobre os recursos que precisamos para rematar cos roles e estereotipos de xénero, pois , como dicía, esta campaña o único que fai é reforzalos, como sempre.

Ademais, non acompañan esta campaña nin con unha soa medida para loitar contra as violencias machistas. Por unha parte, nin visibiliza nin aporta ningún tipo de medidas. Pensamos que están fallando non só nesta campaña —na que obviamente falta a perspectiva de xénero—, senón tamén porque é a dinámica xeral.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Vou rematando.

A pregunta é moi clara: por que non queren retirar esta campaña. E se, dunha vez por todas, van escoitar ou van seguir insistindo no seu erro. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Quinteiro.

Para a resposta, ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, o señor Rueda Valenzuela.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Quinteiro, mire, eu poderíalle dicir que expertos en publicidade hai moitos en moitos sitios, todos temos expertos en publicidade que saben do tema moito máis ca min e estou seguro de que moito máis ca vostede. (*Murmurios.*) A diferenza é que, ¡claro!, como vostedes están en posesión da verdade absoluta, están tamén en posesión da verdade absoluta publicitaria. Entón, só a publicidade dos seus expertos, só a publicidade que a vostedes lles gusta, é a que publicidade que ten que servir. Ao final, hai que darlle a razón á señora Prado, que vostedes queren unha campaña que os deixe tranquilos e con iso xa está todo solucionado, non hai que preocuparse de nada máis. Á parte, viaxar para contarlle a campaña a todo o mundo. (*Murmurios.*) Se dá tempo, tamén ás mulleres ás que vai dirixida, se non, pois tam-pouco pasa nada. E ¡xa está!, ¡todo cumprido! Iso é todo o que fan.

Mire, os que descualifican as accións dos demais... Vostede di: non, está ben intencionada pero non vale para nada. Pois esa descualificación directa, de posuidora da verdade absoluta, ao final o que fai é desautorizala a vostede —créoo sinceramente— mesmo para defender as cousas que está vostede facendo. Porque di: ¡eu non teño por que explicar por que non me gusta a campaña! Non me gusta e xa está, ¡retírea! E chamo aquí ao Parlamento para dicirle que ten que retirar a campaña e nin llo teño por que explicar, ¡pregunte por aí! Pois se pregunto por aí, hai moita xente que opina que esta campaña en absoluto provoca ou dá a entender o que vostedes se fartaron de dicir: que cousifica as mulleres, que é paternalista, que persegue o efecto contrario, que non ten ningunha eficacia...

¡Oia!, pois hai moita xente, supoño que igual de respectable para vostede que resultan para min aqueles que teñen opinión e que xa a manifestaron publicamente da nosa campaña. Polo tanto, ao final ¿por que non intentamos remar todos na mesma dirección? ¿Por que non pensamos que todas as campañas son para intentar concienciar e conseguir que non se dea ese dato arrepiante ao que me refería antes, na resposta anterior, de que unha cuarta parte —ou máis— dos rapaces e rapazas pensan que a violencia de xénero é un problema que non está aí e non ten por que preocuparlles? ¿Por que non perdemos, ou máis ben por que perdemos o tempo, por que perden o tempo vostedes, pensando que descualificar unha campaña porque non lles gusta, porque non é da súa verdade absoluta, iso lles vai dar algún tipo de rédito político e o de menos é o efecto que estea producindo para loitar contra o verdadeiro problema, que é a violencia de xénero? ¿Por que non entenden isto?

Mentres non entendan isto, non entenderán absolutamente nada, e non entenderán que aquí estamos todos para remar na mesma dirección, que a xente non nos quere ver loitando en cousas tan importantes como esta, que non perden vostedes a oportunidade de facelo. Eu podía estar aquí criticando a súa campaña, ¡por suposto!, tamén teño a miña opinión. Podía estar criticando a campaña, por certo, de Esquerda Unida en Zamora, da cal tamén teño outra opinión aínda peor, se mo permite. Pero non o vou facer. Todas as campañas me valen se buscan o mesmo obxectivo, e o mesmo obxectivo é loitar e remar xuntos. A ver se o entenden

vostedes e empezaremos a arreglar as cousas. Mentres, seguiremos, ou seguirán máis ben, ou seguiremos todos pola súa culpa, perdendo o tempo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Para o turno de réplica ten a palabra a señora Quinteiro Araújo.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Teñen moitas ganas de remar xuntos, por iso fan campañas unilateralmente. Escócelles moito o da campaña en negro porque é unha campaña que verdadeiramente está participada e feita dende abaixo, e non é partidista en absoluto (*Murmurios.*) porque tamén hai concellos do Partido Popular. Non o saben, pero hai concellos do Partido Popular adheridos a esa campaña, por moito que intentaran boicoteala.

E non falamos de publicidade. Obviamente, eu non teño nin idea de publicidade, pero si que teño idea de perspectiva de xénero, e si que teño idea do que é o feminismo, e si que teño idea do que quere dicir esta campaña. E non o digo eu como experta de publicidade, non é unha cuestión de publicidade, de se me gusta máis o cartel ou se me gusta menos. É unha cuestión de que o cartel reproduce roles de xénero, é paternalista e cousifica as mulleres, e xa expliquei por que. Era unha maneira de falar, pero non debeu escoitar moi ben. Este lema, por exemplo, é máis sutil, pero no 8 de marzo directamente dicía: «Hai moitas cousas grandes. A máis grande son as mulleres». Na mesma frase. Eu penso que é unha cuestión bastante sinxela de entender: Hai cousas grandes. A máis grande, as mulleres. Cousas, mulleres. Non, non somos cousas.

Explíqueme por que ese lema non nos cousifica, e explíqueme por que non queren facer un mínimo de autocrítica e dicir: bueno, pois equivocámonos. Esta campaña veu e ao mellor non a revisamos o suficiente. En realidade teñen a perspectiva de xénero imposta. Ese é o problema fundamental, que saben que teñen isto imposto. E non son feministas, así teñen declaracións intolerables dalgunhas persoas, como xa se comentou aquí.

E non somos as máis grandes, somos as máis oprimidas. Iso é o que hai que visibilizar: que todas as mulleres sufrimos violencias machistas en todos os momentos da nosa vida e en todos os espazos. E iso non é dramatizar, non é facer luto, é visibilizar a realidade que por desgraza temos que vivir todos os días e en todos os espazos. Tamén dentro deste Parlamento. Ás veces deberíamos reflexionar sobre as actitudes paternalistas — si, moitas veces— que tamén teñen algúns deputados do Partido Popular.

E non, non somos patrimonio. Eu penso que as explicacións de por que hai que retirar a campaña son claras. Ningún obxectivo partidista. De feito, se a retiran... Xa retiraron a de «Dáme Galicia», pois fagan o mesmo. Digan: equivocámonos, esta campaña non está ben feita. Pois, sen máis, ímoslle dedicar este diñeiro...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Pero seguir empeñados en que todas as campañas de por si, porque digan que o obxectivo que perseguen é contra a violencia machista, van estar ben, parece un argumento simplista e bastante ridículo.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Quinteiro.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Brevemente, señora Quinteiro, se é que se dá conta. A nosa é unha campaña feita desde abaixo; a nosa é unha campaña que está moi ben; a nosa é unha campaña que ata os do PP a apoian. E, polo tanto..., *(A señora Quinteiro Araújo pronuncia palabras que non se perciben.)* Bueno, pois entón vostede non ten nada que ver con iso. É tan sincero como todo o que dixo ata o de agora aquí, entón. *(Risos.)*

Mire, ¿entón que quere dicir? ¿Que os que se adheriron á nosa campaña —hai moita xente— son todos do PP, polo tanto están todos equivocados porque disto non teñen nin idea e non teñen dereito nin a opinar? Esa é a construción que vostede fai dun tema... Se se escoitara de verdade, daríase conta de que ao final é a mensaxe que transluce: os listos están na nosa campaña, os sensibiles están na nosa campaña, e os que non teñen nin idea métese nas campañas dos outros, que non están feitas desde abaixo, están feitas para facer dano e están feitas para non acertar. ¿Dáse conta de que esa soberbia en temas tan sensibiles *(A señora Quinteiro Araújo pronuncia palabras que non se perciben.)* non leva absolutamente a nada?

Díxenlle antes que non sei que buscan... Sei que buscan: rédito electoral. *(A señora Quinteiro Araújo pronuncia palabras que non se perciben.)* Non sei que pensan que poden buscar. Téñoos tan claro que seguir falando disto —téñollo que dicir sinceramente— é perder o tempo nun tema no que non debiamos estar perdendo o tempo para nada. Polo tanto, por moito máis que diga, está todo dito.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor vicepresidente.

Rematada a orde do día, levantamos a sesión.

Remata a sesión ás tres e doce minutos da tarde.



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X leislatura
Serie Pleno
Número XXX

Sesión Plenaria
XX de mes de ano

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ágel Santalices Vieira

